BOP DEPUTACIÓN DE LUGO

SÁBADO, 3 DE ABRIL DE 2021 N.º 074

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución do 12 de marzo de 2021 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Palas de Rei. (Expediente IN407A 2021-01AT)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Peticionario: Unión Fenosa Distribución S.a.

- Domicilio Social: A Batundeira, 2. Velle. Ourense

- Denominación: "**LMTA, CTI Y RBTA CRUCEIRO, S/N (PALAS DE REI)** "

- Situación: concello de Palas de Rei

- Declaración Responsable: Si

- Características técnicas principais:

- LMT aérea a 20kV, con orixe no apoio n.º 9 existente da LMTA PAL-804 e final no CT Intemperie proxectado, cunha lonxitude de 22 metros de condutor tipo LA-56.
- CT Intemperie sobre apoio de celosia proxectado tipo C-FL-14/2000, cunha potencia de 50kVA e unha relación de transformación 20.000/400-230 V.

- Finalidade da instalación : Regulamentación de instalación

- Orzamento: 11.388,00 €

- Documentación complementaria:

- Separata para o Concello de Palas de Rei
- Separata para Deputación Provincial de Lugo
- Separata para Patrimonio Cultural

Esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan do Decreto 230/2020, de 23 de decembro, polo que se establece la estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve**:

En relación coa instalación de alta tensión, **conceder a autorización administrativa previa e de construción** a ditas instalacións sen prexuízo de terceiros e con independencia das autorizacións que sexan necesarias para a execución da obra por parte doutros órganos da Administración, condicionado ao cumprimento das seguintes condicións:

Primeira: As instalacións deberán axustarse na súa execución ao disposto no citado proxecto de execución, debendo realizarse a Dirección de Obra por técnico competente.

Segunda: O peticionario asegurará o mantemento e vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manterán as condicións regulamentarias de seguridade.

Terceira: En todo momento deberán cumprirse as normativas e directrices vixentes que sexan de aplicación, en particular, canto establece a lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico, o Real Decreto 223/2008, de 15 de febreiro, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas da alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, o Real Decreto 337/2014, de 9 de

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

maio, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias.

En relación coa **instalación de baixa tensión**, deberase seguir o disposto no artigo 18 do Real Decreto 842/2002 para a súa posta en servizo, así como na súa instrución ITC-BT-04, debendo achegar no seu momento, a documentación esixida con carácter previo á posta en servizo da instalación, para a súa revisión por esta Administración e posterior inscrición da instalación no correspondente rexistro.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 12 de marzo de 2021.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 0801

Anuncio

Resolución do 12 de marzo de 2021 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Becerreá e Baralla. (Expediente IN407A 2020-73AT)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Peticionario: Unión Fenosa Distribución S.A.

- Domicilio Social: A Batundeira, 2. Velle. Ourense

- Denominación: "**ADECUACIÓN DE LA RED DE MT PARA EL TENDIDO DE F.O. DE LMTA BCR803 (BARALLA Y BECERREÁ)**"

- Situación: concello de Becerreá e Baralla

- Declaración Responsable: Si

- Características técnicas principais:

- LMT aérea a 20kV BEC803, con orixe no apoio nº76 proxectado tipo C-16/1000 e final no apoio proxectado n.º 59-3 tipo C-14/1000, cunha lonxitude de 2.468 metros de condutor a retensar e novo tipo LA-100, LA-56 e PIGEON, tensado sobre apoios existentes e sete apoios novos de celosía.

- Finalidade da instalación : Regulamentación de instalación.

- Orzamento: 27.229,12 €

- Documentación complementaria:

- Separata para o Concello de Becerreá
- Separata para o concello de Baralla

Esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan do Decreto 230/2020, de 23 de decembro, polo que se establece la estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve**:

En relación coa instalación de alta tensión, **conceder a autorización administrativa previa e de construción** a ditas instalacións sen prexuízo de terceiros e con independencia das autorizacións que sexan necesarias para a execución da obra por parte doutros órganos da Administración, condicionado ao cumprimento das seguintes condicións:

Primeira: As instalacións deberán axustarse na súa execución ao disposto no citado proxecto de execución, debendo realizarse a Dirección de Obra por técnico competente.

Segunda: O peticionario asegurará o mantemento e vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manterán as condicións regulamentarias de seguridade.

Terceira: En todo momento deberán cumprirse as normativas e directrices vixentes que sexan de aplicación, en particular, canto establece a lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico, o Real Decreto 223/2008, de 15 de febreiro, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

eléctricas da alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, o Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 12 de marzo de 2021.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 0802

Anuncio

Resolución do 12 de marzo de 2021 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Becerreá. (Expediente IN407A 2020-64AT)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Peticionario: Unión Fenosa Distribución S.A.

- Domicilio Social: Batundeira, 2. Velle. Ourense

- Denominación: "**REGLAMENTACIÓN LMT TC BCR803/BCR/804/BCR805 APOYOS T3, T4 Y T5 (BECERREÁ)**"

- Situación: concello de Becerreá

- Declaración Responsable: Si

- Características técnicas principais:

- LMT aérea a 20kV, formada por tres circuitos, con orixe no apoio T1 existente tipo C-16/9000 e final no apoio T7 existente tipo HV-2-14/3A, cunha lonxitude de 507 metros de condutor tipo LA-110, tensado sobre tres novos apoios de celosía.
- LMT aérea a 20kV, con orixe no apoio T4 proxectado tipo C-18-4500 e final no CT Estación de servicio, cunha lonxitude de 31 metros en condutor tipo LA-56.
- LMT soterrada a 20kV, con orixe nun paso aéreo a soterrado ubicado no apoio proxectado T5 tipo C-18/4500 e final nun empalme proxectado coa LMTS BCR805 que alimenta oa CT Parque Empresarial, cunha lonxitude de 19 metros en condutor RHZ1-150mm.

- Finalidade da instalación : Regulamentación de instalación.

- Orzamento: 40.329,53 €

- Documentación complementaria:

- Separata para o Concello de Becerreá.
- Separata para o Ministerio de Transportes, Movilidade e Axenda Urbana.
- Separata para Telefónica.
- Separata para a Confederación Hidrográfica do Cantábrico.

Esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan do Decreto 230/2020, de 23 de decembro, polo que se establece la estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve**:

En relación coa instalación de alta tensión, **conceder a autorización administrativa previa e de construción** a ditas instalacións sen prexuízo de terceiros e con independencia das autorizacións que sexan necesarias para a execución da obra por parte doutros órganos da Administración, condicionado ao cumprimento das seguintes condicións:

Primeira: As instalacións deberán axustarse na súa execución ao disposto no citado proxecto de execución, debendo realizarse a Dirección de Obra por técnico competente.

Segunda: O peticionario asegurará o mantemento e vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manterán as condicións regulamentarias de seguridade.

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

Terceira: En todo momento deberán cumprirse as normativas e directrices vixentes que sexan de aplicación, en particular, canto establece a lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico, o Real Decreto 223/2008, de 15 de febreiro, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas da alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, o Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 12 de marzo de 2021.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 0803

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

INTERVENCIÓN

Anuncio

Aprobada inicialmente polo Pleno desta Corporación en sesión ordinaria celebrada o día trinta de marzo de dous mil vinte e un, a "Modificación do Orzamento da Deputación de 2021, vía Transferencia e Suplemento de crédito para PU2021", exponse ao público na Secretaría desta Entidade Provincial, por espazo de quince días, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; durante os cales admitiranse reclamacións e suxestións á mesma. Transcorrido dito prazo sen que se produzan reclamacións ou suxestións entenderase definitivamente aprobada.

Lugo, trinta de marzo de dous mil vinte e un.- **O PRESIDENTE**, José Tomé Roca. **A SECRETARIA**, María Esther Alvarez Martínez.

R. 0872

Anuncio

Aprobada inicialmente polo Pleno desta Corporación en sesión ordinaria celebrada o día trinta de marzo de dous mil vinte e un, a "Modificación do Orzamento da Deputación de 2021, vía Suplemento de crédito", exponse ao público na Secretaría desta Entidade Provincial, por espazo de quince días, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; durante os cales admitiranse reclamacións e suxestións á mesma. Transcorrido dito prazo sen que se produzan reclamacións ou suxestións entenderase definitivamente aprobada.

Lugo, trinta de marzo de dous mil vinte e un.- **O PRESIDENTE**, José Tomé Roca. **A SECRETARIA**, María Esther Alvarez Martínez.

R. 0873

CONCELLOS

MONDOÑEDO

Anuncio

APROBACION DEFINITIVA DE DECLARACION DE NECESIDADE DE OCUPACION E FIXACION DO XUSTIPREZO, (ENTRE AS RUAS CAMIÑO DE RIO DE SIXTO E A RUA RIGUEIRA, CONCELLO DE MONDOÑEDO).

O Pleno da Corporación do Concello de Mondoñedo, na sesión celebrada o día 26 de marzo de 2021, adoptou o seguinte acordo:

APROBAR definitivamente a declaración de necesidade de ocupación e fixar definitivamente o xustiprezo das parcelas segundo o seguinte cadro:

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

	Propietarios	Natureza do solo	Superficie a expropiar	Xustiprezo
2597001PJ3029N0001QT 2597002PJ3029N0001PT	Amelia Díaz González (1/7) Dolores Díaz González (1/7) María Carmen Díaz González (1/7) José Orlando Díaz González (1/7) Francisco Manuel Díaz González (1/7) Angélica Concepción González Díaz (1/7) Ana Consuelo González Márquez (1/14) Darío José González Márquez (1/14)	Suelo urbano consolidado	153	5814 euros

O presente acto administrativo pon fin á vía administrativa, contra o que poderá interpoñer recurso de reposición perante o Pleno da Corporación no prazo dun mes a contar dende a presente publicación, ou ben recurrilo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Lugo no prazo de dous meses, a contar dende a mesma data.

Mondoñedo, 29 de marzo de 2021.- O Alcalde, Manuel Angel Otero Legide.

R. 0834

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO-ARTÍSTICO DE MONFORTE DE LEMOS.

NORMATIVA.

ÍNDICE

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CAPITULO I. NATUREZA, MARCO LEGAL E ÁMBITO

Art. 1. Natureza

Art. 2. Marco Legal

Art. 3. Ámbito

Art. 4. Vixencia e Revisión

Art. 5. Relación coa lexislación de Protección do Patrimonio Cultural de Galicia

Art. 6. Relación coas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal

Art. 7. Alcance Normativo dos Documentos

TÍTULO II. DESENVOLVEMENTO, EXECUCIÓN E XESTIÓN DO PLAN ESPECIAL

CAPITULO I. DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN

Art. 8. Competencias

Art. 9. Instrumentos

Art. 10. Dos Estudos de Detalle

Art. 11. Documentación dos Estudos de Detalle

Art. 12. Tramitación dos Estudos de Detalle

Art. 13. Dos Proxectos de Urbanización e de Obras Ordinarias

Art. 14. Obxecto, alcance e características xerais dos Proxectos de Urbanización

Art. 15. Contido mínimo dos Proxectos de Urbanización

Art. 16. Tramitación dos Proxectos de Urbanización e de Obras Ordinarias

Art. 17. Dos Proxectos de Rehabilitación do Espazo Urbano

Art. 18. Tramitación dos Proxectos de Rehabilitación do Espazo Urbano

Art. 19. Dos proxectos de intervención na edificación

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

Art. 20. Obras nas edificacións existentes
Art. 21. Obras de demolición
Art. 22. Obras de nova edificación
Art. 23. Documentación dos proxectos de intervención nos edificios existentes
Art. 24. Documentación específica dos proxectos de obra de demolición
Art. 25. Documentación dos proxectos de obras de nova edificación
Art. 26. As Áreas de Rehabilitación
Art. 27. Obrigas dos propietarios de terreos
TÍTULO III. CONDICIÓNS DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO E AMBIENTAL
CAPÍTULO I. DEBERES XERAIS DE CONSERVACIÓN DOS INMOBLES
Art. 28 Obrigas xerais dos propietarios para a conservación dos inmobles
Art. 29. Condicións mínimas de seguridade, salubridade e ornato das edificacións
Art. 30. Colaboración da Administración na conservación dos inmobles
Art. 31. Obrigas particulares dos propietarios para a conservación e adecuación dos edificios
Art. 32. Obras de interese arquitectónico, histórico ou ambiental de carácter ordinario
Art. 33 Obras de interese arquitectónico de carácter extraordinario
Art. 34. Ordes de execución de obras de conservación
Art. 35. Ordes de execución de obras de interese arquitectónico
Art. 36. Procedemento para a execución de obras de interese arquitectónico de carácter extraordinario
Art. 37. Execución subsidiaria das obras
CAPITULO II. SUPOSTOS DE DECLARACIÓN DE RUÍNA E DEMOLICIÓN DAS EDIFICACIÓNS
Art. 38. Edificios en estado ruinoso
Art. 39. Condicións para a demolición
Art. 40. Sancións en caso de derruba de edificios protexidos
CAPITULO III.CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO
Art. 41. Zonificación Arqueolóxica
Art. 42. Cautela Arqueolóxica
Art. 43. Tramitación. Solicitudes de Licenza Municipal
Art. 44. Tramitación. Conservación e posta en valor do patrimonio arqueolóxico
Art. 45. Tramitación simplificada
CAPITULO IV.CONSERVACIÓN DO MEDIO AMBIENTE URBANO
Art. 46. Conservación e reforma de elementos visibles
Art. 47. Protección dos elementos singulares do espazo público
Art. 48. Limitacións á publicidade exterior
Art. 49. Protección do arboredo
Art. 50. Instalacións eléctricas, telefónicas e demais cableados
Art. 51. Mobiliario urbano
TITULO IV. TIPIFICACIÓN DAS INTERVENCIÓNS NA EDIFICACIÓN
CAPITULO I. **INTERVENCIÓNS** XERAIS NOS EDIFICIOS EXISTENTES
Art. 52. Tipo de intervencións e obras nos edificios
Art. 53. Intervencións de mantemento
Art. 54. Intervencións de conservación

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

Art. 55. Intervencións de consolidación

Art. 56. Intervencións de restauración

Art. 57. Intervencións de rehabilitación

Art. 58. Actuacións de reestruturación

Art. 59. Actuacións de ampliación

CAPITULO II. INTERVENCIÓNS PARCIAIS NOS EDIFICIOS EXISTENTES

Art. 60. Intervencións de adecuación arquitectónica de fachadas e elementos exteriores

Art. 61. Actuacións de adecuación de fachadas e elementos exteriores de locais en planta baixa

Art. 62. Actuacións parciais de rehabilitación de pisos e locais

CAPITULO III. ACTUACIÓNS DE DEMOLICIÓN E NOVA EDIFICACIÓN

Art. 63. Actuacións de demolición

Art. 64. Actuacións de nova edificación

TITULO V. REGULACIÓN DO PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO

CAPITULO I. CLASIFICACIÓN DO PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO

Art. 65. Clasificación xeral

Art. 66. Patrimonio arquitectónico catalogado

Art. 67. Caracteres determinantes do edificio a efectos da súa catalogación

Art. 68. Clasificación do patrimonio arquitectónico catalogado

Art. 69. Elementos desconformes en edificios catalogados

Art. 70. Patrimonio arquitectónico non catalogado

Art. 71. A conservación do patrimonio arquitectónico non catalogado

CAPITULO II. ACTUACIÓNS AUTORIZADAS NO PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO CATALOGADO

Art. 72. Determinacións xerais

Art. 73. Documentación para a intervención no edificio

Art. 74. Autorización de intervencións xerais

Art. 75. Actuacións en edificios monumentais (Nivel 1)

Art. 76. Actuacións en edificios de excepcional significación arquitectónica, histórica e cultural de protección integral.(Nivel 2)

Art. 77. Actuacións en edificios de características singulares e de elevado valor arquitectónico, de protección estrutural. (Nivel 3)

Art. 78. Actuacións en edificios de características tipolóxicas e compositivas de significación arquitectónica e ambiental (Nivel 4)

CAPITULO III. ACTUACIÓNS AUTORIZADAS NO PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO NON CATALOGADO

Art. 79. Determinacións xerais

Art. 80. Documentación para a intervención no edificio

Art. 81. Actuación en edificios non catalogados

TITULO VI. NORMAS XERAIS DA EDIFICACIÓN

CAPITULO I. CONDICIÓNS XERAIS DE VOLUME

Art. 82. Contido

Art. 83. Aliñacións

Art. 84. Rasantes

Art. 85. Parcela

Art. 86. Unións funcionais

Art. 87. Fondo edificable

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

Art. 88. Superficie ocupada
Art. 89. Soportais
Art. 90 Altura da edificación
Art. 91. Medición de alturas
Art. 92. Determinación de alturas
Art. 93. Correspondencia entre altura e número de plantas
Art. 94. Cuberta e construcións por riba da altura máxima de cornixa
Art. 95. Plantas da edificación
Art. 96. Planta ático
Art. 97. Planta baixa
Art. 98. Planta piso
Art. 99. Voos da edificación
Art. 100. Entrantes
CAPITULO II. CONDICIÓNS XERAIS DE ESTÉTICA URBANA
Art. 101. Definición e ámbito
Art. 102. Fachadas
Art. 103. Acabados e materiais de fachada
Art. 104. Acabados de enfuscado e revoco
Art. 105. Acabados mixtos de pedra e revoco
Art. 106. Acabados en pedra vista
Art. 107. Medianeiras e pinches vistos
Art. 108. Composición e ocos de fachada
Art. 109 Características dos ocos de fachada
Art. 110. Composición e acabados en plantas baixas
Art. 111. Adicións de planta
Art. 112. Carpintería exterior de ocos de fachada
Art. 113. Enreixados
Art. 114. Beirados e cornixas
Art. 115. Cubertas. Forma e materiais
Art. 116. Canos e baixantes de pluviais e de cableado
Art. 117. Chemineas e condutos de ventilación
Art. 118. Antenas
Art. 119. Portadas e escaparates de locais
Art. 120. Toldos e marquesiñas
Art. 121. Rótulos e anuncios en planta baixa
Art. 122. Rótulos en bandeirola
Art. 123. Rótulos e anuncios en plantas altas
CAPITULO III.NORMAS XERAIS DE USO
Art. 124. Tipos de usos
Art. 125. Clasificación dos usos
Art. 126. Regulación do uso residencial comunitario
Art. 127. Regulación do uso hoteleiro
Art. 128. Regulación do uso comercial

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

Art. 129. Regulación do uso oficinas
Art. 130. Regulación do uso industrial
Art. 131. Regulación do uso garaxe-aparcadoiro e servizo do automóbil
Art. 132. Regulación dos restantes usos
Art. 133. Regulación dos usos existentes
CAPITULO IV.CONDICIÓNS HIXIÉNICO-SANITARIAS, DE HABITABILIDADE E ACCESIBILIDADE
Art. 134. Aplicación
Art. 135. Condicións mínimas de habitabilidade
Art. 136. Protección contra incendios
Art. 137. Condicións mínimas de accesibilidade
TITULO VII. DAS LICENZAS MUNICIPAIS
CAPITULO I. LICENZAS
Art. 138. Actos de edificación e uso do solo
Art. 139. Licenzas en edificios ou conxuntos catalogados
TITULO VIII. NORMAS PARTICULARES DE ZONA
CAPITULO I. ORDENANZAS REGULADORAS TIPO
Art. 140. Ordenanza do Recinto Intramuros (R.I.)
Art. 141. Ordenanza de Áreas Urbanas Históricas Inmediatas (A.U.)
Art. 142. Ordenanza de Lineais Históricos Periféricos (L.H.)
Art. 143. Ordenanza de Vivenda Unifamiliar (V.U.)
CAPITULO II. ORDENACIÓN DE SISTEMAS
Art. 144. Ordenanza de equipamento e dotacións
Art. 145. Ordenanza de Espazos Libres e Zonas Verdes Públicas
Art. 146. Regulación do viario público
TITULO IX. CONDICIÓNS DA URBANIZACIÓN
Art. 147. Obxecto e contido
CAPITULO I. CONDICIÓNS DA REDE VIARIA
Art. 148 Pavimentación
Art. 149. Arboredo
Art. 150. Sinalización e mobiliario urbano
Art. 151. Condicións de accesibilidade
CAPITULO II. CONDICIÓNS DAS REDES DE INFRAESTRUTURAS
Art. 152. Abastecemento de auga
Art. 153. Saneamento
Art. 154. Electricidade
Art. 155. Iluminación pública
Art. 156. Telefonía e telecomunicacións
Art. 157. Galería de servizos
CAPITULO III.CONDICIÓNS DO AXARDINAMENTO
Art. 158. Proxectos de xardinería
DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

ANEXO.

ORDENANZAS "CA: CASCO ANTIGUO" E "RC: RESIDENCIAL CERRADA" DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DE MONFORTE DE LEMOS, DE APLICACIÓN NAS ZONAS DE RESPECTO DO BIC

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CAPÍTULO I. NATUREZA, MARCO LEGAL E ÁMBITO

Art. 1. Natureza

O Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico de Monforte de Lemos desenvolve as determinacións da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia (no sucesivo L.P.C.G.), que no seu artigo 55 establece a obrigatoriedade da súa redacción.

Art. 2. Marco Legal

O marco legal do Plan Especial é o definido pola Lei 2/2016 do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (no sucesivo L.S.G.). As súas determinacións e documentos son os propios dos plans especiais a que se refire a sección 3ª do Capítulo V título II da L.S.G.

Art. 3. Ámbito

O ámbito de aplicación do Plan Especial é o definido como Conxunto Histórico-Artístico no Decreto 187/2005 do 18 de xuño, polo que se modifica o Decreto de 22 de febreiro de 1973, incorporando as áreas de contorno de protección de Carude, Ramberde, Praza do Piñeiro e as Ribeiras do Cabe, tal e como se recolle en planos de ordenación.

Art. 4. Vixencia e Revisión

O Plan Especial non entrará en vigor ata que se produza a publicación no Diario Oficial de Galicia dos textos íntegros do acordo de aprobación definitiva nas condicións establecidas no artigo 82.2. L.S.G., da normativa urbanística no Boletín Oficial da Provincia, a súa inscrición no Rexistro do Planeamento Urbanístico de Galicia, e teña transcorrido o prazo previsto no art. 65.2 en relación ao art. 70.2. da "Ley 7/85 de 2 de abril de las Cortes Generales", e no art. 217 da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

A súa vixencia será indefinida en tanto non sexa revisado como consecuencia das determinacións do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Monforte de Lemos, sen prexuízo das modificacións a que houbera lugar.

As modificacións do plan regularanse polo establecido no art. 83 L.S.G.

Art. 5. Relación coa lexislación de Protección do Patrimonio Cultural de Galicia

Atendendo á declaración de Conxunto Histórico-Artístico, mediante Decreto 187/2005 da Consellería de Cultura e Turismo, o presente documento ten o carácter dun Plan Especial de Protección dos previstos no Capítulo III do Título III da L.P.C.G., sendo de aplicación as normas previstas nela. A tal efecto o Plan establece as determinacións e recomendacións previstas no artigo 56 da citada Lei.

Art. 6. Relación coas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal

Serán de aplicación as vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Monforte de Lemos nas parcelas situadas nas Zonas de Respecto do BIC incorporadas ao ámbito do Plan Especial, e cualificadas como de Casco Antigo e Residencial Pechada, manténdose os parámetros e condicións de edificación establecidas nas mesmas, sen prexuízo do cumprimento das normas xerais establecidas na presente normativa e das posibles reordenacións volumétricas establecidas en planos de ordenación do presente Plan Especial, formuladas en atención ao mantemento dos valores arquitectónicos e ambientais que se pretenden protexer. Igualmente operarán como ordenanzas de referencia ao interior do ámbito BIC na edificación non catalogada conforme ao establecido en alzados de ordenación.

Art. 7. Alcance Normativo dos Documentos

O alcance normativo do Plan Especial deriva do contido dos documentos que o integran: Ordenanzas e Normas Reguladoras, Planos Normativos de Ordenación, Catálogo de Protección, Estudo Económico Financeiro, Programa de Actuación e Memoria Xustificativa da Ordenación.

O Catálogo de Protección terá o carácter de documento aberto, sendo susceptible de incorporación de novos elementos no proceso de desenvolvemento e execución do Plan Especial, co procedemento previsto na lexislación vixente. Neste sentido non se considerará modificación do Plan Especial a corrección ou ampliación da catalogación de elementos como resultado da inspección previa a calquera intervención regulada na presente Normativa, sempre que dita corrección ou ampliación non supoña alteración do nivel de catalogación unitaria establecido no ficheiro individualizado, e si perfeccionamento da mesma.

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

TÍTULO II. DESENVOLVEMENTO, EXECUCIÓN E XESTIÓN DO PLAN ESPECIAL

CAPÍTULO I. DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN

Art. 8. Competencias

1. Correspóndelle ao Concello de Monforte de Lemos o desenvolvemento e execución do Plan Especial, nas condicións establecidas no artigo 58 L.P.C.G., sen prexuízo da participación dos particulares conforme ao establecido nas Leis e na Normativa do presente Plan.

2. A Administración Autonómica e, de ser o caso, os organismos da Administración Central, dentro das súas respectivas atribucións e obrigas, cooperarán co Concello de Monforte de Lemos para a consecución dos obxectivos propostos polo Plan, sen prexuízo da atribución competencial de cada Administración no que respecta á conservación e promoción do enriquecemento do patrimonio histórico. As actuacións que se prevexan nos monumentos declarados B.I.C., os plans directores e proxectos integrais de conservación, ou calquera outra actuación neles, deberán contar coa autorización do organismo competente da Xunta de Galicia.

   Así mesmo, e segundo o establecido no artigo 34 L.P.C.G., será necesario o informe preceptivo e vinculante da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para a aprobación de calquera instrumento de planeamento urbanístico que desenvolva o presente Plan Especial:

Art. 9. Instrumentos

Para o desenvolvemento e execución das determinacións do Plan Especial redactaranse os correspondentes Estudos de Detalle, Proxectos de Urbanización e de Obras Ordinarias, Proxectos de Rehabilitación do Espazo Urbano e Proxectos de Intervención.

Art. 10. Dos Estudos de Detalle

1. En xeral poderán redactarse Estudos de Detalle cando resulte necesario completar ou adoptar determinacións do plan en casos de imprecisión ou si se suscita a necesidade de producir o sinalamento ou reaxuste de aliñacións e rasantes ou a ordenación dos volumes, de acordo sempre coas especificacións do plan.

2. Con ocasión da adaptación ou reaxuste de aliñacións e rasantes non se poderán alterar as existentes mantidas polo Plan, nin proceder á apertura de novas vías que non estean previstas no mesmo.

3. Os Estudos de Detalle nos que se poida modificar a configuración de volume respecto do definido no presente documento, deberán contar con informe do organismo competente da Xunta de Galicia.

5. Será obrigatoria a redacción dun Estudo de Detalle no ámbito das seguintes parcelas:

   . ED-3, abrangue a parcela 06 do cuarteirón 20900, e ten por obxecto completar a edificabilidade na parcela que acolle a edificación catalogada. Establécese unha altura máxima de edificación de baixo e dúas plantas cunha superficie máxima edificable de 340 m^2, a maiores do correspondente á edificación catalogada, que deberá adosarse á medianeira da edificación colindante.

   . ED-4, abrangue as parcelas 06, 07, 08, 09, 10 e 11 do cuarteirón 27900, é obxecto a acadar a estrutura lineal sobre a rúa Real, mediante a ordenación dun volume máximo de 1 m^2/m^2 que na súa disposición haberá de garantir a visión sobre a muralla, cunha altura máxima de edificación de baixo e dúas plantas.

   . ED-5, abrangue as parcelas 08 e 55 do cuarteirón 23920, e ten por obxecto garantir a permanencia das visuais da torre da Fortaleza dende a rúa Doutor Casares. Establece un aproveitamento máximo de 1 m^2/m^2 cunha altura máxima de baixo e unha planta.

   . ED-6, abrangue as parcelas 01, 02 e 03 do cuarteirón 21840, e ten por obxecto ordenar o remate de cuarteirón con fronte ao Campo da Compañía, recuperando os valores patrimoniais das edificacións catalogadas e parcialmente derrubadas. Establécese unha edificabilidade máxima de 2,5 m^2/m^2 e unha altura tamén máxima de baixo e dúas plantas.

6. Nos ámbitos de Ordenanza Residencial Cerrado e Casco Antigo das vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal poderá resolverse mediante Estudo de Detalle o incremento de volume das edificacións existentes, resultante das condicións de aproveitamento de ditas ordenanzas, mediante unha maior ocupación da parcela.

7. Nos ámbitos dos Estudos de Detalle establécese a posibilidade de alteración da estrutura catastral actual, agregación ou segregación parcelaria, determinación recollida no plano de ordenación 2 de Codificación.

Art. 11. Documentación dos Estudos de Detalle

Desenvolvendo os documentos previstos na L.S.G., os Estudos de Detalle conterán a seguinte documentación, atendendo ao seu específico obxecto:

a) Planos de ordenación xeral de volumes e aliñacións a escala mínima 1:250 con indicación dos usos previstos. Nos espazos públicos diferenciaranse as superficies destinadas aos distintos usos (calzada, estacionamento, beirarrúas, paseos, etc.) e, de ser o caso, o esquema de axardinamento.

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

b) Planos de definición de rasantes e das determinacións dos espazos públicos, incluídos espazos libres públicos e itinerarios peonís, que garantan as condicións de accesibilidade requiridas.

c) Definiranse alzados esquemáticos de fachadas, así como normas e recomendacións respecto da composición e tratamento das mesmas, en desenvolvemento das normas establecidas ao respecto polo presente Plan Especial e das que se expresen nas distintas Normas Particulares de Zona.

d) Perspectivas ou maquetas que reflictan con claridade a ordenación proposta, a escala mínima 1/250.

e) Plano a escala 1/500 no que se reflicta a integración da ordenación no seu contorno inmediato.

f) Xustificación da ordenación volumétrica das edificacións e dos usos previstos para as mesmas.

g) Cadro de características indicando os diferentes parámetros dimensionais de ordenación volumétrica e edificatoria.

h) Xustificación da cumprimentación da normativa relativa á accesibilidade e á eliminación de barreiras arquitectónicas, na medida en que resulte de aplicación.

Art. 12. Tramitación dos Estudos de Detalle

A tramitación dos Estudos de Detalle axustarase ao disposto no artigo 80 da L.S.G. e no artigo 34 da L.P.C.G.

Art. 13. Dos Proxectos de Urbanización e de Obras Ordinarias

1. A execución material das determinacións do Plan Especial no relativo ás obras de urbanización, realizarase mediante proxectos técnicos, que, segundo o seu obxecto, incluiranse nalgunha das seguintes clases:

   a) De urbanización. Que desenvolverán integralmente tódalas determinacións que o planeamento prevexa en canto as obras de urbanización, tales coma vialidade, abastecemento de auga, rede de sumidoiros, enerxía eléctrica, alumado, xardinería e outras análogas.

   b) De obras ordinarias. Cando desenvolva tan só parcialmente as obras de urbanización previstas no planeamento.

2. As disposicións contidas nos artigos seguintes referidos ao contido do proxecto de urbanización serán de aplicación aos proxectos de obras ordinarias en todos os aspectos que lles afecten, en razón do seu obxecto, estando en calquera caso ao establecido no artigo 96 da L.P.C.G.

Art. 14. Obxecto, alcance e características xerais dos Proxectos de Urbanización

1. Os Proxectos de Urbanización teñen por obxecto a definición técnica precisa para a realización das obras de acondicionamento urbanístico do solo, en execución do determinado polo planeamento.

2. Non poderán modificar as previsións do planeamento que desenvolvan sen prexuízo de que poidan efectuarse adaptacións, esixidas pola execución material das obras nin, en ningún suposto, conter determinacións sobre ordenación e réxime do solo ou da edificación.

Art. 15. Contido mínimo dos Proxectos de Urbanización

1. Os Proxectos de Urbanización estarán constituídos polos documentos necesarios para a completa definición executiva das obras comprendidas, co detalle e complementos que requira, incorporando:

   a) Memoria descritiva do estado actual, con antecedentes dos elementos existentes, características dos materiais e sistemas construtivos, así como dos servizos urbanísticos e o seu estado.

   b) Memoria descritiva e xustificativa da solución proposta, definindo os criterios de intervención e a normativa aplicable, incluíndo referencia expresa á cumprimentación da normativa de accesibilidade.

   c) Memoria de construción, materiais e oficios, definindo todas e cada unha das características dos materiais, as técnicas construtivas utilizadas e a orde de realización dos traballos.

   d) Definición pormenorizada dos elementos existentes especialmente daqueles sobre os que se vai intervir, substituír ou restaurar e nese sentido a información reflectirá calquera dato necesario para a súa posterior reposición. Se fora necesario, coma no caso, por exemplo, dos pavimentos, definiranse despeces, trazados, características, elementos a reutilizar, plano de numeración de pezas e forma de desmontaxe, etc.; a escala mínima 1:100.

   e) Definición pormenorizada de todos os elementos con plantas, alzados, seccións de cada un deles e a súa relación ou incrustación no ámbito de intervención, prestando especial atención ao seu acoplamento topográfico e incluíndo por tanto unha definición pormenorizada de perfís e acoutacións verticais e horizontais que acrediten unha perfecta execución.

   f) Detalles construtivos precisos con escalas mínimas de 1:10 a 1:1 segundo o elemento a definir precisando a composición dos elementos complementarios, sistemas de encontro con outros materiais ou elementos do ámbito.

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

2. Os proxectos estarán redactados de modo que permitan a persoas distintas aos autores a dirección e execución das obras, as cales formarán un conxunto terminado, de modo que o seu funcionamento sexa completo.
3. Cada proxecto deberá ir datado e asinado por facultativo competente, sobre o que recaerá a responsabilidade do proxecto e da súa adecuación ao planeamento antecedente.

Art. 16. Tramitación dos Proxectos de Urbanización e de Obras Ordinarias

Os proxectos de urbanización tramitaranse e aprobaranse conforme ao establecido no art. 96.3 da L.S.G. Os proxectos de obras ordinarias seguirán o trámite previsto na normativa do ente interesado.

En calquera caso, estarase ao establecido no art. 96 da L.P.C.G.

Art. 17. Dos Proxectos de Rehabilitación do Espazo Urbano

1. Para procurar a mellora do ambiente urbano, o Concello de Monforte de Lemos no marco das súas competencias, poderá redactar proxectos de rehabilitación do espazo urbano.
2. Este tipo de proxectos terán por finalidade a adecuación dos espazos libres públicos e das fachadas e elementos exteriores dos edificios que os configuran.

   Os proxectos de rehabilitación do espazo urbano terán o contido dun proxecto de urbanización ou de obras ordinarias, segundo o alcance da intervención no espazo público; e terán o contido dun proxecto de edificación co alcance que corresponda ao grao de intervención proposto sobre fachadas e demais elementos exteriores dos edificios.
3. Aprobado o proxecto de rehabilitación do espazo urbano, o Concello poderá esixir aos propietarios a execución das súas determinacións para as edificacións, mediante a emisión de ordes de execución de obras, asumindo os compromisos económicos pertinentes nos casos de obras que excedan dos deberes da propiedade, de acordo co previsto no artigo 135 da L.S.G.

Art. 18. Tramitación dos Proxectos de Rehabilitación do Espazo Urbano

A tramitación e aprobación dos proxectos de rehabilitación do espazo urbano será a prevista para os proxectos de urbanización ou de obras ordinarias, dependendo do contido da intervención proposta no espazo público.

Art. 19. Dos proxectos de intervención na edificación

Os proxectos de intervención, haberán de conter aquela documentación que se establece neste capítulo.

Para os efectos da súa regulación, as obras de edificación integraranse nos grupos seguintes:

a) Obras nos edificios existentes.

b) Obras de demolición.

c) Obras de nova edificación.

Art. 20. Obras nas edificacións existentes

Segundo o tipo de intervención á que se refiran, as obras nos edificios existentes poderán ser:

a) De Mantemento.

b) De Conservación.

c) De Consolidación.

d) De Restauración.

e) De Rehabilitación.

f) De Reestruturación.

g) De Ampliación.

h) De Adecuación de fachadas e elementos exteriores.

Art. 21. Obras de demolición

Segundo supoñan ou non a total desaparición do edificado, as obras serán:

a) De demolición total.

b) De demolición parcial.

Art. 22. Obras de nova edificación

Segundo o tipo de intervención distinguiranse as seguintes obras:

a) De reconstrución.

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

b) De substitución.

c) De nova planta.

Art. 23. Documentación dos proxectos de intervención nos edificios existentes

1. Os proxectos referidos a actuacións en construcións existentes comprenderán a documentación esixida polas regulamentacións técnicas xerais aplicables en cada caso, e polas particulares de carácter municipal e ademais a seguinte documentación xeral:

   a) Documentación fotográfica, referida ao edificio no seu conxunto e aos seus elementos máis característicos, con especial detalle das partes afectadas polas obras.

   b) Levantamento a escala mínima 1:100 dos estados actuais das plantas, fachadas, cubertas e demais elementos do edificio nos que se prevexa a execución de obras que vaian máis aló das estrictas de conservación, con indicación das zonas de intervención.

   c) Se as obras afectaran a fachadas ou cubertas do edificio, integración do alzado existente e -de ser o caso- o proposto, cando menos na fronte de rúa a escala mínima 1:250.

   d) Descrición dos danos e deficiencias do edificio, reflectida en planos e aportando -de ser o caso- fotografías correspondentes.

   e) Descrición dos usos existentes e do estado de ocupación do edificio.

   f) Xustificación de que as obras proxectadas se axustan á Normativa do Plan Especial e á particularizada do edificio.

   g) Planos de proxecto -de ser o caso- a escala 1:100.

   Cando os edificios estean suxeitos a protección individualizada no Catálogo do Plan Especial, esixirase a seguinte documentación adicional:

   a) Memoria histórica, describindo e documentando as características orixinais e a evolución do edificio, co grao de desenvolvemento e precisión adecuados ao valor histórico do mesmo e ao tipo de actuación que se proxecte.

   b) Xustificación da conservación, restauración ou reposición dos elementos construtivos ou ornamentais orixinais de interese, con documentación gráfica de suficiente precisión e proposta metodolóxica de intervención, mantemento e conservación preventiva.

   c) Memoria final que documente todo o proceso levado a cabo en cada unha das súas fases e para todas as disciplinas aplicadas.

2. Nos supostos de actuación que afecte a fachadas ou a outros elementos exteriores, con independencia do tipo de obra que se proxecte, aportarase a documentación escrita e gráfica suficiente para a correcta definición das obras, incluíndo:

   a) Memoria de acabados exteriores, con indicación de texturas, calidades e cor dos mesmos.

   b) Detalles das solucións de carpintería, cerrallería e elementos construtivos ou ornamentais da fachada, cando se prevexa a substitución ou reposición dos mesmos, a escala mínima 1:20. No caso de proxectarse galerías detallaranse alzados a escala mínima 1:20, con detalles construtivos a escala mínima 1:10.

   c) Detalle de elementos da cuberta, como bufardas ou chemineas, cando se prevexa a substitución dos mesmos, a escala mínima 1:20.

   d) Xustificación da supresión, no seu caso, de elementos desconformes coa composición arquitectónica do edificio.

Art. 24. Documentación específica dos proxectos de obras de demolición

Ademais da documentación técnica regulamentariamente esixible, os proxectos de demolición incluirán documentación adecuada para poder estimar a súa necesidade ou conveniencia e, de ser o caso, testemuña fotográfica do edificio ou parte do mesmo a demoler.

Art. 25. Documentación dos proxectos de obras de nova edificación

Os proxectos de nova edificación comprenderán a documentación esixida polas regulamentacións técnicas xerais aplicables en cada caso, e polas particulares de carácter municipal, e, ademais, a seguinte documentación xeral:

a) Alzado da nova edificación integrado na fronte do cuarteirón, a escala mínima 1:250.

b) Memoria de acabados exteriores, con indicación de texturas, calidades, e cor dos mesmos.

c) Detalle de solucións de carpintería, cerrallería exterior e elementos construtivos ou ornamentais de fachada a escala mínima 1:20. En caso de proxectarse galerías, detallaranse alzados e sección das mesmas, a escala

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

1:20, con detalles construtivos a escala mínima 1:10. Detalles de elementos de cuberta a escala mínima de 1:20.

Nas Áreas de Remodelación Urbana autorízanse as agregacións parcelarias.

Art. 26. As Áreas de Rehabilitación

A declaración de Área de Rehabilitación aprobada por acordo do Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, de 25 de abril de 2003, e ampliada mediante resolución de 22.07.2015, manterá a súa vixencia sen prexuízo das modificacións e novas delimitacións que poida solicitar o Concello de Monforte de Lemos no ámbito do Plan Especial unha vez se produza a súa definitiva aprobación.

Art. 27. Obrigas dos propietarios de terreos

1. Os propietarios de terreos, en tanto titulares de solo urbano, veñen obrigados a custear e -de ser o caso- executar os complementos de urbanización, a solicitar a licenza de edificación e a edificar os solares na forma e nos prazos previstos pola lexislación vixente.
2. Dentro do ámbito do Plan Especial establécese a protección integral da súa estrutura parcelaria polo que os terreos só poderán agregarse, segregarse ou parcelarse nas condicións previstas no presente Plan Especial.

TÍTULO III. CONDICIÓNS DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO E AM+BIENTAL

CAPÍTULO I. DEBERES XERAIS DE CONSERVACIÓN DOS INMOBLES

Art. 28. Obrigas xerais dos propietarios para a conservación dos inmobles

1. Os propietarios de edificacións, terreos, construcións, carteis e instalacións deberán destinalos efectivamente ao uso previsto no planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, habitabilidade e ornato público, de acordo co establecido no art. 135 da L.S.G. e art. 32 da L.P.C.G.
2. Consideraranse contidos neste deber xeral de conservación os seguintes tipos de obras:
   a) Os traballos e obras necesarios para asegurar o correcto uso e funcionamento dos servizos e elementos propios das construcións e a reposición habitual das súas compoñentes.
   b) As obras que, sen exceder no seu custo de execución do cincuenta por cento (50%) do valor actual do inmoble, repoñan as construcións e instalacións ás súas condicións anteriores de seguridade e salubridade, reparando ou consolidando os elementos danados que afecten á súa estabilidade ou sirvan ao mantemento das súas condicións básicas de uso, e igualmente aquelas que teñan por obxecto dotar ao inmoble das condicións mínimas de seguridade, salubridade e ornato definidas no artigo seguinte.
3. Dado o carácter de Ben de Interese Cultural do Conxunto Histórico do Barrio de Monforte de Lemos, no seu ámbito e na súa área de contorno de protección, os propietarios, e de ser o caso os titulares de dereitos reais ou posuidores de edificacións e instalacións, deberán conservalos, mantelos e custodialos de acordo co grao de protección establecido polo Plan Especial, en desenvolvemento da L.P.C.G.
4. En todo caso os propietarios estarán suxeitos ao cumprimento das normas sobre protección do medio ambiente e dos patrimonios arquitectónico e arqueolóxico, debendo proceder á rehabilitación dos edificios nos casos e nas condicións que estableza o Plan Especial.
5. As administracións competentes cooperarán á conservación dos bens catalogados cando tales obras excederán dos limites do deber de conservación.

Art. 29. Condicións mínimas de seguridade, salubridade e ornato das edificacións

Para os efectos previstos no artigo anterior, consideraranse condicións mínimas de seguridade, salubridade e ornato as seguintes:

a) Condicións de seguridade.

   Os elementos estruturais verticais e horizontais, forxados e outros deberán garantir a súa función resistente, de acordo co seu sistema estrutural e construtivo específico e condicións de uso do edificio.

   As cubertas e cerramentos posuirán unhas adecuadas condicións de estanquidade.

   Os revestimentos de fachadas, os beirados e cornixas, saíntes de balcóns, galerías e outros elementos exteriores, manteranse en bo estado de conservación, garantindo a seguridade de persoas e bens.

   As redes de acceso: portal, escaleiras e demais elementos posuirán unhas adecuadas condicións de resistencia e seguridade.

   Os elementos de protección contra caídas, como balaústres e outros, deberán encontrarse en bo estado.

b) Condicións de salubridade.

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

Os edificios contarán cando menos con instalacións de subministro eléctrico, distribución de auga, conducións de saneamento e aparatos sanitarios (en vivendas comprenderán cando menos lavabo, inodoro e prato de ducha ou baño) en bo estado de funcionamento.

En caso de dispoñer doutras instalacións, deberán encontrarse así mesmo en bo estado. A edificación e os espazos libres contarán cunha adecuada limpeza e salubridade.

c) Condicións de ornato.

As fachadas, medianeiras vistas e demais elementos exteriores da construción deberán atoparse en bo estado de conservación, mediante o pintado e a limpeza, reparación e reposición dos seus materiais de revestimento.

Art. 30. Colaboración da Administración na conservación dos inmobles

Se o custo de execución das obras a que se refire o epígrafe 2.b) do artigo 29 excedera os límites establecidos no mesmo e existiran razóns de utilidade pública ou interese social que aconsellaran a conservación do inmoble, as Administracións competentes poderán optar por subvencionar o exceso de custo sobre a obriga xeral de conservación, ordenando ao propietario a execución ao seu cargo do conxunto de obras necesarias comprendidas dentro da citada porcentaxe do 50% do valor actual do inmoble.

Art. 31. Obrigas particulares dos propietarios para a conservación e adecuación dos edificios

1. Os propietarios dos edificios, construcións e instalacións deberán garantir a conservación dos mesmos mediante o seu mantemento en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, habitabilidade e ornato público e, de ser o caso, deberán promover as obras necesarias para a adecuación ou recuperación da súa conformación arquitectónica e os seus elementos de interese histórico e ambiental, de acordo co seu Nivel de Protección.

2. En particular, os propietarios de edificios que inclúan elementos exteriores sinalados como desconformes en Ficheiro de Catalogación de unidades edificatorias suxeitas a protección e/ou en Planos de Ordenación de Alzados, ou nas ordenanzas do presente Plan Especial, deberán proceder a suprimilos ou substituílos, de ser o caso, por elementos conformes coas características arquitectónicas específicas do edificio e de acordo coas condicións establecidas no Plan Especial, estendéndose esta obriga aos titulares das fachadas dos locais comerciais en planta baixa, cando fosen total ou parcialmente desconformes.

   Esta obriga farase efectiva por decisión da propiedade acompañando o desenvolvemento do tipo de actuación que en cada caso establece o Plan, ou a instancias das administracións competentes mediante ordes de execución que haberán de distinguir -para ser costeadas pola Entidade ordenante- as obras que excedesen do deber de conservación dos propietarios.

3. As actuacións xerais na edificación definidas no artigo 53 da presente normativa, agás as de mantemento e conservación, levarán consigo, obrigatoriamente, a adecuación dos elementos desconformes sinalados no Plan.

Art. 32. Obras de interese arquitectónico, histórico ou ambiental de carácter ordinario

Comprenden as obras que se atopan incluídas dentro dos límites do deber xeral de conservación dos edificios especificado no art. 28 da presente Normativa. Consideraranse obras de carácter ordinario, en fachadas a espazos públicos, medianeiras ou fachadas a patios que contiveran elementos de interese, as seguintes:

a) Revocaduras, enfuscados e pinturas ou outros revestimentos en paramentos verticais; reparación e reposición de materiais pétreos, en fachadas con este material.

b) Obras de conservación, reparación e outros tratamentos particulares de adecuación de elementos arquitectónicos ou decorativos existentes, como beirados e cornixas, cerrallería, molduras, carpintería exterior e portas de acceso.

c) Obras de conservación, reparación e outros tratamentos particulares de frontes comerciais, sempre que xa se atopasen adaptados basicamente ás características e composición arquitectónica do edificio.

d) Supresión ou substitución de elementos exteriores desconformes, como rótulos, carteis, cables, marquesiñas, etc.

Art. 33. Obras de interese arquitectónico de carácter extraordinario

1. Incluirán as obras nas que a súa execución puidera exceder dos limites do deber xeral de conservación e que afectasen a elementos arquitectónicos ou decorativos de singular valor protexidos polo Plan Especial.

2. Nestas condicións, consideraranse especificamente como obras de carácter extraordinario, en fachadas a espazos públicos, medianeiras ou fachadas a patios que contiveran elementos de singular valor catalogados:

   a) Recuperación de acabados especiais en fachadas, que foran alterados ou suprimidos. En particular, en fachadas con revestimentos inadecuados, incluiranse nestas obras a supresión dos mesmos e a restitución daqueles conformes ás características arquitectónicas e históricas do edificio. Non terá carácter extraordinario o revoco e pintado de cachoterías vistas.

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

b) Obras de restauración ou reposición de elementos arquitectónicos ou decorativos orixinarios do edificio, desaparecidos ou irrecuperables polo seu grao de deterioro, como por exemplo obras de restauración ou recuperación de carpinterías singulares de fiestras, balcóns ou porta exterior; as de restauración ou reposición de balaústres orixinais, etc.

c) Obras de restitución da composición orixinaria de fachadas.

3. Así mesmo, en fachadas de plantas baixas con alteracións substanciais da composición orixinal, ou en frontes comerciais con elementos que ocultasen machóns ou outros compoñentes da estrutura vertical ou que incluísen outros elementos decorativos non conformes coas características e composición arquitectónica do edificio, poderase considerar como obras de carácter extraordinario as dirixidas a acadar unha coherente adaptación e integración formal, mediante a restitución das partes que fosen alteradas, e que requiran as condicións materiais e formais especiais dos elementos singularmente catalogados.

4. Poderán ser tamén consideradas como obras de carácter extraordinario, as que se dirixirán á restauración ou reposición de elementos arquitectónicos ou decorativos catalogados de singular valor en espazos interiores do edificio, como elementos ornamentais de paramentos verticais ou horizontais de portais, escaleiras, vidreiras decorativas, pavimentos, etc.

5. A cooperación das Administracións competentes á conservación dos bens do patrimonio histórico referirase ao custo das obras que excedendo do deber xeral de conservación non supoña un aumento do valor do inmoble.

Art. 34. Ordes de execución de obras de conservación

1. O Concello e demais Administracións no ámbito das súas competencias ordenarán aos propietarios a execución das obras necesarias para garantir as condicións de seguridade, salubridade e ornato comprendidas no deber xeral de conservación, así como a execución das obras de conservación e mantemento dos edificios e instalacións de acordo co grao de protección establecido no Plan Especial.

2. A orde de execución poderá ser emitida de oficio por estas Administracións, ou a instancias de calquera interesado.

As obras executaranse a cargo dos propietarios, ata a proporción establecida no art. 28.2.b) e a cargo da Administración na parte que excedese esa proporción, cando se dese o suposto previsto no artigo 30.

Art. 35. Ordes de execución de obras de interese arquitectónico

1. De acordo co previsto no art. 135 da L.S.G., o Concello e demais organismos competentes, poderán ordenar a execución de obras de conservación ou de adecuación de fachadas ou elementos exteriores visibles desde a vía pública, para a súa adecuación arquitectónica, ou valoración estética e formal, de acordo coa Normativa do presente Plan.

2. A orde de execución distinguirá:

a) As obras comprendidas dentro do deber de conservación dos propietarios, definidas por tanto no concepto de obras de interese arquitectónico de carácter ordinario.

b) As obras que excedesen deses deberes, definidas no concepto de obras de interese arquitectónico de carácter extraordinario.

3. As obras de carácter ordinario executaranse a cargo dos propietarios, sen prexuízo de que estes poidan acceder ás axudas económicas ou doutro tipo establecidas polas Administracións Públicas para a realización de actuacións desa natureza.

4. As obras de carácter extraordinario que excedan do deber de conservación correrán a cargo da Entidade que as ordenara.

Art. 36. Procedemento para a execución de obras de interese arquitectónico de carácter extraordinario

A emisión de ordes de execución de obras de interese arquitectónico de carácter extraordinario, por parte da Administración, axustarase a un dos procedementos seguintes:

a) A orde irá acompañada dunha memoria descritiva e documentos gráficos suficientes para a realización das obras co seu correspondente orzamento, sinalando as formas de pagamento do mesmo e o procedemento para o control da súa execución.

O propietario expresará por escrito a súa conformidade co contido e orzamento das obras, procedendo a súa execución e recibindo o importe das mesmas que excedera do seu deber de conservación, nas condicións establecidas na orde.

b) A orde poderá limitarse a describir xenericamente o contido das obras, requirindo ao propietario para a presentación da documentación técnica e orzamento particularizado, co fin de proceder -de ser o caso- á aceptación do mesmo e fixar as súas condicións de pagamento.

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

Art. 37. Execución subsidiaria das obras

1. Cando os propietarios non realicen no prazo e forma debidas as obras esixidas nas ordes de execución ou as actuacións de conservación, mantemento e custodia para as que fosen requiridos pola Administración competente, a Entidade que emitise a orde ou o requirimento, conforme ao establecido na L.S.G., L.P.C.G. e Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, quedará habilitada para proceder á execución subsidiaria das mesmas.
2. No caso de que se tratara de obras comprendidas dentro do deber xeral de conservación dos inmobles ou de obras de interese arquitectónico de carácter ordinaria, esixirase o seu pagamento aos propietarios, sen prexuízo das sancións que puidesen aplicarse.
3. Se se tratara de obras de consolidación ou reparación que excederan do deber xeral de conservación, ou de obras de interese arquitectónico de carácter extraordinario, non poderá esixirse o pagamento das mesmas senón na parte correspondente ao límite de dito deber.

CAPÍTULO II. SUPOSTOS DE DECLARACIÓN DE RUÍNA E DEMOLICIÓN DAS EDIFICACIÓNS

Art. 38. Edificios en estado ruinoso

1. Cando algunha construción ou parte dela estivese en estado ruinoso, o Concello, de oficio ou a instancia de calquera interesado, procederá á súa declaración. Cando a construción estivera catalogada, na resolución haberase de indicar o carácter ordinario ou inminente da ruína.
2. Declararase o estado ruinoso nos seguintes supostos:
   a) Cando o edificio presente un esgotamento xeneralizado das seus elementos estruturais ou fundamentais.

      Elementos estruturais son aquelas partes da edificación concibidas para cumprir unha función resistente.

      Enténdese por esgotamento a perda das condicións de elasticidade e resistencia dos elementos estruturais ata o punto de poñer en risco a seguridade do edificio.

      A determinación da situación á que se refire este apartado levarase a cabo mediante:

      . O inventario pormenorizado dos elementos estruturais da edificación con expresión da súa contía nas unidades métricas habituais e da proporción de cada un en relación co total expresado de forma porcentual.

      . A proporción de cada un dos elementos que deba ser reconstruído expresada, igualmente, en forma porcentual.

      . Precisarase a extensión das danos a reparar mediante a suma dos produtos das porcentaxes de cada elemento a reconstruír e as porcentaxes do elemento na totalidade dos estruturais, aos que se refiren os puntos anteriores.

   b) Cando o custo das obras de reparación necesarias sexa superior ao 50% do custo de reposición da edificación ou de nova construción con características similares, excluído o valor do solo.

      Son obras de reparación necesarias as obras indispensables para consolidar, asegurar ou substituír os elementos danados que afecten á súa estabilidade ou que sirvan ao mantemento das súas condicións básicas de uso, para restaurar a construción a un estado que non constitúa periga de ruína.

      A determinación do valor actual da edificación levarase a cabo a partir do valor de reposición do mesmo, minorado en razón da depreciación que pola súa idade teña sufrido a edificación.

      A depreciación apreciarase a través dun coeficiente referido á porcentaxe da unidade calculada mediante a seguinte fórmula:

      $C_d = 1\text{-}0{,}25\ (\log x\text{-}1)^2$

      Sendo x a número de anos da edificio, que non poderá ser inferior a dez (10) nin superior a cen (100).

   c) Cando se requira a realización de obras que non puideran ser autorizadas en razón do réxime establecido polo Plan Especial ou lexislación urbanística para os edificios en situación de fóra de ordenación total.
3. As deficiencias referentes a instalacións ou servizos en materia de salubridade non serán tidas en canta a efectos da declaración do estado ruinoso da edificación.

Art. 39. Condicións para a demolición

A declaración de ruína dun inmoble catalogado en calquera dos seus graos, non suporá a procedencia da súa demolición sen a previa autorización da administración competente. Esto sen prexuízo da adopción das medidas necesarias, en orde á seguridade do inmoble e dos seus ocupantes. En relación aos inmobles declarados BIC estarase ao disposto no art. 54 da L.P.C.G.

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

En atención ao deber xeral de conservación, a Administración poderá esixir do propietario a reparación do edificio catalogado co compromiso de custear as obras que, excedendo do 50% do seu valor actual, permitan restaurar a construción a un estado que non constitúa perigo de ruína.

Art. 40. Sancións en caso de derruba de edificios protexidos

Cando se derrubara total ou parcialmente un edificio afectado por Normativa de Protección en calquera dos seus graos, sen licenza ou orde de execución ou sen axustarse ás súas condicións, a propiedade do inmoble e quen executara materialmente a derruba virán obrigadas solidariamente á súa reconstrución, sen prexuízo das sancións económicas que procedan, conforme á lexislación vixente.

CAPÍTULO III. CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO

Art. 41. Zonificación Arqueolóxica

1. No ámbito de aplicación definido no presente Plan Especial delimítanse dúas áreas de fertilidade arqueolóxica definidas a partir da análise conxunta do rexistro arqueolóxico, das fontes documentais e da dinámica histórico-evolutiva do entramado urbano.

   - Zona A, que abrangue a totalidade do Monte San Vicente, e inclúe o singular espazo cinguido pola muralla do burgo medieval, e onde se teñen constatado evidencias arqueolóxicas castrexas.

   - Zona B, que abrangue ao resto do ámbito do Plan Especial no plano baixo das ribeiras inundables do Cabe.

2. A zonificación recollida nestas ordenanzas poderá ser modificada como consecuencia dos resultados obtidos a partires das intervencións arqueolóxicas, da análise da documentación histórica, ou ben polo achado de bens arqueolóxicos que sexan descubertos por azar.

3. Toda modificación na zonificación arqueolóxica deberá tramitarse a través dalgunha figura prevista para tal fin na lexislación urbanística de Galicia.

Art. 42. Cautela Arqueolóxica.

1. En coherencia coa delimitación zonal singularizada para o ámbito, considérase conveniente o establecemento das seguintes cautelas, contempladas poñendo en relación tanto a área arqueolóxica na que se encadran como a natureza e estado previo do espazo soporte das mesmas tanto en niveis superficiais como subsuperficiais:

   - **Cautelas grao I.**

     Aplicable á superficie incluída na denominada Zona A, consistirá na execución de sondaxes arqueolóxicas valorativas que, tal e como o seu nome indica, teñen por obxectivo a avaliación daqueles elementos do subsolo susceptibles de ser documentados, capaces de proporcionar información arqueolóxica polo valor que supoñen tanto de seu como para a súa incorporación ao *corpus* documental pretendido dentro do Plan Especial, e de xeito máis inmediato, aporten elementos de xuízo ás decisións de carácter urbanístico (dirixidas á protección do patrimonio arqueolóxico) que atinxan ao propio solar obxecto da intervención, aos lindantes e mesmo á área de protección na que se encadra.

     A súa posta en práctica consistirá na apertura de catas de sondaxe, desenvolvidas en profundidade e distribuídas sobre a superficie do solar, ou tramo do mesmo, obxecto das obras.

     Tendo en conta os resultados desta intervención (expostos no correspondente informe valorativo asinado polo arqueólogo director da intervención), e derivando do interese das evidencias documentadas, o arqueólogo competente propoñerá a continuación das obras sen ningún tipo de cautela arqueolóxica, ou pola contra, a realización dunha actuación complementaria que podería contemplar tanto o control arqueolóxico (directo, a pé de obra) dos movementos de terras provocados polas obras pendentes, como a ampliación das sondaxes xa executadas, ou mesmo a realización dunha escavación arqueolóxica en área. O arqueólogo competente poderá propoñer a incorporación e/ou integración das estruturas arqueolóxicas no proxecto de obra que poida ser redactado.

     Calquera destas opcións, e con independencia da fase na que se desenvolva, considérase compatible cos traballos orientados a unha lectura de paramentos emerxentes ou subxacentes, imprescindible para a integración dos datos obtidos na intervención arqueolóxica e arquitectónica e en última instancia para a completa comprensión da vida do inmoble, necesitando pois dunha estratexia combinada e conxunta que atinxe a todos os técnicos implicados na actuación urbanística.

     No que respecta á súa tramitación supón a obriga de presentar o pertinente proxecto de sondaxes arqueolóxicas valorativas. O proxecto de execución da obra que motiva a actuación arqueolóxica non poderá presentarse ata coñecer o resultado do procedemento arqueolóxico, dado que o resultado do mesmo pode condicionar as solucións proxectadas e a necesidade de incorporar estruturas arqueolóxicas ao mesmo.

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

- **Cautelas grao II.**

  Aplicable á superficie incluída na denominada Zona B, consistirá na posta en práctica dun control arqueolóxico de remoción de terras.

  Este tipo de intervención, consistente na observación directa, a pé de obra, por técnico arqueólogo, do removemento dos materiais subsuperficiais explicitados nos correspondentes proxectos construtivos, ten un dobre obxectivo; por unha parte, a prevención de alteracións que derivadas de ditas obras (realizadas por medios manuais ou mecánicos) puidesen incidir sobre calquera ben integrante do patrimonio arqueolóxico e, por outra, a achega de documentación de carácter estratigráfico susceptible de ser incorporada á documentación xeral prevista para a área do Plan Especial.

  Conforme ao establecido no proxecto arqueolóxico, corresponderá ao propio arqueólogo director da intervención o establecemento da estratexia e fases baixo a que se ten que desenvolver a mesma, estando suxeitos ao seu criterio tanto a asunción do orde de traballos proposto pola promoción como a súa reorientación en función dunha maior calidade do obxectivo arqueolóxico pretendido.

  Esta supervisión poderá ser extensiva aos paramentos naqueles casos nos que a propia remoción de terras comporte ou puidera comportar (pola estratexia desenvolvida, polos medios empregados ou por calquera outra cuestión non previsible de antemán) riscos para a integridade dos mesmos procurando incorporar á documentación do informe arqueolóxico valorativo aqueles aspectos de interese con eles relacionados.

  No que respecta á súa tramitación supón a obriga de presentar o pertinente proxecto de control arqueolóxico de remoción de terras.

2. A cautela implicará a realización da intervención arqueolóxica pertinente durante os labores que impliquen movemento de terras e/ou afecten ao subsolo ou paramentos de muros. A devandita intervención será executada baixo o seguimento de técnico arqueólogo autorizado polo órgano competente da Xunta de Galicia.

3. As obras de promoción pública o municipal que se desenvolvan nos espazos públicos atópanse suxeitas á cautela arqueolóxica establecida nas presentes ordenanzas.

   Estas obras supoñen unha ocasión única para documentar e coñecer as infraestruturas históricas do Conxunto, ademais de constatar o seu estado de conservación.

4. O servizo municipal de arqueoloxía, ante calquera solicitude de licenza dentro do ámbito do Plan Especial, informará e solicitará autorización ao organismo competente da Xunta de Galicia sobre o tipo de actuación arqueolóxica necesaria -control, sondaxes previas, análise estratigráfica de paramentos, inspección- consonte ao carácter específico das obras solicitadas.

   En espazos que foran obxecto de actuacións arqueolóxicas anteriores, ou onde existan obras que puideran alterar completamente o substrato orixinal, previo informe do servizo municipal de arqueoloxía, poderá propoñerse a modificación da cautela arqueolóxica, coa autorización da Consellería competente en materia de patrimonio.

   Nestes ámbitos as obras serán obxecto de inspección por parte dos servizos técnicos municipais de arqueoloxía, que deberá comunicar por escrito á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, coa suficiente antelación o inicio dos traballos que supoñan remoción de terras.

Art. 43. Tramitación. Solicitudes de Licenza Municipal

Os actos suxeitos a licenza e demais actividades que supoñan o movemento de terras e que podan afectar ao patrimonio arqueolóxico, deberán seguir a tramitación que se relaciona a continuación; sen menoscabo doutras autorizacións necesarias, de acordo coa lexislación urbanística e sectorial vixente.

1. O servizo municipal de arqueoloxía informará todo tipo de actuacións que poidan afectar ao patrimonio arqueolóxico ou arquitectónico protexido, incluído os estudos xeotécnicos ou as demolicións en ámbitos que formaron parte do sistema defensivo da Cidade.

2. O promotor presentará por triplicado, xunto coa solicitude de licenza e o proxecto de obra, o proxecto arqueolóxico requirido segundo o establecido no artigo 45.4 da presente normativa, que se adecúe ao establecido na lexislación vixente en materia de arqueoloxía e ao recollido nas presentes ordenanzas.Igualmente poden incorporar un proxecto de sondaxes previas, condicionando a que no proxecto de execución consten as medidas resultantes das mesmas. As intervencións deberán garantir a correcta documentación dos restos arqueolóxicos existentes. Os custos da intervención correrán a cargo do promotor.

   O financiamento poderá acollerse ao establecido nas ordes que anualmente establecen as bases reguladoras das axudas destinadas á colaboración no financiamento de intervencións arqueolóxicas e a aquelas que establece como propias o estudo económico e financeiro do Plan Especial.

3. O servizo municipal de arqueoloxía informará sobre o proxecto arqueolóxico e a adecuación da solicitude á normativa vixente e, se procede, solicitará que se emenden as posibles carencias do proxecto.

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

Os proxectos realizados polo arqueólogo dos servizos técnicos municipais non requirirán a emisión deste informe previo.

4. O Concello remitiralle ao órgano competente da Xunta de Galicia dúas copias do proxecto arqueolóxico e do informe preceptivo e favorable do servizo municipal de arqueoloxía para a súa autorización. Segundo os resultados da actuación arqueolóxica poderán modificarse as condicións da licenza cara á conservación, protección e posta en valor das estruturas arqueolóxicas no proxecto das obras, modificacións que non suporán ningún dereito á indemnizacións.
5. En caso de que a resolución sexa favorable, o Concello concederá licenza de obra condicionada á execución dos traballos arqueolóxicos e á non localización de restos arqueolóxicos. O arqueólogo deberá: comunicarlle ao órgano competente da Xunta de Galicia e ao Concello coa suficiente antelación o inicio e final da intervención coa fin de que poida ser obxecto de inspección por parte do servizo municipal de arqueoloxía ou da Xunta de Galicia.
6. No caso de que aparezan restos arqueolóxicos durante a execución dos traballos, o promotor deberá, a instancias do arqueólogo que executa o control, paralizar a execución dos traballos comunicarallo ao Concello e ao órgano competente da Xunta de Galicia.
7. Finalizada la actuación arqueolóxica o arqueólogo director da intervención deberá emitir no prazo de 10 días o informe valorativo pertinente.
8. O devandito informe arqueolóxico será remitido polo promotor por triplicado ao Concello, que á súa vez, o remitirá -por duplicado- ao organismo competente da Xunta de Galicia, adxuntando ao informe do servizo municipal de arqueoloxía, que non será necesario nos proxectos dirixidos por este, no que se especificará:
   . A continuidade das obras.
   . A necesidade de ampliar a intervención arqueolóxica.
   . Sobre a conservación dos restos arqueolóxicos.
9. O órgano competente da Xunta de Galicia, á vista da documentación remitida, resolverá sobre o que estime oportuno, comunicando a súa resolución ao Concello de Monforte de Lemos, que dará traslado da mesma aos interesados.
10. No prazo sinalado pola lexislación sobre Patrimonio Cultural o arqueólogo deberá entregar no Concello unha copia da Memoria arqueolóxica.

Art. 44. Tramitación .Conservación e posta en valor do patrimonio arqueolóxico

1. No caso de que os restos ou estruturas arqueolóxicas localizadas, posúan unha entidade e natureza tal, que merezan ser conservados, o Concello elevará proposta de actuación ao órgano competente da Xunta de Galicia sobre a súa conservación e posible posta en valor aos efectos da súa autorización. O servizo municipal de arqueoloxía achegará informe sobre a viabilidade e condicións da mesma; sobre a posta en valor das estruturas arqueolóxicas ou sobre as condicións de conservación dos restos arqueolóxicos que terá que reunir o proxecto en execución.
2. O órgano competente da Xunta de Galicia emitirá resolución, con carácter preceptivo e vinculante, sobre o citado proxecto e sobre a necesidade de presentar algún tipo de proxecto arqueolóxico.

Art. 45. Tramitación simplificada

De forma excepcional, cando exista risco de destrución inmediata de restos arqueolóxicos ou as obras se deban a emerxencias ou causas de forza maior, o órgano competente da Xunta de Galicia poderá autorizar, por procedemento simplificado, a realización da intervención arqueolóxica necesaria, segundo o establecido na lexislación vixente.

A devandita tramitación poderá ser solicitada polo Concello. Para elo remitirá a solicitude acompañada do informe do servizo municipal de arqueoloxía.

CAPÍTULO IV. CONSERVACIÓN DO MEDIO AMBIENTE URBANO

Art. 46. Conservación e reforma de elementos visibles

En aplicación do Art. 135 da L.S.G. o Concello poderá ordenar, por motivos de interese turístico ou estético, a execución de obras de conservación e reforma, en fachadas ou medianeiras visibles desde as vías e espazos libres públicos. Tanto as fachadas principais ou traseiras coma as medianeiras visibles deberán recibir o tratamento propio das fachadas á vía pública, podendo esixirse, de ser o caso, a adecuación de ocos, balcóns, miradoiros ou da súa decoración. As cubertas que se dominan desde os espazos públicos consideraranse a estes efectos incorporadas á fachada.

Art. 47. Protección dos elementos singulares do espazo público

1. Os elementos singulares e o conxunto das espazos públicos incluídas no Catálogo do Plan Especial estarán expresamente protexidos.

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

2. Conservaranse os trazados, materiais e despeces que se catalogan, sen prexuízo da reposición dos elementos deteriorados, que haberán de presentar as mesmas características métricas, materiais e de textura dos substituídos.

3. As estatuas, monumentos, elementos do mobiliario urbano e de urbanización do espazo público que se catalogan estarán sometidos a protección integral, debendo, en consecuencia, conservarse e restaurarse.

4. Os elementos de heráldica e conmemorativos catalogadas manteranse na súa posición. Nos supostos de substitución da edificación na que se integran haberán de incorporarse á nova edificación, debendo constar expresamente no proxecto a súa integración.

Art. 48. Limitacións á publicidade exterior

1. A publicidade exterior no ámbito do Plan Especial regúlase de conformidade co establecido no art. 56 da L.P.C.G.

2. Expresamente prohíbese:

   a) A fixación directa de carteis publicitarios sobre edificios, muros e cercas.

   b) A fixación de soportes exteriores ou bastidores exentos ou luminosos en valos, rúas, prazas, sobre edificios en muros ou cercas, en cornixas ou tellados, en xardíns ou parques públicos ou privados, ou en plataformas de tráfico.

   c) A fixación ou pintado exterior de publicidade sobre medianeiras da edificación, aínda que fose circunstancial, agás aquela que se vincule con actuacións de tratamento de situacións desconformes das mesmas.

3. Só se permitirán, previa licenza, os carteis ou rótulos que, nos bens sobre os que teñan titulo legal suficiente, sirvan para indicar a denominación social de persoas física ou xurídicas ou o exercicio da actividade mercantil, industrial, profesional ou de servizos aos que os mesmos se dediquen, sempre que se axusten ás normas contidas no presente Plan Especial e non teñan finalidade estrictamente publicitaria.

   Igualmente autorízanse as instalacións publicitarias sobre soportes deseñados para tal efecto polo Concello como pezas do mobiliario urbano público.

4. En todas as obras de nova construción, de reforma ou ampliación, demolición, escavación ou movementos de terra, será obrigatoria a colocación do rótulo identificativo das características das obras segundo modelo aprobado polo Concello. Así mesmo poderanse autorizar, previa licenza, soportes exteriores publicitarias relativos ás actividades relacionadas coa execución das obras. Ditos carteis, de iguais dimensións que o anterior manteranse soamente durante o período máximo de duración das obras, segundo as condicións de concesión das licenzas.

5. Non se permitirán anuncios sobre postes de iluminación, de tráfico (indicacións e semáforos), de paradas de transporte público ou outros análogos na vía pública. Previa autorización, poderán permitirse nas marquesiñas ou esperas das paradas de transporte público, quioscos e cabinas telefónicas, sempre incorporados dentro das súas superficies, sen sobresaír en ningún punto.

6. De xeito provisional e en ocasións excepcionais, como feiras, festas, manifestacións e exposicións, o Concello poderá autorizar anuncios non comerciais, limitados ao tempo que dure o acontecemento, que de inmediato deberán retirarse unha vez termine o mesmo.

7. A publicidade que non reunise os requisitos dos números precedentes terá a consideración de desconforme, desde a data de entrada en vigor do presente Plan, e non poderá renovar a súa licenza anual de instalación, sen que iso confira dereito a indemnización, excepto cando a suspensión se impuxera antes da data de caducidade da concesión do anunciante.

   En todo caso, cando se realicen obras de carácter xeral no edificio con publicidade desconforme, esíxese a súa corrección ou supresión simultánea.

8. A instalación en espazos públicos de calquera clase de publicidade sen autorización municipal considerarase infracción urbanística, procedendo os servizos municipais á súa inmediata retirada ou demolición por obstrución da vía pública, sen máis trámites, pasando ao anunciante o importe dos custos da súa retirada.

Art. 49. Protección do arboredo

1. O arboredo catalogado e o existente de porte significativo no espazo público ou privado deberá conservarse, coidarse e protexerse das pragas e das accións que puidesen ocasionar a súa destrución parcial ou total; sendo preciso para a corta ou replantación a previa solicitude de autorización ao Concello.

2. Cando unha obra poda afectar a algunha árbore da vía pública acomodarase a proxecto de obra para evitar a seu deterioro ou, se puidesen ser substituídos, incluirase na licenza da obra a obriga de repoñer as árbores que houbesen de afectarse pola mesma, con plantación de igual número, especies e parte suficiente e por canto do promotor das obras condicionada a que non afecte a estruturas arqueolóxicas ou históricas.

   Igual consideración terase co arboredo catalogado existente nos espazos libres privados.

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

3. Os proxectos de intervención indicarán en plano de parcela, á escala 1:500, as árbores que contivera. O Concello, á vista da circunstancia do solar, edificación proxectada e características singulares do arboredo, poderá sinalar determinadas condicións compatibles coa concesión da licenza, tales como transplantar ou replantar árbores que houberan de cortarse, a lugar próximo, rúa ou xardín público, sinalado para o efecto na propia licenza.
4. Prohíbese instalar, fixar, atar, colgar ou cravar calquera clase de elemento, corda, cable, cartel, anuncio ou obxectos similares fixos ou provisionais que poidan danar as árbores da vía pública, dos parques ou xardíns públicos ou privados.
5. O abandono, omisión manifesta ou neglixencia no cumprimento destas normas dará lugar á infracción urbanística, coas responsabilidades e sancións a que houbese lugar.

Art. 50. Instalacións eléctricas, telefónicas e demais cableados

1. Conforme ao establecido no artigo 43 da L.S.G. e 53 da L.P.C.G. as instalacións eléctricas, telefónicas e demais instalacións por cable haberán de ser soterradas agás que non existan solucións técnicas que resulten máis compatibles coas súas características. As antenas de televisión, as pantallas de recepción de ondas e os dispositivos similares situaranse en lugares que non prexudiquen a imaxe urbana do conxunto, avaliándose na proposta as condicións necesarias para reducir o seu impacto visual, e preferentemente fóra do ámbito do conxunto histórico declarado e do seu contorno de protección.

   Nas instalacións aéreas existentes, producirase o soterrado mediante convenio entre as compañías concesionarias e o Concello, de modo que se realice de forma simultánea coas aperturas de gabias doutros servizos ou renovación de pavimentos, por conta das compañías respectivas e previa a oportuna programación e coordinación, no marco de actuacións integrais.

   No ámbito do Plan Especial declarado conxunto histórico-artístico non se autorizarán instalacións de antenas de telefonía móbil.

2. As compañías concesionarias non poderán instalar novos postes nin soportes de cableado aéreo, quedando os actualmente existentes fóra de ordenación.

   En tanto non se proceda ao seu soterramento, os cables que discorran palas fachadas dos edificios haberán de facelo pola liña de cornixa en sentido horizontal e na liña de medianeira en sentida vertical.

3. Toda actuación xeral sobre un edificio existente ou de nova edificación haberá de prever as acometidas de servizos e a instalación de contadores, empalmes e caixas de protección, entre outras, dentro dos edificios, procurando a súa integración nos espazos comúns ou de acceso, sen deterioralos. Así mesmo preverá a instalación de conducións verticais de acometida dende a condución subterránea na liña de medianeira.

Art. 51. Mobiliario urbano

A regulación dos elementos do mobiliario urbano establecerase mediante proxecto unitario para a totalidade do ámbito do Plan Especial.

Este Proxecto de Normalización dos Elementos do Espazo Urbano do Conxunto Histórico de Monforte de Lemos procurará acadar a unidade suficiente destes elementos, necesaria para facilitar a percepción e goce do espazo urbano do Conxunto tendo a tramitación administrativa dunha ordenanza municipal.

TÍTULO IV. TIPIFICACIÓN DAS INTERVENCIÓNS NA EDIFICACIÓN

CAPÍTULO I. INTERVENCIÓNS XERAIS NOS EDIFICIOS EXISTENTES

Art. 52. Tipo de intervencións e obras nos edificios

Para determinar os contidos xerais das actuacións en edificios contemplados na súa totalidade, autorizados e excluídos pola Normativa, segundo a clasificación dos mesmos, e de acordo coas súas características, defínense no presente Capítulo os seguintes tipos de actuacións en orde crecente do seu nivel de intervención transformadora do edificio orixinal segundo o establecido no art. 40 da L.P.C.G.

a) Intervencións de mantemento.

b) Intervencións de conservación.

c) Intervencións de consolidación.

d) Intervencións de restauración.

e) Intervencións de rehabilitación.

f) Intervencións de reestruturación.

g) Intervencións de ampliación.

Art. 53. Intervencións de mantemento

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

Son as actuacións cotiáns, continuas ou periódicas de escasa complexidade técnica sobre o soporte material dos bens para que manteña as súas características, funcionalidade e lonxevidade, sen que se produza ningunha substitución ou elemento novo.

Art. 54. Intervencións de conservación

Son aquelas actuacións dirixidas ao mantemento das condicións de hixiene, ornato, seguridade e funcionalidade da edificación, sen que iso supoña a alteración da súa estrutura, distribución ou características formais, de acordo co establecida no Titulo III, Capítulo I da presente Normativa.

Pola súa propia natureza as actuacións de conservación poderán ter o carácter de actuacións parciais.

Art. 55. Intervencións de consolidación

Son aquelas actuacións encamiñadas á conservación e mantemento que implican substitución parcial ou total dalgún elemento estrutural do edificio, con achega de elementos novos con deseño ou natureza material igual ou diferente aos substituídos pero respectando integramente a organización espacial, a tipoloxía estrutural e a composición exterior da envolvente do edificio (fachadas e cubertas).

Art. 56. Intervencións de restauración

1. Son aquelas actuacións que teñen por finalidade xeral restituír a arquitectura e a tipoloxía orixinarias da edificación, sempre que se dispoña de documentación suficiente para coñecelo ou interpretalo, con respecto aos seus valores culturais.

   As actuacións de restauración comportan o mantemento do edificio na súa conformación orixinaria.

2. Cando partes do edificio desapareceran, sufriran graves alteracións da súa configuración tipolóxica e arquitectónica ou fora precisa a súa adecuación funcional por cambio no programa de usos previstos no Plan Especial, admitiranse, no marco dun Plan Director ou Proxecto Integral de Conservación, as seguintes obras:

   - Obras de restitución ou volta ás condicións orixinarias de elementos arquitectónicos alterados, sempre que se conte con suficiente información sobre as mesmas e se executen de conformidade cos seus materiais e acabados.
   - Obras de reconstrución que poidan propoñer a recuperación filolóxica das invariantes arquitectónicas do edificio con criterios de integración e coherencia formal pero con deseño diferenciado.
   - Obras de actualización e adecuación das condicións de habitabilidade e uso que poden incluír actuacións de consolidación con criterios de integración e coherencia formal, recomendándose evitar actuacións de carácter analóxica.

3. Este conxunto de actuacións haberá de complementarse coas obras de eliminación de elementos que non carezan de interese para a historia do edificio e se amosen incoherentes coas características tipolóxicas e arquitectónicas orixinarias da edificación.

Art. 57. Intervencións de rehabilitación

1. Son aquelas actuacións encamiñadas a mellorar as condicións funcionais e de habitabilidade dun edificio, adecuándoo ao uso específico asignado polo Plan Especial, mediante a conservación maioritaria ou integral da configuración arquitectónica e disposición estrutural orixinais.

2. As obras de rehabilitación, incidentes nos espazos interiores do edificio, poderán supoñer unha redistribución espacial sempre que se conserven os elementos característicos da súa configuración tipolóxica: fachadas, accesos e núcleos de escaleira, muros de carga, disposición estrutural horizontal, patios e división en plantas, catalogados polo presente Plan Especial.

3. Simultaneamente ás actuacións de rehabilitación será obrigado acometer obras de conservación, mantemento e de valoración arquitectónica que incluirán, de ser o caso, a recuperación das características arquitectónicas e formais da fachada e elementos exteriores, así coma das interiores de singular valor catalogados (portais, escaleiras, lareiras, chemineas, etc.) coa conseguinte supresión de elementos desconformes.

4. Inclúense nas intervencións de rehabilitación as accións destinadas á adaptación de bens por razón de accesibilidade.

Art. 58. Actuacións de reestruturación

1. Son aquelas actuacións encamiñadas á renovación dun edificio, incluso dos elementos estruturais, que impliquen variacións do tipo de estrutura, podendo incluír a demolición dos elementos estruturais ou en grao máximo o baleirado do edificio conservando as fachadas existentes ao exterior, o patio e a liña e o tipo de cuberta, e todo iso nas condicións establecidas no Plan Especial.

2. Segundo o alcance das modificacións resultantes das actuacións distínguense tres graos nas actuación de reestruturación:

   Puntual canda supón o mantemento ou conservación de máis do 75% dos elementos estruturais verticais e horizontais, e non modifica o volume orixinal.

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

Parcial cando os elementos estruturais verticais e horizontais transformados superan o 25% do total ou transfórmase a volumetría pola modificación das liñas de edificación.

Xeral cando supón o baleirado interior do edificio, conservando as fachadas existentes ao exterior e aos patios, os muros medianeiros e a liña e o tipo de cuberta permitindo acadar a súa envolvente máxima.

3. As obras de reestruturación poderán combinarse con obras de ampliación cando así o autorice o Plan Especial. En calquera caso deberán ir acompañadas das actuacións de recuperación das características arquitectónicas, con supresión dos elementos desconformes.

Art. 59. Actuacións de ampliación

1. Son aquelas actuacións encamiñadas á ampliación dun edificio existente, ben por incremento do fondo edificable ou por aumentar a seu número de plantas, sen modificar as súas aliñacións exteriores e os seus planos de fachada, mantendo ou non a tipoloxía estrutural, segundo o seu nivel de catalogación.
2. As actuación de ampliación só poderán acometerse de modo independente cando o edificio presente unhas condicións axeitadas ao seu uso específico, en caso contrario haberán de executarse no marco de actuacións de rehabilitación ou reestruturación.
3. En edificios que presenten elementos desconformes, as ampliacións só procederán se se executan simultaneamente as obras de adecuación daqueles.
4. A adición de novas plantas efectuarase con criterio de integración compositiva e coherencia formal coa fachada ou fachadas existentes e, en calquera caso, segundo as directrices establecidas nas condicións xerais de estética e integración urbana desta Normativa.
5. Construtivamente a adición de planta deberá resolverse con igual tipoloxía estrutural que o resto do edificio. A adición de planta levará consigo o alzado obrigatorio dos muros medianeiros, de conformidade co estatuto xurídico da medianeira.

CAPÍTULO II. INTERVENCIÓNS PARCIAIS NOS EDIFICIOS EXISTENTES

Art. 60. Intervencións de adecuación arquitectónica de fachadas e elementos exteriores

1. As intervencións de adecuación arquitectónica de fachadas e elementos exteriores dos edificios poderán presentar as seguintes contidos:

   a) En edificios incluídos no Catálogo de Protección, terán por obxecto a conservación, valoración e, de ser o caso, a recuperación das características arquitectónicas e formais orixinarias do conxunto da fachada e elementos exteriores, con supresión de elementos desconformes.

   b) En edificios non incluídos no Catálogo de Protección, poderán supoñer obras de adecuación parcial ou total das fachadas.

   Terán a consideración de intervencións de adecuación parcial a realización de novos acabados conformes co contorno, restitución de elementos ornamentais, ou de carpintería ou cerrallería que fosen substituídos por outros desconformes, a supresión de elementos incongruentes, como corpos engadidos en cuberta, a recomposición de ocos, etc.

   As intervencións de adecuación total supoñen a reorganización da fachada no seu conxunto, mediante a recomposición de ocos, ou, de ser o caso, a transformación de corpos voados, a realización de novos acabados e elementos construtivos e ornamentais, etc. en conformidade coas condicións xerais de estética e integración urbana da Plan Especial.

2. En planos de alzados de ordenación e, de ser o caso, en ficheiro de unidades edificatorias establécense as actuacións de adecuación previstas para cada edificio, de acordo coa seguinte tipificación:

   Tratamento de fachada. TF

   Adecuación de composición de vans, adecuación da solución construtiva do cerramento, revestimento de cachoterías vistas, etc., ou supresión de elementos descontextualizados.

   Pormenorízase no caso do tratamento do baixo como TB, conforme ao artigo seguinte.

   Supresión de elementos descontextualizadas. SE.

   Referido entre outras á supresión ou reelaboración en fachada de corpos voados desconformes ou similares.

   Tratamento de medianeiras. TM.

   Referido aos acabados, revocos, tratamentos cromáticos, etc.

   Tratamento de fachada a traseira. TT.

   Adecuación compositiva e supresión de elementos desconformes, tratamento cromático, reposición de acabados, etc.

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

3. As obras de adecuación arquitectónica, en calquera das modalidades sinaladas, só se autorizarán coma actuación independente cando o edificio presente as condicións mínimas de seguridade e salubridade establecidas no art. 30 desta Normativa.

   Cando o edificio careza desas condicións, a súa autorización só procederá cando se executen simultaneamente as obras que permitan a consecución de tales condicións.

Art. 61. Actuacións de adecuación de fachadas e elementos exteriores de locais en planta baixa

1. Teñen por obxecto a elaboración ou modificación das frontes de locais en plantas baixas, en coherencia coas características arquitectónicas do edificio e do contorno urbano histórico.

   En planos de alzados de ordenación e, de ser o caso, en ficheiro de unidades edificatorias identifícanse as actuacións previstas deste tipo coa denominación TB.

2. Axustaranse ás condicións xerais de estética e integración urbana do Plan Especial.

3. Poderán realizarse en calquera circunstancia, con independencia da execución de actuacións xerais no edificio.

Art. 62. Actuacións parciais de rehabilitación de pisos e locais

1. Consideraranse obras de rehabilitación de pisos destinados a vivenda ou de locais dedicados a outro uso, as que afecten exclusivamente a elementos privativos das mesmas co fin de mellorar as súas condicións de habitabilidade e uso, promovéndose de forma independente e individualizada.

2. Só se autorizarán se o edificio presenta as condicións mínimas de seguridade estrutural e construtiva, funcionalidade das instalacións xerais de auga, saneamento e electricidade, e estanquidade fronte á chuvia, ou se promoven simultaneamente obras dirixidas á consecución desas condicións.

CAPÍTULO III. ACTUACIÓNS DE DEMOLICIÓN E NOVA EDIFICACIÓN

Art. 63. Actuacións de demolición

1. As actuacións de demolición agrúpanse en:

   a) Demolición de elementos engadidos desconformes, ou de instalacións ou construcións secundarias dos edificios.

   b) Demolición parcial dun edificio.

   c) Demolición total dun edificio.

2. Será preceptiva a presentación simultánea diante do Concello do proxecto de demolición total ou parcial e do proxecto básico de nova edificación ou obras simultáneas a acometer. Este requisito non será preciso cando deba executarse a demolición en cumprimento dunha orde de execución, que será a que estableza prazos e obras a realizar conxuntamente coa demolición. O Concello concederá a licenza de demolición previa comprobación de que o proxecto básico de edificación cumpre as condicións da edificación e as de estética urbana do presente Plan Especial.

3. Para conceder licenza de demolición e calquera circunstancia nos distintos graos de protección, os técnicos municipais poderán solicitar ou requirir calquera información de carácter complementario, incluso o acceso á propiedade para determinar os elementos de valor susceptibles de ser conservados, para efectos do Plan Especial. No caso de demolición de inmobles protexidos en calquera dos seus graos precisarase autorización expresa do órgano competente da Xunta de Galicia.

   Establécese un prazo máximo de 6 meses entre a finalización das obras de demolición e o comezo das obras de edificación.

Art. 64. Actuación de nova edificación

1. Inclúense neste concepto os seguintes tipos de obras:

   a) De reconstrución. Ten por obxecto a reposición, mediante nova construción, dun edificio preexistente total ou parcialmente desaparecido, no mesmo lugar e utilizando, de ser o caso, partes orixinais destes que poidan acreditarse.

   b) De substitución. Ten por obxecto a construción de nova edificio previa demolición doutro existente no seu lugar.

   c) De nova planta. Son as de nova construción sobre solares vacantes. (NE en planos de alzados de ordenación).

2. Nos supostos contemplados nos apartados b) e c) ao non estar vinculados a condicións estritas de conservación dun edificio preexistente, axustaranse ás Normas Xerais de Edificación e Condicións de Integración Urbana da presente Normativa, así como ás Normas Particulares de Zona.

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

3. No suposto de existir restos de edificacións anteriores estes serían obxecto de valoración no proxecto de edificación e, no seu caso, incorporación ao mesmo unha vez analizados polos servizos técnicos municipais. O seu mantemento será obrigatorio cando estes elementos sexan de sillería e formen panos continuos en planta baixa ou estean expresamente catalogados en planos de ordenación.

TÍTULO V. REGULACIÓN DO PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO

CAPÍTULO I. CLASIFICACIÓN DO PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO

Art. 65. Clasificación xeral

1. Para os efectos de establecer o nivel adecuado de protección para cada un dos elementos do patrimonio edificado comprendidos no ámbito do Plan Especial, de conformidade coa L.P.C.G. e L.S.G., procédese a súa clasificación.
2. A clasificación do Patrimonio Arquitectónico indícase en Planos de Ordenación e no Ficheiro Individualizado de edificios e elementos catalogados.
3. Establécense dous niveis xerais de clasificación do Patrimonio Arquitectónico, en función de que o interese da súa conservación sexa individualizado ou xenérico, á vista das súas características arquitectónicas, valores históricos e calidades ambientais.

   a) Patrimonio catalogado.

   b) Patrimonio non catalogado.

Art. 66. Patrimonio arquitectónico catalogado

Enténdese por Patrimonio catalogado, o conxunto de inmobles sometidos a unha protección individualizada por concorrer neles valores arquitectónicos, históricos ou ambientais que contribúen a configurar as características xerais do ámbito do Plan Especial.

Art. 67. Caracteres determinantes do edificio a efectos da súa catalogación

Para os efectos da catalogación individualizada dos edificios defínense os seguintes caracteres básicos da edificación como determinantes da súa protección:

. Sistema estrutural. Fai referencia á tipoloxía e organización espacial da estrutura portante, entendendo por tal o conxunto de elementos construtivos relacionados entre si que transmiten dun modo determinado e característico as cargas e sobrecargas do edificio ao solo. Diferénciase entre: elementos estruturais verticais, aqueles que transmiten ao solo as forzas horizontais (muros de carga na maioría da arquitectura catalogada); e elementos horizontais, aqueles que transmiten as cargas e sobrecargas ao sistema vertical (sistema de vigas apoiadas en caixeado do muro de carga ou estruturas de tapia, na maioría da arquitectura catalogada).

. Organización interna. Fai referencia aos elementos básicos de organización espacial da edificación no seu interior, diferenciándose o acceso ao edificio e a posición e/ou desenvolvemento do sistema de comunicacións verticais.

. Fachada. Fai referencia ao cerramento exterior da edificación, significándose o carácter acabado da súa composición integral e identificando como elementos significativos básicos na mesma os balcóns, galerías e miradoiros.

. Cuberta. Cando esta sexa un elemento significativo por si mesmo ou na tipoloxía xeral do edificio.

O Plan pretende a permanencia destes caracteres tipolóxicos en canto determinantes da valoración do edificio no seu conxunto. A preservación material dos elementos construtivos que os sustentan dependerá, de ser o caso, do nivel de catalogación do edificio e da explícita catalogación de ditos elementos.

Art. 68. Clasificación do patrimonio arquitectónico catalogado

Atendendo á gradación dos seus valores obxectivos e singulares prodúcese a seguinte clasificación do patrimonio arquitectónico catalogado, a súa aplicación concreta e individualizada establécese en planos de ordenación e no Catálogo do Patrimonio Arquitectónico Suxeito a Protección, de acordo e cos efectos establecidos nos art. 81 da L.S.G. e 56 da L.P.C.G.

. Nivel 1. Edificio Monumental.

  Aplícase este nivel de protección integral ás edificacións monumentais que presentan unha excepcional calidade arquitectónica e valor histórico, teñan ou non a consideración de Ben de Interese Cultural na categoría de monumento, conforme ao establecido na L.P.C.G.

. Nivel 2. Edificio de significación arquitectónico, histórico e cultural.

  Aplícase este nivel de protección integral ás edificacións que presentan unha excepcional calidade arquitectónica e valor histórico, representan fitos na escena urbana. Deben manterse na súa integridade, con especial respecto dos seus caracteres determinantes e dos elementos que o compoñen, procurándose a súa conservación e recuperación.

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

. Nivel 3. Edificio de características singulares e elevado valor arquitectónico.

Aplícase este nivel de protección estrutural aos edificios que posúen unha elevada calidade na súa conformación arquitectónica global, tanto exterior coma interior, o que determina a súa valoración singularizable. Deberán manterse os seus caracteres determinantes tanto volumétricos, estruturais e tipolóxicos coma ambientais, sen prexuízo de obras interiores ou exteriores con elas compatibles e adecuadas ao uso pertinente, á súa estrutura e función urbana.

. Nivel 4. Edificio de características tipolóxicas e compositivas de significación arquitectónica.

Aplícase este nivel de protección ambiental a aqueles edificios de valor arquitectónico que sen presentar unhas características singulares por si mesmos responden á coherencia arquitectónica, tipolóxica e ambiental do conxunto dotándoo de unidade. Deben conservar os seus elementos e características fundamentais.

Art. 69. Elementos desconformes en edificios catalogados

Nos elementos de edificios catalogados que se identifican en planos de alzados de ordenación e fichas de catalogación particularizada como desconformes, en tanto non se proceda á súa substitución, non poderán autorizarse neles outras obras que as reparacións esixidas pola hixiene, o ornato e a seguridade fronte a terceiros do mesmo. Calquera actuación parcial sobre ditos elementos distinta das enunciadas, ou calquera actuación xeral sobre a edificación, nos termos establecidos no art. 31.3 da presente normativa, esixirá a substitución previa ou simultánea do elemento desconforme.

Art. 70. Patrimonio arquitectónico non catalogado

Enténdese por patrimonio arquitectónico non catalogado o conxunto de inmobles que non presentando valores arquitectónicos, nin interese histórico ou ambiental singulares, están sometidos a unha regulación xenérica mediante as normas de conservación, edificación, intervención e integración ambiental establecidas na presente Normativa, por atoparse encravados no conxunto histórico declarado e no seu contorno de protección.

Art. 71. A conservación do patrimonio arquitectónico non catalogado

Conforme ao establecido no artigo anterior, o patrimonio non catalogado, non suxeito ao réxime de fóra de ordenación total, estará igualmente sometido ás normas xerais de conservación de edificios e usos.

Nestes edificios poderán autorizarse as necesarias obras de conservación, rehabilitación e reestruturación durante a vida útil do edificio, así como as obras parciais e circunstanciais de consolidación. Excepcionalmente poderán autorizarse obras parciais e circunstanciais de consolidación sobre os elementos desconformes se ditas obras acompañan actuacións de acomodación ás previsións do Plan. Igualmente autorízanse obras de substitución.

Enténdese que un edificio está en réxime expreso de fóra de ordenación total cando a súa substitución se establece como unha determinación do Plan Especial.

CAPÍTULO II. ACTUACIÓNS AUTORIZADAS NO PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO CATALOGADO

Art. 72. Determinacións xerais

1. A autorización das obras precisas que se poidan realizar en cada edificio esixe a achega de documentación adecuada sobre o inmoble e a inspección municipal previa, que será obrigatoria cando así se estableza no Ficheiro de Unidades Edificatorias suxeitas a Protección. O nivel de protección asignado no Plan determinará, á luz da inspección e documentación resultante, a admisibilidade das obras propostas e as súas alternativas ou complementos, así como o mantemento dos caracteres determinantes definidos no artigo 67 da presente Normativa.
2. En todo edificio e en todos os casos será obrigatorio, como deber que corresponde ao propietario, realizar as obras oportunas de mantemento e conservación ás que se refire o art. 28 das presentes Normas.

   Igualmente, en calquera edificio catalogado, sexa cal sexa o seu nivel de catalogación, será posible realizar as obras de intervención apropiadas a un nivel superior de catalogación e protección.

Art. 73. Documentación para a intervención no edificio

1. Para a debida documentación de cada edificio, para os efectos da xustificación das obras necesarias e das admisibles en cada Nivel, os proxectos de obras nos edificios catalogados que vaian máis alá das de conservación incorporarán a seguinte documentación complementaria da establecida no art. 23 da presente Normativa:

   . Seccións lonxitudinais e transversais do edificio de escalas 1:100 a 1:50.

   . Planos, de ser o caso, das zonas libres ou patios interiores, con indicación de todos os seus elementos de fábrica e vexetación, a escalas 1:100 a 1:50.

   . Detalles de acabados interiores do edificio con indicación de pavimentación, revestimentos, escaleiras, soleiras, etc., a escalas 1:50 a 1:20.

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

. Sinalamento sobre os planos correspondentes das partes, elementos, zonas ou instalacións que requiren reparación, substitución ou outras intervencións.

. Documentación histórica e historiográfica do inmoble -de ser o caso- con referencias a: autor, planos orixinais, uso inicial, planos da súa evolución e transformacións, identificación de engadidos e ampliacións coas súas datas, evolución dos usos posteriores, gravados e fotografías de época.

2. Igualmente aportarase a documentación precisa para a perfecta identificación dos usos propostos, cunha análise do seu impacto e consecuencias espaciais e funcionais dos mesmos.

3. No caso de intervencións parciais nos edificios aos que se refire o Titulo IV Cap. II destas Normas, a documentación terá igual pormenor se ben referida exclusivamente aos espazos e elementos obxecto da intervención.

Art. 74. Autorización de intervencións xerais

A autorización de intervencións xerais autorizables en circunstancias particulares, para cada nivel de catalogación, adoptarase previa avaliación da súa incidencia na conservación dos valores do edificio, a partir da información e recoñecemento técnico establecidos nos artigos precedentes.

Art. 75. Actuacións en edificios monumentais. (Nivel 1)

. Tipos de actuacións xerais autorizadas.

Mantemento, Conservación e Restauración.

Establécense dúas modalidades de intervención: Plan Director de Conservación, que se aplica en monumentos de maior porte, e Proxectos Integrais de Conservación para os monumentos menores con uso invariable.

a) Os Plans de Conservación: establecen as pautas da restauración en función dun estudo exhaustivo do edificio ou conxunto. Fixarán o programa detallado de uso e as condicións de adecuación ao mesmo, dentro das determinacións previstas polo Plan Especial. Preverán, no seu caso, as actuacións de rehabilitación, reestruturación parcial e valoración arquitectónica compatibles coa protección do edificio.

b) Proxectos Integrais de Conservación. Os edificios abocados a esta modalidade poderán unicamente someterse a restauración estrita, consolidación e mantemento. Será obrigatorio presentar o levantamento planimétrico completo do edificio.

. Actuacións xerais autorizables en circunstancias particulares.

No marco dun Plan Director de Conservación ou dun Proxecto Integral de Conservación do edificio, poderase autorizar o acondicionamento mediante actuacións de rehabilitación acompañadas das de valoración arquitectónica e de reestruturación parcial.

. Obras parciais autorizadas..

Autorízanse, con independencia doutras actuacións xerais, obras de consolidación, así como obras de adecuación funcional tendentes ao cumprimento da Normativa de Protección de Incendios, normas técnicas sobre instalacións e accesibilidade ou similares.

. As actuacións nos edificios declarados BIC someteranse á previa autorización da Administración de Patrimonio da Xunta de Galicia.

Art. 76. Actuacións en edificios de significación arquitectónica, histórica e cultural de protección integral. (Nivel 2)

. Tipos de actuacións xerais autorizadas

Mantemento, Conservación e Restauración.

Ademais do contido documental establecido no Plan Especial para os proxectos de intervención neste tipo de edificios, o proxecto conterá a seguinte documentación:

- Xustificación da supresión de elementos desconformes, proxectos de composición ou restitución, cando existan elementos alterados incongruentes coa composición arquitectónica do monumento.

- Ficha-inventario dos elementos da intervención e o seu contorno que reflicta as súas características, historia, patoloxía, autor e que conteña fotografías do elemento e planos. Xustificación dos criterios de intervención e do cumprimento da normativa particular.

- Detalles de solucións adaptadas para os elementos construtivos ou ornamentais cando se prevexa a substitución ou reposición das mesmas.

- Detalles de elementos de cuberta, cando se prevexa a substitución ou reposición da mesma, a escala mínima 1:20.

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

. Actuacións xerais autorizables en circunstancias particulares

Acondicionamento mediante actuacións de rehabilitación acompañadas das de valoración arquitectónica, e de reestruturación parcial, con mantemento do sistema tipolóxico estrutural na súa disposición orixinaria en canto carácter determinante, utilizando de preferencia materiais iguais, semellantes ou análogos aos orixinais que, sen embargo, deberían ser recoñecibles.

. Obras parciais autorizadas

Así mesmo permítense obras parciais de restauración, limitadas ás de reparación e adecuación funcional definidas no art. 56 da presente Normativa, como admisibles dentro das actuacións de restauración. Igualmente autorízanse obras parciais de consolidación.

Art. 77. Actuacións en edificios de características singulares e elevado valor arquitectónico de protección estrutural. (Nivel 3).

. Tipos de actuación xerais autorizadas

Mantemento, conservación, restauración e rehabilitación.

. Actuacións xerais autorizables en circunstancias particulares

Reestruturación parcial con mantemento do sistema tipolóxico estrutural, organización interna e composición de fachada, en canto caracteres determinantes, utilizando de preferencia materiais iguais, semellantes ou análogos.

Reestruturación parcial ou xeral contemplada en ficha individualizada de catalogación, que procure a recuperación da tipoloxía arquitectónica alterada, tanto no que se refire á estrutura, á organización interna da edificación e á catalogación. Dita recuperación poderá alcanzarse tanto pola vía da recuperación filolóxica das invariantes arquitectónicas do edificio coma pola vía da reinterpretación non analóxica das mesmas producida con criterios de integración e coherencia formal.

Excepcionalmente permitirase a reestruturación parcial ou xeral con mantemento do sistema tipolóxico estrutural e conservación dos elementos orixinais de accesos e núcleos de escaleiras, cando se xustifique por un cambio no programa de usos, estado de ruína declarada ou deterioro estrutural xeneralizado apreciado pola inspección técnica municipal. Utilizaranse materiais iguais, semellantes ou análogos aos substituídos.

En circunstancias singulares, e nos supostos de unidades edificatorias destinadas a usos non residenciais poderá utilizarse solucións estruturais exentas distintas das orixinais, sempre que estas garantan a estabilidade e conservación dos muros do edificio, non podendo alterar o asento da cimentación, condición de apoio horizontal, e sen encadeado estrutural. Non se poderá incrementar a envolvente máxima permitida da edificación, sen prexuízo de actuación de readaptación da ocupación interior adecuada para o novo uso.

Cando en razón do estado de ruína, algún elemento do sistema estrutural vertical ou partes do mesmo tiveran perdida a súa función resistente, e non se poida recuperar por vía da súa consolidación, procederase á substitución da súa función portante cunha solución estrutural que evite os incrustamentos de novos elementos nos muros; e todo iso sen prexuízo da consolidación do muro medianeiro para a súa conservación, igual que a dos restantes muros postrantes.

En todas as actuacións conservaranse, en todo caso, os elementos catalogadas.

. Obras parciais autorizadas

Autorizaranse, con independencia doutras actuacións xerais, as parciais de conservación, de rehabilitación de pisos e locais, de consolidación, e os de adecuación arquitectónica de fachadas e elementos exteriores previstas en fichas individualizadas de catalogación e planos de alzados.

Art. 78. Actuacións en edificios de características tipolóxicas e compositivas de significación arquitectónica de protección ambiental (Nivel 4).

. Tipos de actuacións xerais autorizadas

Mantemento, conservación, rehabilitación e reestruturación, con mantemento do sistema tipolóxico estrutural e utilizando de preferencia materiais iguais, semellantes ou análogos aos orixinais, conservando os elementos de acceso e núcleos de escaleiras cando se identifiquen como orixinarios ou resulten do recoñecemento técnico establecido no artigo 72 da presente Normativa.

Poderán utilizarse solucións estruturais exentas distintas das orixinais, sempre que estas garantan a estabilidade e conservación dos muros do edificio, cando isto sexa obrigatorio, non podendo alterar o asento da cimentación, condición de apoio horizontal, e sen encadeado estrutural. Non se poderá incrementar a envolvente máxima permitida da edificación, sen prexuízo de actuación de readaptación da ocupación interior adecuada para o novo uso.

. Ampliación contemplada no Plan Especial

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

En todas as actuacións de ampliación conservaranse, en todo caso, os elementos catalogados e respectaranse o sistema tipolóxico estrutural.

. Obras parciais autorizadas

Autorizaranse, con independencia doutras actuacións xerais, as obras parciais de conservación, de rehabilitación de pisos e locais, e as de adecuación arquitectónica e planos de alzados."

CAPÍTULO III. ACTUACIÓNS AUTORIZADAS NO PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO NON CATALOGADO

Art. 79. Determinacións xerais

Os propietarios virán obrigados a cumprir os deberes xerais de conservación dos inmobles, realizando as obras oportunas de mantemento, conservación e consolidación, referidas nas presentes Normas.

En virtude da protección xenérica do Conxunto Histórico declarado e o seu contorno de protección, o tipo de actuacións permitidas nos edificios non catalogados queda supeditada ao resultado da inspección técnica previa e da análise da documentación aportada podéndose, en casos xustificados, establecer condicións de actuación propias dos edificios catalogados diante do achado de elementos singulares que deben manterse.

Art. 80. Documentación para a intervención no edificio

Con carácter xeral será a establecida no art. 23 da presente Normativa.

O Concello, de consideralo necesario para unha mellor análise do inmoble, poderá esixir un complemento de información mediante a solicitude da documentación prevista no art. 75.

Art. 81. Actuación en edificios non catalogados

Nos edificios non catalogados seranlles de aplicación as condicións xerais de edificación, con mantemento das súas actuais condicións de volume, conforme o establecido no artigo 71 da presente Normativa, autorizándose obras de substitución e ampliación, estando aos parámetros volumétricos de referencia definidos en planos e alzados de ordenación. As referencias CA e RC entenderanse feitas ás ordenanzas "Casco Antiguo" e "Residencial Cerrada" das vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal.

TÍTULO VI. NORMAS XERAIS DA EDIFICACIÓN

CAPÍTULO I. CONDICIÓNS XERAIS DE VOLUME

Art. 82. Contido

As presentes Normas da edificación, serán de aplicación no ámbito do Plan Especial. Para o non previsto nelas, estarase ao establecido nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal ou documento que as substitúa.

As súas determinacións estarán supeditadas ás particulares que en cada caso concreto especifica o Plan Especial.

Art. 83. Aliñacións

Entenderase por aliñación aquela liña límite da parcela que separa esta dos espazos libres públicos. Con carácter xeral, as aliñacións actuais mantéñense e terán o carácter de aliñación oficial.

Art. 84. Rasantes

Entenderase por rasante o perfil lonxitudinal dunha vía ou espazo público. A cota de rasante medirase en puntas do eixe. Para a medición das alturas da edificación utilizarase a rasante da calzada ou, de existir, das beirarrúas en contacto coas aliñacións.

Con carácter xeral, e salvo que o Plan Especial ou os instrumentos que o desenvolvan sinalasen outras, as rasantes actuais mantéñense e terán o carácter de rasantes oficiais.

Art. 85. Parcela

É a porción de superficie dun terreo, deslindada nunha unidade predial en poligonal cerrada, con acceso ao Rexistro da Propiedade e ao seu catastro, e propiedade dunha persoa ou entidade xurídica pública ou privada.

A superficie real da parcela, para os efectos das presentes Normas, será a que resulte da súa medición no terreo sobre un plano horizontal, con independencia da que figure noutros documentos rexistrais ou catastrais.

Con carácter xeral as parcelas non poderán agregarse ou segregarse, coas excepcións reguladas expresamente na presente Normativa e as indicadas en planos de ordenación.

Así, de conformidade co establecido no art. 56.a) da L.P.C.G. permitiranse parcelacións e agregacións de ata un máximo de dúas parcelas, cando contribúan á conservación xeral do conxunto, por implicar unha mellora de relacións co contorno ou das condicións de habitabilidade, ou por evitar usos degradantes. A fronte de parcela resultantes de dita agregación non será superior aos 10 metros, e nos supostos de edificacións catalogadas só poderá levarse a cabo se o Nivel de Protección é 4. Neste caso a edificación resultantes haberá de reflectir na fachada o despece parcelario orixinal e conservar, de ser o caso, os muros medianeiros pétreos -sen prexuízo das perforacións que resulten necesarias- así como os elementos singularmente catalogados.

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

Art. 86. Unións funcionais

En plantas baixas poderanse establecer vinculacións funcionais entre dous inmobles colindantes máximo, destinados ao mesmo uso, sempre que os inmobles teñan nivel de catalogación 3 ou inferior. Para isto deberase manter os elementos catalogados de acordo co disposto no ficheiro de unidades edificatorias catalogadas, así mesmo, conservaranse os muros medianeiros sen prexuízo das comunicacións entre parcelas que foran necesarias para a súa funcionalidade conxunta. En ningún caso esta permeabilidade entre baixos afectará á lectura espacial dos mesmos, conservando o seu carácter orixinal. Os rótulos comerciais serán independentes e relacionados con cada edificio.

Igualmente, e nas mesmas condicións autorízanse unións funcionais aos efectos da accesibilidade nas diferentes plantas do edificio.

Art. 87. Fondo edificable

É a dimensión da profundidade da edificación entre dous planos opostos de fachada, medida perpendicularmente á aliñación oficial en cada punto da mesma.

Fondo máximo edificable pode establecerse mediante:

a) Fixación directa do seu parámetro en metros ou indicación gráfica en planos de ordenación.

b) Delimitación indirecta do seu valor en función dos recuamentos.

Salvo indicación en contra, nos edificios existentes manterase o fondo existente da edificación principal. As Ordenanzas Particulares da Zona poderán distinguir entre fondo máximo de edificación en planta baixa e fondo de edificación en plantas piso.

En edificios de nova planta estarase ao establecido en planos de ordenación do Plan Especial e, no seu caso, as Ordenanzas Particulares de Zona.

Con carácter xeral, e agás determinación en contra na ordenanza particular, non se permitirá a prolongación da planta baixa por detrás do fondo máximo edificable en planta piso. Con carácter excepcional, cando por motivos de accesibilidade se requira a implantación de un aparello elevador en vivendas existentes, e este non se poida instalar entre os outros planos opostos de fachada, poderase exceder a liña de edificación posterior ou lateral con saíntes para dito fin, segundo as normativas de aplicación, sometendo a súa estética á valoración da integración compositiva na fachada e coas determinacións establecidas no presente Plan Especial.

Art. 88. Superficie ocupada

É a comprendida dentro dos límites definidos pola proxección vertical sobre un plano horizontal das liñas externas de toda a construción, incluso voos, de ser o caso. Cando se autoricen ocupacións baixo rasante, estas haberán de considerarse a efectos de superficie ocupada.

Enténdese por coeficiente de ocupación máxima a relación porcentual entre a superficie ocupada ou ocupable pola edificación e a superficie total do terreo ou área de referencia. Con carácter xeral, salvo determinación en contra das Ordenanzas Particulares de Zona, o Plan Especial consolida o coeficiente de ocupación actual para a edificación existente.

Art. 89. Soportais

Desígnase con este nome ao espazo de uso público incorporado ao viario público, cuberto pola edificación a nivel non inferior á primeira planta, definido entre a aliñación e a liña exterior da edificación en planta baixa. Non terá outra ocupación en planta baixa que os piares de soporte da planta en liña de fachada.

Na edificación de nova planta os soportais construiranse no treito de fachada que se sinale expresamente en planos de ordenación.

Art. 90. Altura da edificación

A altura da edificación é a dimensión vertical dun edificio. Con carácter xeral o presente Plan Especial consolida as alturas existentes, establecendo en Planos e Alzados de Ordenación parámetros de integración para as obras de ampliación ou nova edificación.

Para a súa regulación poderanse utilizar unha ou ámbalas dúas destas magnitudes:

. Distancia vertical desde a rasante da beirarrúa á que dea fronte a edificación, marcada en altura de cornixa en relación aos alzados de edificios existentes, ou ben en metros.

. Número total de plantas da edificación.

A altura máxima é a que non pode superarse coa edificación, podéndose distinguir entre altura máxima de cornixa e altura de coroación.

. Altura máxima de cornixa é a distancia vertical medida en liña de fachada desde a rasante oficial ata a cara superior do forxado que forma o teito da última planta.

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

. Altura máxima de coroación é a distancia vertical medida ata a cumieira ou parte máis alta da cuberta do edificio.

As edificacións existentes que teñan unha altura que supere á máxima definida no plano de ordenación correspondente, estarán ao disposto nos arts. 71 e 81 da presente Normativa.

Art. 91. Medición de alturas

Para os efectos do seu establecemento en metros a altura máxima da edificación medirase na vertical do punto medio da liña de fachada a partir da rasante da beirarrúa e ata a cara superior do forxado que forma o teito da última planta en liña de fachada.

Para os efectos da medición da altura polo número de plantas contabilizaranse as plantas piso, a baixa e o ático, cando se autorice a súa existencia.

Art. 92. Determinación de alturas

En planos e/ou alzados de ordenación determínase a altura das edificacións.

En planos de alzados indícase a altura de cornixa para as novas edificacións e para as adicións, con relación á das edificios existentes de contorno. Así mesmo o Plan Especial determina o número máximo de plantas para cada unha das edificacións, que serán as existentes para os edificios catalogados, agás ampliación.

Art. 93. Correspondencia entre altura e número de plantas

1. Para a nova edificación establécese a seguinte correspondencia métrica entre número de plantas da edificación e altura máxima da liña de cornixa:

3,70 m.	para edificación de planta baixa.
6,60 m.	para edificación de planta baixa máis un piso.
9,70 m.	para edificación de planta baixa máis dous pisos.
12,80 m.	para edificación de planta baixa máis tres pisos.
15,90 m.	para edificación de planta baixa máis catro pisos.
18,00 m.	para edificación de planta baixa máis cinco pisos.

2. Cando unha parcela ou solar se atope contiguo a edificios catalogados, a nova edificación procurará axustar a súa altura de teito de planta baixa e a súa altura de cornixa ás respectivas alturas da planta baixa e de cornixa de ditos edificios catalogados, que serán tomadas como puntos fixos de referencia para a composición do novo edificio, salvo que, no segundo dos casos, non exista correspondencia entre o número de plantas do edificio catalogado e o autorizado no novo edificio.

Art. 94. Cuberta e construcións por riba da altura máxima de cornixa

1. Con carácter xeral mantéñense as envolventes das cubertas dos edificios existentes, salvo adaptación voluntaria as condicións establecidas no parágrafo 2 do presente artigo, ou esixencia de adaptación á mesma sinalada coa clave "AC" nos planos de alzados e/ou na ficha de catálogo correspondente, no seu caso.

2. Nas obras de nova edificación, de ampliación das existentes ou de adecuación de cuberta AC, as construcións que excedan a altura máxima de cornixa deberán quedar en todas as súas partes incluídas baixo o plano da cuberta, agás cando se autoricen plantas ático. Baixocuberta autorízanse usos dos autorizados na planta inmediatamente inferior. Permitiranse tamén os usos complementarios tales como trasteiros e instalacións.

   Neste suposto, as cubertas resolveranse a dúas, tres ou catro augas. A pendente dos planos inclinados da cuberta que constitúen a súa envolvente quedará establecida polo ángulo de inclinación expresados en graos que, en ningún caso, será maior de 30º. Os faldróns presentarán unha pendente continua sen quebras. A altura máxima do cumio ou da cuberta será de 3,50 m, medidos desde a cara superior do último forxado, de conformidade co regulado no artigo 115 da presente normativa.

3. Sobre o plano da cuberta e por riba da altura de coroación do edificio permitirase a instalación de chemineas, bufardas, antenas ou similares, nas condicións reguladas no presente Plan Especial.

Art. 95. Plantas da edificación

1. Para os efectos da ordenación da altura da edificación considerararanse as seguintes plantas:

   Planta ático.

   Planta piso.

   Planta baixa.

2. Salvo indicación expresa, na nova edificación así como en actuacións de ampliación ou reestruturación dos edificios existentes, prohíbense as entreplantas ou asimilados. As plantas baixo rasante (sotos e semisotos)

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

poderanse utilizar como almacéns, cuartos de instalacións ao servizo dos usos das plantas superiores, ou calquera outro uso compatible non residencial vencellado á planta baixa.

Art. 96. Planta ático

É aquela planta comprendida entre a cara superior do último forxado e a cara inferior da cuberta que dispón de plano de cerramento e/ou luces diferenciada do plano de cuberta.

Terá a consideración de planta piso. O recuado a liña de fachada será de dous metros.

A diferenza de altura entre liña de cornixa da edificación e liña de cornixa do ático será coma máximo de 2 m. A pendente do plano de cuberta non será menor de 20º nin maior de 25º, cunha altura máxima de cumio de 3,50 m medidos desde a altura de cornixa de edificación.

O plano de alzados de ordenación prevé nalgúns casos a pervivencia de plantas ático existentes, previa a súa adecuación ás disposicións deste artigo, identificándoas como actuación AA.

Art. 97. Planta baixa

Enténdese por planta baixa a planta inferior do edificio da cal o solo atópase á altura, por riba ou como máximo 0,60 m por debaixo da beirarrúa ou rasante oficial en contacto coa edificación.

A altura libre da planta baixa en actuacións de nova edificación, non será inferior a 2,80 m, cumprindo as condicións esixidas polo art. 94 da presente Normativa. Os seus accesos deberán garantir a supresión das barreiras arquitectónicas, agás no caso de que poidan afectar á conservación do patrimonio arqueolóxico.

A altura de planta en edificios catalogados virá determinada pola adaptación dos forxados á composición das fachadas que se protexen.

Art. 98. Planta piso

É aquela da cal o solo está por riba do forxado de teito da planta baixa. En actuacións de nova edificación, a altura libre mínima da planta piso será a establecida nas normas de habitabilidade vixentes.

En obras de reestruturación por cambio de uso, a altura das plantas resultantes deberá axustarse ás condicións do novo uso. No caso de tratarse de edificios catalogados, a altura das plantas virá determinada pola adaptación dos forxados á composición das fachadas que se protexen.

Art. 99. Voos da edificación

1. Enténdese por voo da edificación a superficie ou volume construído e utilizable de planta piso que sobresae do plano vertical definida pola aliñación de fachada ou liña de edificación. As cornixas e beirados aos efectos do presente artigo non terán a consideración de voos, regulándose a súa construción nas Condicións Xerais de Estética Urbana.
2. Segundo as características volumétricas dos voos distínguense:

   a) Balcóns.

   b) Solainas.

   c) Corpos voados.
3. Enténdese por balcón a superficie en saínte, sobresaínte do plano de fachada da edificación e cerrada tan só con antepeito ou varanda.

   O saínte máximo de balcóns será de 0,50 metros, autorizándose unicamente varandas e enreixado, ata unha altura máxima de 1,20 m sobre o nivel do solo acabado da planta respectiva, como elemento de cerramento. A altura libre mínima entre a rasante oficial e a cara inferior do voo do balcón será de 3,20 m.

   Nas novas edificacións e nas edificacións existentes non catalogadas, permítense balcóns, nas condicións fixadas nesta Normativa. Haberá de xustificarse a súa disposición en fachada, e o seu voo, considerando as edificacións catalogadas do contorno. Nas actuacións de adición de planta en edificacións existentes estarase ao disposto polas Condicións Xerais de Estética Urbana.
4. Enténdese por solaina o corpo voado de gran porte resultado da prolongación da estrutura de planta piso, aberta alomenos na súa fronte ocupando a totalidade ou a maior parte da fronte de fachada da planta da que se trate.

   Na nova edificación, con carácter xeral, non se autorizan novos corpos voados formando solainas en fachada á vía pública, salvo indicación expresa nas Normas Particulares de Zona, de Estética Urbana e alzados de ordenación.
5. Enténdese por corpo voado o volume habitable pechado construído en beirada e sobresaínte do plano ou liña de fachada do edificio. Na nova edificación, o saínte máximo do corpo voado será de 0,50 metros. Con carácter xeral en nova edificación só se autorizarán corpos voados pechados en plantas situadas por riba da planta inmediatamente superior á planta baixa.

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

6. A galería constitúe unha variante do corpo voado pechado. Enténdese por galería o corpo voado acristalado, exento e acaroado ao muro de fachada, cunha estrutura horizontal independente da do resto da planta piso correspondente. Igual consideración terán os miradoiros.

   Na nova edificación autorizaranse corpos voados pechados na variante de galería en fachada principal, así como en fachadas posterior ou lateral ao patio ou espazos libres privados, sempre que se xustifique a súa disposición, considerando as edificacións catalogadas do contorno, cumprindo sempre as condicións fixadas nesta normativa.

Art. 100. Entrantes

Prohíbese a disposición de entrantes no plano de fachada para a formación de terrazas e balcóns.

CAPÍTULO II. CONDICIÓNS XERAIS DE ESTÉTICA URBANA

Art. 101. Definición e ámbito

1. As condicións de estética son as que se impoñen á edificación e demais actos de incidencia urbana co propósito de obter os mellores resultados en canto á preservación do ambiente urbano e á valoración e mellora da imaxe do ámbito do Plan Especial.

   As condicións que se sinalan son de aplicación a tódalas actuacións suxeitas a licenza municipal. O Concello poderá requirir aos propietarios para que executen as actuacións necesarias para axustarse ás condicións que se sinalan nestas Normas.

2. A defensa da imaxe, o ambiente urbano e o fomento da súa valoración e mellora, correspóndelle ao Concello, polo que calquera actuación que puidera afectar á percepción do conxunto histórico e do seu contorno de protección deberá axustarse ao criterio que, ao respecto, manteña; e iso sen prexuízo das competencias doutras administracións.

   De conformidade co establecido nestas Normas e na lexislación vixente, o Concello mediante resolución debidamente motivada, poderá denegar ou condicionar calquera actuación que resulte inconveniente ou lesiva para a imaxe do Conxunto Histórico, por non harmonizar coa súa condición ambiental, indicando na resolución os aspectos que deben ser corrixidos. O condicionamento da actuación poderá afectar ás características das fachadas, das cubertas, dos ocos e á súa composición, aos materiais empregados e o modo no que se empreguen, á súa calidade ou á súa cor, dos elementos sobrepostos tales coma cableados, baixantes, toldos, marquesiñas, rótulos, etc.; á vexetación nas súas especies e o seu porte e, en xeral, a calquera elemento con incidencia na imaxe urbana.

3. As novas construcións e as modificacións das existentes deberán responder no seu deseño e composición ás características dominantes do ambiente en que se van emprazar, de acordo co disposto no art.91 da L.S.G. A tal fin, poñerase especial coidado en harmonizar sistemas de cubertas, cornixas, posición de forxados, ritmos, dimensións de ocos e macizos, composición, materiais, cor e detalles construtivos, recomendándose como norma xeral a maior sinxeleza, evitando a imitación historicista de arquitecturas correspondentes a épocas pasadas e posibilitando, polo tanto a reinterpretación das invariantes arquitectónicas.

Art. 102. Fachadas

1. As fachadas contiguas ou flanqueadas por edificacións obxecto de protección individualizada, harmonizarán os seus criterios compositivos buscando a integración das elementos básicos de composición (cornixas, beirados, impostas, voos, zócolos, recercados, etc.) coas das edificacións catalogadas existentes.

2. En todo caso, as solucións de ritmos e proporción entre ocos e macizos na composición das fachadas, deberán adecuarse ás características tipolóxicas das edificacións de contorno, e ás especificas das edificacións catalogadas, se a súa presenza e proximidade o impuxese.

3. As fachadas posteriores trataranse na súa composición e materiais coherentemente coas da fachada principal.

4. Nas obras que afecten á planta baixa dos edificios haberase de manter o criterio compositivo do conxunto da fachada.

5. En edificios non catalogados, poderá procederse á modificación das características dunha fachada existente de acordo cun proxecto adecuado que garanta un resultado de mellora do conxunto arquitectónica e da súa relación cos edificios colindantes.

6. Aínda que deberá primar o emprego de materiais e técnicas tradicionais, excepcionalmente poderán autorizarse solucións de composición de fachada diferentes ás reguladas nos arts. 108, 109 e 110 para edificios de nova construción de carácter dotacional. Estas solucións haberán de garantir a integración ambiental e compositiva no contorno, incorporando a arquitectura contemporánea como novo referente da escena urbana.

7. Con carácter xeral a composición estética das fachadas e a súa adecuación ao contorno deberán ser informadas como requisito previo ao despacho das licenzas.

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

Art. 103. Acabados e materiais de fachada

1. A elección dos materiais para a execución da fachada fundamentarase no tipo de fábrica e calidade de revestimentos, así como no despece, textura e cor dos mesmos en función dos criterios de composición e estéticos da zona.
2. Autorízanse os seguintes acabados en orde de preferencia para a conformación xeral das paramentos das fachadas principais das novas edificacións:
   a) Enfuscado e revoco.
   b) Fachadas mixtas de pedra e revocos.
   c) Fachadas de pedra vista con solucións construtivas de cantería ou perpiaños.
3. Prohíbense, explicitamente, os seguintes acabados de paramentos: chapado de pedra, revestimentos cerámicos ou vitrificados, formigón visto, bloques de formigón, paneis prefabricados en calquera material, revestimentos executados por proxección mecánica imitando revocos, cachotería sen revestir.

   Admítense o formigón visto e os perfís metálicos en elementos particulares da fachada, coma linteis e xambas de ocos, impostas, beirados e similares.
4. Poderán ser pintadas ou recibir tratamento de cor todos os elementos que forman parte do aspecto exterior da edificación excepto:
   . Os formados por granito ou elementos pétreos.
   . Os materiais cerámicos.
   . Os revestimentos formadas por revocos pétreos.
5. Os edificios existentes obxecto de catalogación individualizada estarán ao tratamento de fachada que se corresponda coa natureza dos seus materiais.

   En edificacións existentes no patrimonio arquitectónico non catalogado, manteranse os acabados autorizados no apartado 2, e procederase á progresiva substitución dos acabados de paramentos prohibidos no apartado 3.

Art. 104. Acabados de enfuscado e revoco

1. Os acabados serán lisos ou de texturas de grao fino, excluíndose os de textura rugosa tanto en enfuscados coma en revocos. Non se admitirán despeces simulando cantería nin debuxos xeométricos. En edificacións existentes de muros de cachotería pétrea e de tapia utilizaranse preferentemente os enfocados de cal. Manteranse ou renovaranse os revocos existentes en todos os seus elementos.
2. Autorízanse as seguintes cores:
   a) En fachadas gammas de grises-azulados, grises-rosados, grises-verdosos, en tonalidades claras; gammas en tonalidades terras naturais, ocre amarelenta ou sienas; gammas rosáceas, e branco en tonalidades oso, sen prexuízo da ordenanza que se redacte prevista no punto 4.
   b) En medianeiras e chemineas utilizaranse cores que se aproximan aos enfuscados tradicionais.
3. Os elementos en releve existentes nas fachadas, tales coma impostas, pilastras, recercos, ou calquera outra, serán pintados dunha mesma cor, utilizándose para iso calquera dos previstos no presente Plan Especial, cunha tonalidade diferente que a dos paramentos, dentro da mesma gamma.

   Todos os elementos en releve deberán ser pintados integramente, no seu volume aparente, co mesmo ton.

   Non poderá finxirse ou diferenciarse mediante tratamento de cor ningún elemento que non presente releve ou non estea situado en diferente plano que os entrepanos.

   Admitirase, sen embargo, a formación mediante cor dun falso zócolo definido por liñas sempre horizontais para protexer a edificación de salpicaduras e sucidade. A altura máxima que poderá acadar este zócolo é de 1/3 da altura da planta baixa. A cor do zócolo determinarase entre os autorizados, e sempre dun tan igual ou lixeiramente máis escuro que o das demais molduras da fachada.
4. O Concello poderá establecer mediante unha Ordenanza de Cor unha paleta ou paletas de cor específica, que deberá ser obxecto de informe favorable do órgano competente da administración autonómica.

Art. 105. Acabados mixtos de pedra e revoco

1. Quedan así definidas aquelas fachadas que presenten elementos ou superficies de granito ou pedra á vista, combinados con entrepanos ou outros elementos revocados nas súas fachadas. En edificios existentes manteranse as superficies revocadas na mesma extensión e sobre os mesmos elementos que no presente.

   Nos casos de evidente certeza sobre a existencia de cantería ou elementos de boa fábrica debaixo do revestimento, poderán despoxarse de revocos elementos en releve tales coma impostas, recercos, gardapós,

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

lesenas de esquina, lenzos e repisas, non debendo procederse ao picado de revocos nos entrepanos que recubran cachotes ou mampostería desconcertada.

2. Os revocos existentes poderán ser renovados e a cor final das superficies estará dentro das admitidas no presente Plan Especial.

3. Se nalgunha planta os ocos careceran de homoxeneidade co resto do edificio por falta de recercos, estes poderán crearse diferenciando os planos (mediante refundido, recrecido ou corte no enfuscado) e pintándoos posteriormente, imitando a tonalidade da pedra do edificio.

Art. 106. Acabado en pedra vista

Defínense así as fachadas construídas en cantería e perpiaños de granito. Poñerase especial coidado en evitar a introdución de granito de tonalidades inadecuadas: gris, rosa ou con tratamentos inadecuados (sen desbastar ou pulidos).

O rexuntado ou tratamento de xuntas de fábrica será sempre con morteiros de cal e area entoada coa cor da pedra, quedando a xunta a pano ou lixeiramente refundida e perfectamente lavada sen manchar a pedra.

Art. 107. Medianeiras e pinches vistos

Exceptuando as construídas con cantería de pedra, e os revestidos de elementos de cinc ou lousa, deberán ser revocados con morteiros bastardos de cal, cemento e area, e pintados conforme ao establecido no presente Plan Especial.

En edificios con solucións de fachada en pedra vista procurarase unha entoación similar á mesma mediante pigmentos minerais, sen proceder en ningún caso ao seu repunte.

Art. 108. Composición e ocos de fachada

As fachadas formalizaranse a partir de eixes compositivos de fenestración verticais e horizontais das cales a súa posición e número dependerá da fronte de fachada e do número de plantas, sendo reflexo do dominante na rúa ou contorno no que se enmarca.

A formalización de fachadas na edificación de nova planta deberá ser resultado dunha triple comprobación:

. Valoración ambiental da inserción da proposta no alzado xeral do treito de rúa.

. Estudo da secuencia compositiva dos edificio catalogados colindantes.

. Condicións particulares: fronte edificada, altura da edificación, tipo arquitectónico adoptado.

Establécense os seguintes eixes de composición atendendo á fronte de fachada:

. En parcelas con frontes menores de 6 m as fachadas preferentemente con dous eixes.

. En parcelas con frontes comprendidos entre 6 m e 8 m, resolveranse preferentemente con tres eixes.

. En parcelas con frontes comprendidas entre 8 m e 12 m, resolveranse preferentemente con catro eixes.

. En parcelas con frontes superiores a 12 m as fachadas resolveríanse preferentemente con cinco ou máis eixes.

Para calquera fronte de parcela rexerán os seguintes condicionantes:

a) Eixes verticais de apertura de ocos:

A distancia entre eixes nunca será menor a 2,20 m.

A distancia entre os eixes extremos e os bordos de fachada será coma mínimo 1,30 m e, en ningún caso, menor que a distancia entre o bordo do muro medianeiro, se o houbese, e o eixe de medianeira.

O ancho de van será único para as plantas altas e non maior de 1,20 m.

b) Eixes horizontais de apertura:

Non se permite a apertura de ocos continuos de forxado a forxado.

Todos os linteis estarán situados á mesma altura e a súa distancia á cara inferior do forxado será como mínimo de 0,20 m. Non se permitirán ocos de iluminación de escaleiras en fachada principal.

Art. 109. Características dos ocos de fachada

1. Os ocos tipo de fiestra serán rectangulares, con predominio da dimensión vertical, e a súa proporción será a tradicional 3/4, ou ben proporcións 2/3, $1/\sqrt{2}$, sección áurea ou similares, non admitíndose formas rectangulares apaisadas. A composición de fachadas resolverase adoptando unha das proporcións tipo referidas.

Permítese o resgado do oco ata a cota do sollado formando fiestras balconeiras ou panos acristalados.

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

Se a solución compositiva o aconsellara, admítese a combinación do oco tipo con outros de proporción 1/1 coas seguintes determinacións:

- Os ocos de proporción 1/1 admítense como complemento á composición e non poderán utilizarse de forma exclusiva.
- Nunha mesma planta non poderán empregarse conxuntamente ocos tipo e de proporción 1/1, admitíndose as seguintes combinacións: ocos tipo exclusivamente; fiestras balconeiras, exclusivamente; ocos de proporción 1/1 exclusivamente; composición de ocos tipo e fiestras balconeiras.
- Os ocos de proporción 1/1 dispoñeranse a eixe horizontal nunha banda comprendida entre a altura de lintel do oco tipo e a súa altura de antepeito.
- O ancho de van dos ocos de proporción 1/1 será como máximo o adoptado para a resto dos ocos.

2. Admítense saíntes sobre o pano de fachada nas condicións establecidas na presente normativa e sempre que os cerramentos sexan lixeiros, tipo enreixado, sen admitirse antepeitos cegos.

   A modulación de carpinterías dos corpos voados acristalados adaptarase aos da zona e formalizarase de tal xeito que os montantes coincidan cos eixes dos ocos de plantas inferiores ou estean centradas respecto aos mesmos. Este corpo entregarase en cornixa á cuberta.

Art. 110. Composición e acabados en plantas baixas

1. A composición da planta baixa seguirá a modulación de ocos das plantas superiores, debendo ser definida no proxecto e autorizada conxuntamente coa licenza de edificación.

   En xeral os ocos terán forma rectangular vertical, cunha anchura que non poderá exceder en 0,70 metros á das ocos de fachada en plantas superiores, e nunca superior a 1,80 metros. Os ocos poderán ser resgados ata o solo do local, ou dispoñerse sobre un zócalo comprendida entre 0,40 m e 0,80 m de altura.

   Exceptúanse da condición anterior as portas de garaxe, cando se autoricen, se ben a súa liña de lintel deberá coincidir horizontalmente coa dos restantes ocos de planta baixa. A porta de garaxe situarase no plano de fachada en igual posición que o resto das carpinterías, o seu sistema de apertura será tal que non sobresaia en ningún momento da liña de fachada.

2. Cando se dispoña de zócalo, este poderá presentar os seguintes acabados: cantería, enfuscado liso ou rugoso e despeces, en ton diferente ao da fachada, ou formigón visto.

   Os acabados de paramentos de planta baixa superiores ao zócalo serán idénticos en material e cor aos das plantas superiores.

   Cando non exista zócalo, os muros de cerramento da planta baixa poderán tratarse así mesmo de xeito unitario, cun acabado homoxéneo ata a imposta de forxado de piso da planta inmediatamente superior, admitíndose os acabados sinalados para os zócolos.

Art. 111. Adicións de planta

1. As adicións de planta haberán de gardar proporción coas plantas xa existentes. Neste sentido tomarase coma altura da adición a altura libre da planta existente inmediatamente inferior, e nunca por debaixo da altura libre mínima.

   Con motivo da adición, a planta existente inmediatamente inferior que non alcance a altura libre mínima poderá alzarse ata alcanzala, sendo neste caso dita altura o parámetro de referencia para a adición.

   Construtivamente a adición de planta deberá resolverse con igual tipoloxía estrutural que o resto do edificio. A adición de planta levará consigo o alzado obrigatorio dos muros medianeiros, de conformidade co estatuto xurídico de medianeiras.

2. Como norma xeral, manteranse na planta engadida os eixes compositivos de ocos da fachada orixinal.

   De acordo coas características da edificación existente establécense os seguintes tipos de adición, asignados a cada edificio en planos de alzados de ordenación:

   . Adición de planta. (PE).

   Establécense as seguintes pautas compositivas:

   - O ancho de vans da planta ou plantas engadidas será o dos vans da planta inmediatamente inferior, tendo a consideración de vans de referencia.
   - Se os vans de referencia son de proporción tipo, os da planta engadida poderán ser da mesma proporción ou de prolongación vertical de fenestración en formación de fiestras balconeiras. Poderán compoñer a fachada coas seguintes variacións: vans tipo exclusivamente; prolongación de fenestración exclusivamente; combinación de prolongación de fenestración e vans tipo. Se os vans da planta de referencia non son de proporción tipo, os da planta engadida poden aumentar a súa dimensión ata acadala.

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

- Se os vans da planta de referencia son unha prolongación vertical de fenestración, os vans da planta engadida poderá repetir a dimensión da van ou ben adaptar unha proporción tipo. Poderá así mesmo compoñer a fachada da forma descrita no parágrafo anterior.
- Se na planta de referencia se utilizan conxuntamente na composición vans tipo e prolongación da fenestración, a planta engadida poderá compoñer a fachada coas seguintes posibilidades: utilización exclusiva dos vans tipo da planta inferior; utilización exclusiva da prolongación de fenestración da planta inferior; utilización do mesmo criterio compositivo e iguais eixes de simetría que os da planta inferior no emprego conxunto de vans tipo e prolongacións de fenestración.
- Se na planta de referencia existen galerías de excepcional interese ou miradoiros, admítese a utilización de vans de proporción 1/1.
- En calquera caso cando se produzan adicións de máis dunha planta, a composición das plantas engadidas deberá estudiarse globalmente e en conxunto coa totalidade da fachada.

Os criterios establecidos con anterioridade serán de aplicación para as ampliacións de áticos ata acadar a liña de fachada, previstas igualmente en planos de alzados de ordenación co indicativa PE.

Nas actuacións de adecuación dos áticos que se manteñen (indicativo AA en planos de alzado de ordenación) estarase ás regras de composición de vans -eixes e proporcións- establecidas neste artigo.

. Adición de planta con galería. (PEG).

Para os efectos das adicións de planta que incorporan solucións de galería, estarase aos seguintes criterios:

- Cando o edificio dispoña de remate horizontal en formación de cornixa, este elemento preservarase, incorporándose á solución do saínte.
- A lousa do saínte terá un remate de sección máxima de 12 cm. A cara inferior da lousa da saínte presentará unha superficie continua e lisa ao longo de toda o seu desenvolvemento.
- O despece da galería manterá os ritmos e sección dos montantes verticais e batentes horizontais das inmediatamente inferiores. Se estas non existiran estarase ás propias das galerías tradicionais do contorno. O sistema de apertura será de guillotina.
- A galería entregarase en cornixa á cuberta, e recuarase do eixe de medianeira unha distancia igual á da galería xa existente da planta inmediatamente inferior e, cando esta non exista, unha distancia igual á dimensión do seu voo.

. Adición en planta ático. (PEA).

Poderá optarse pola adición en planta ático, regulada no art. 98, con fachada recuada da aliñación principal, cando pola singularidade do deseño do inmoble protexido sexa desexable manter a súa integridade e evitarlle a adición de engadidos. Dita decisión deberá xustificarse sempre en virtude dos seus valores obxecto de protección.

. Adecuación da altura para a mellora das condicións de habitabilidade. (A).

Considérase admisible un incremento de ata 30 cm en formación de cornixa sobre a altura existente ou da altura libre na planta baixa, a fin de mellorar as condicións de habitabilidade, en edificación que non acade a altura libre mínima establecida nas Normas Xerais de Edificación do presente Plan Especial.

En edificacións de protección ambiental, nivel 4 de catalogación, e con independencia da súa indicación en planos de ordenación, autorízase con carácter xeral esta actuación de adecuación da altura para a mellora das condicións de habitabilidade.

A execución deste tipo de actuacións deberá ir acompañado das necesarias obras de conservación e mantemento en cubertas que garantan a perfecta impermeabilización do inmoble, a supresión de elementos descontextualizados, adaptación volumétrica, estética e construtiva á correspondente ordenanza de cubertas e das plantas baixas, así como a preservación e consolidación de elementos catalogados."

Art. 112. Carpintería exterior de ocos de fachada

1. As carpinterías exteriores de ocos de fiestras en fachadas principais realizaranse preferentemente a caras interiores das xambas conforme á solución característica, agás en edificacións catalogadas que presentan unha disposición enrasada coa liña de fachada.

As carpinterías poderán realizarse cun dos seguintes materiais e acabados:

a) Madeira pintada.

b) Perfilaría metálica lacada ou esmaltada.

A madeira pintada será obrigatoria nos inmobles catalogadas que pola súa tipoloxía, estilo e época responden a este tipo de material de cerramento. Prohíbese explicitamente a madeira na súa cor.

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

A perfilaría metálica autorizase na nova edificación, e nos inmobles non suxeitos a algún tipo de protección, así coma naqueles que, aínda estando catalogados, pola súa tipoloxía, estilo e época responden a este tipo de material de cerramentos.

As portas e postigos serán de madeira pintada procurándose a sobriedade no seu deseño e evitando a mímese coas carpinterías tradicionais.

Prohíbense explicitamente as portas a base de perfilaría metálica e as portas caladas e de reixa. Poderanse autorizar cerres enrolables e de ballesta, calados, para locais comerciais, sempre que sexan de deseño sobrio e da cor dos enreixados.

2. Os elementos que compoñen a fiestraxe (follas, batentes, quicios, peinazos, montantes, parteluces, xambas, linteis, tapaxuntas e bordóns), incluso as súas ferraxes, deberán ser tratadas nunha mesma cor, ou ben, de ser o caso, diferenciando entre as partes estruturais e o resto de elementos, segundo o modelo tradicional.

   Os elementos da porta de acceso (folla, marco, tapaxuntas e bordóns) e dos postigos do edificio poderán ir pintados en distinta cor. Cando a cor da fiestraxe non sexa branca, o das portas ou poxigos haberán de ser da mesma gamma e sempre máis escura que a da fiestraxe dos ocos superiores.

   De preferencia, en carpinterías exteriores, utilizaranse gammas de cor verde, azul, branco ou marrón, que deberán harmonizar coa dos paramentos de fachada.

   En edificios con acabado de fachada mixta de pedra e enfuscado recoméndase a utilización da cor branca cando a superficie revocada é menor do 50% da total da fachada, reservando as cores máis escuras para o resto.

   En edificios con acabado de fachada de enfuscado e revoco poderá utilizarse calquera cor das autorizadas. Non poderá utilizarse a cor branca na fiestraxe exterior se o edificio carece, nalgunha das súas plantas, de cercos ou recercados en releve susceptibles de ser pintados en cor.

   O sistema de escurecemento, será de preferencia as contrafiestras, fraileros e cuarteirón que deberán ser pintados na mesma cor que as fiestras.

   Soamente se toleran as persianas enrolables na nova edificación. As persianas haberán de ser interiores e o seu material e tratamento de cor serán iguais aos das fiestras.

3. En edificios con solucións de acabado de fachada en pedra, as galerías acristaladas deberán pintarse na mesma cor que a fiestraxe do edificio, recomendándose o emprego das cores máis escuras.

   Nos edificios con solucións de acabado de fachadas mixtas de pedra e enfuscado as galerías deberán ser pintadas en cor branca.

   Por último, en edificios con solucións de acabado de fachadas en enfuscado, as galerías deberán pintarse en cor branca, sexa cal sexa a cor da fiestraxe do edificio.

4. Admítense solucións con cristais múltiples coas seguintes determinacións:

   - Prohíbese o emprego de bordóns sobre un cristal único imitando despece de cristais e falsas particións do vidro non aparentes na súa cara exterior.
   - O despece empregado será o utilizado nas fiestras existentes.
   - Prohíbese o emprego de vidros reflectantes.

5. Nos supostos de ampliación de plantas, as novas carpinterías exteriores haberán de respectar o deseño, disposición construtiva, materiais, cor e escuadría das existentes no resto do edificio, sempre que estas se axusten á presente Normativa.

Art. 113. Enreixados

1. Os ocos de fiestras de balcón incorporarán elementos de protección en forma de varandas con balaústres en madeira pintada ou metálicas en tubo, perfís ou pletinas. Colocaranse entre caras interiores de xambas, sen sobresaír respecto ao plano de fachada.

   Nos balcóns realizaranse balaústres compostos predominantemente por elementos metálicos verticais.

   O deseño das elementos de reixa poderán interpretar coa maior sinxeleza os esquemas tradicionais ou aplicar solucións formais actuais con criterios de sobriedade e integración no contorno. Rexeitaranse solucións imitativas das balaústres de forxa tradicional, salvo en actuacións de restauración ou de reposición de elementos catalogados. Especialmente prohíbense reixas de protección en fiestras e de cerramento en portas de acceso ao edificio e aos locais comerciais imitando forxa tradicional.

2. Todos os elementos metálicos na fachada, poderán ser pintados, utilizando para iso pinturas especiais para ferro carentes de brillo. Para os elementos de forxa tradicional recoméndase substituír o pintado polo pavonado.

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

Art. 114. Beirados e cornixas

1. As fachadas deberán rematarse con beirados ou cornixas, salvo casos excepcionais debidamente xustificados en razón do deseño xeral da fachada. A adopción das solucións construtivas e a súa definición formal será acorde coa configuración e catalogación do edificio, a composición xeral da fachada e as características do contorno.

   Prohíbese expresamente o voo ou a exposición en fachada de elementos estruturais das cubertas, vigas, zócolos, lousas inclinadas ou forxados.

2. Os beirados definiranse con solucións de deseño actual, baseadas na interpretación das beirados tradicionais. Os beirados poderán voar entre 0,40 metros e 0,60 metros medidos horizontalmente desde o plano de fachada dependendo do tipo de corpo voado.

   En caso de que o edificio colindante se encontre catalogado e dispoña de beirado, axustarase ao voo do mesmo.

3. Na nova edificación ou ampliación das existentes, as cornixas interpretarán con criterio de deseño actual as solucións tradicionais predominantes. Poderán realizarse en pedra ou formigón. A súa anchura no arranque do plano de fachada non será superior a 0,30 metros.

4. Os beirados e cornixas construídos en pedra labrada ou laxas pétreas non poderán pintarse.

   Se están construídos en madeira deberán ir pintados na mesma cor que a empregada na fiestraxe do edificio, ou na galería se fosen a súa coroación.

   Se estivera realizado con morteiro, levará a mesma cor que o resto dos relevos.

   Poderán presentar o acabado de formigón visto cando sexa esta a súa condición material.

Art. 115. Cubertas. Forma e materiais

A cuberta será inclinada, coas pendentes resultantes da aplicación do art. 96 da presente Normativa, a dúas ou tres augas con faldróns continuos que arrancan desde o bordo de cornixa e nunca desde petos e recrecidos. Con carácter xeral empregarase a tella árabe curva. Nos casos de edificios catalogados que en orixe foran proxectados con cuberta de material nobre, distinto o de tella árabe, deberán recuperar ou conservar o material orixinal. As cubertas das galerías serán de cinc.

Excepcionalmente poderán autorizarse outro tipo de solucións de cuberta para edificios de nova construción de carácter dotacional. Nestes casos, cando a composición e deseño xeral da fachada responda aos criterios formais contemporáneos, atendendo á significación da súa presenza na escena urbana, poderán utilizarse solucións singulares de cuberta, así como outros materiais, coma a chapa de cobre ou zinc, sempre que se garanta a súa adecuada integración.

Na nova edificación ou nas actuacións de ampliación ou adecuación da existente, prohíbense os elementos de construción que sobresaian do plano inclinado do faldrón da cuberta, agás os permitidos na presente Normativa. A iluminación e ventilación do espazo baixo cuberta haberá de resolverse mediante aperturas enrasadas no plano do faldrón con lucernarios nas condicións establecidas para elementos sobre o plano de cuberta; as súas carpinterías poderán presentarse na súa cor natural ou con pigmentos que a escurezan. Nos supostos de lucernarios de ventilación en patios poderán sobresaír do plano de cuberta o mínimo imprescindible para cumprir a súa función, xustificada no propio proxecto de intervención.

Art. 116. Canos e baixantes de pluviais e de cableado

1. As baixantes de pluviais e de cableado subterráneo situaranse nos eixes de medianeira e serán de percorrida vertical procurando evitar os cóbados. Prohíbese o incrustamento de baixantes no muro medianeiro.

   Se o material empregado non é resistente a impacto protexerase con cubrebaixantes metálicos ata unha altura máxima de 2 metros.

2. As baixantes acometeranse por medio de arquetas ao sumidoiro xeral da rúa ou ás conducións de cableado subterráneo. O encontro entre o cano e baixante de pluviais racionalizarase para evitar cóbados innecesarios procurando que forme un único plano coa baixante.

3. As baixantes e canos deberán ser pintados da mesma cor que o elemento arquitectónico sobre o que se apoian, coa excepción de que sexa de pedra, en cuxo caso se realizará en zinc-titanio ou cobre. Os cubrebaixantes pintaranse en igual cor que os enreixados.

Art. 117. Chemineas e condutos de ventilación

1. A dimensión e volume de novas chemineas e condutos de ventilación axustarase aos mínimos que garantan o seu correcto funcionamento, debéndose situar na lumieira ou próximas á liña de cumieira e agrupadas, reducindo ao mínimo o número de volumes sobre cuberta.

2. As chemineas recibirán as seguintes tratamentos:

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

- Chemineas de cantería: non poderán ser revocadas nin pintadas. Admítense sobre elas rexuntado con morteiros bastardos de cal e area entoados coa cor da pedra.
- Chemineas de cachotería revocada: deberán tratarse con igual cor que as medianeiras.
- Chemineas de ladrillo: deberán ser enfuscadas en morteiros bastardos de cal, cemento e area e pintadas nun cor igual á das medianeiras.

3. Toléranse os condutos cilíndricos metálicos, de diámetro menor ou igual a 15 cm. O aspirador manterá igual diámetro que o tubo sobre o que se instala. Será obrigatorio o seu pintado en cor igual á das medianeiras. No exterior prohíbense expresamente as chemineas de aceiro inoxidable sen revestir ou sen tratamento cromático axeitado.

Art. 118. Antenas

En tanto non se dispoña de redes de servizo, permítese unha única antena por edificio e sistema, debendo estar ao previsto no art. 50 da presente Normativa.

Art. 119. Portadas e escaparates de locais

As fachadas de plantas baixas dos edificios proxectaranse conxuntamente e construíranse simultaneamente co resto da fachada.

Compoñeranse seguindo a modulación de ocos de plantas superiores, alternando vans e macizos, de acordo co establecido no art. 110 da presente Normativa.

As portadas de locais comerciais non poderán ocultar con ningún revestimento os acabados das muros, machóns e zócolos do edificio. Nos paramentos de muros e machóns só se admitirá a colocación de rótulos e bandeirolas coas características que se sinalan nas artigos 121 e 122 da presente Normativa.

Os escaparates situaranse nos ocos correspondentes, non podendo sobresaír do plano de fachada.

A carpintería exterior estará en consonancia coa empregada en plantas superiores. Os cerramentos de ocos exteriores estarán ao establecido no art. 112 da presente Normativa.

Art. 120. Toldos e marquesiñas

Os toldos poderán ser autorizados polo Concello previa solicitude acompañada de deseño que indique dimensión, forma, cor, material e sistema de ancoraxe, os toldos enrolables en locais de planta baixa con fronte a espazo dunha vía pública de anchura maior ou igual de 10 m. Neste caso a súa altura non será inferior a 2,20 metros en ningún punto, serán de lona ou similar en cores planos, non se permiten faldróns laterais nin outra rotulación que a denominación do establecemento no faldrón dianteiro.

Non se autorizan marquesiñas.

Art. 121. Rótulos e anuncios en planta baixa

Autorízanse as seguintes tipos de rótulos de locais comerciais en planta baixa, previa solicitude acompañada de deseño que indique dimensión, forma, cor, material e sistema de ancoraxe.

a) Nunha franxa encaixada baixo o lintel do oco de fachada, remitida respecto á cara exterior do recercado ou do muro. Esta franxa ou banda non poderá ter unha anchura superior a 0,50 metros.

   Poderá executarse en madeira pintada, chapa metálica esmaltada ou lacada, vidro, metacrilato, pedra ou outros materiais acordes co edificio e o contorno inmediato, prohibíndose explicitamente outros materiais plásticos, aceiro inoxidable, aluminio na súa cor natural ou acabados metalizados brillantes.

b) En placas acaroadas a muros de fachada.

   Estas placas terán unha forma acorde coa composición de fachada, non pudendo ter unha anchura superior a 2/3 da anchura do machón, nin unha altura superior a 1/3 da súa altura.

   Estarán separadas da cara exterior do machón polo menos 2,5 cm e suxeitaranse ao mesmo mediante grampas ou patillas.

   As placas poderán ser de metacrilato ou de vidro transparente, translúcido ou opaco, tanto liso coma gravado; de chapa metálica esmaltada ou lacada; de pedra, de bronce, latón ou doutros materiais acordes. Prohíbense explicitamente outros materiais plásticos, aceiro inoxidable, ou aluminio na súa cor natural e outros acabados metalizados brillantes.

   A iluminación de fachada de locais comerciais non se efectuará mediante focos exteriores á mesma.

   Prohíbense os rótulos luminosos e a iluminación de escaparates de locais mediante lámpadas fluorescentes de cor.

Art. 122. Rótulos en bandeirola

Enténdese por bandeirola a disposición dos anuncios do establecemento perpendiculares ao plano de fachada.

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

Poderán ser autorizados polo Concello previa solicitude acompañada de deseño que indique dimensión, forma, cor, material e sistema de ancoraxe.

En rúas de ancho menor de 5 m, ou en ausencia de beirarrúas, prohíbense este tipo de rótulos, salvo que a rúa teña carácter peonil.

Só poderán colocarse a unha altura sobre rasante oficial superior aos 2,20 metros, cun saínte máximo de 60 cm e unha dimensión vertical máxima de 50 cm, situándose exclusivamente en planta baixa.

En caso de incluír unha placa para a colocación do rótulo ou outro elemento gráfico, esta poderá ser metálica esmaltada ou lacada, de metacrilato ou vidro de seguridade, bronce, madeira ou outros materiais acordes.

Prohíbense expresamente os rótulos en bandeirola de plástico e os luminosos.

A iluminación dos rótulos en bandeirola non poderán efectuarse con focos exteriores.

Art. 123. Rótulos e anuncios en plantas altas

Prohíbese calquera tipo de rótulo, anuncio ou bandeirola en plantas distintas da baixa.

CAPÍTULO III. NORMAS XERAIS DE USO

Art. 124. Tipos de usos

Para os efectos da aplicación da presente Normativa establécense os seguintes tipos de uso que desenvolven os contemplados como básicos no vixente planeamento municipal:

. Usos principais. Son os maioritarios nun edificio ou conxunto urbano, admitíndose, non obstante, o desenvolvemento doutros compatibles .

. Usos compatibles. Son aqueles que poden desenvolverse conxuntamente co uso principal, nunha proporción cuantitativamente secundaria.

. Usos tolerados. Son aqueles usos que se permiten excepcionalmente acompañando aos principais e aos compatibles, coa intensidade e extensión máxima determinadas no Plan.

Para os efectos da identificación do carácter das dotacións de equipamento comunitario, estas diferenciaranse en públicas, privadas e eclesiásticas.

Son públicos os equipamentos e dotacións que se desenvolven en inmobles de titularidade dos entes e administracións públicas ou institucións de dereito público, prestando un servizo de carácter público.

Son privados os equipamentos comunitarios de servizos prestados por persoas físicas ou xurídicas de natureza privada.

Son institucionais os equipamentos comunitarios de servizos prestados, en exercicio das funcións que lles son propias, polas entidades e institucións.

Art. 125. Clasificación dos usos

Para os efectos da súa asignación pormenorizada e da regulación das súas condicións particulares, establécese a seguinte clasificación:

Residencial.

Residencial comunitario.

Hoteleiro.

Comercial.

Oficinas.

Salas de reunión.

Industrial.

Garaxe-aparcadoiro e servizo do automóbil.

Docente.

Sanitario.

Asistencial.

Sociocultural.

Relixioso.

Deportivo.

Recreativo.

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

Servizos urbanos.

Administración pública e institucional.

Art. 126. Regulación do uso residencial

1. Modalidade do uso cando a residencia se destina ao aloxamento de unidades familiares ou asimilables. Considerararanse incluídos neste uso os despachos profesionais rexentados polo usuario da vivenda.

2. Condicións xerais.

   O uso vivenda establécese como principal no conxunto do ámbito do Plan Especial, salvo indicación expresa en contra.

   Nas edificacións catalogadas, con carácter xeral non se incrementará o número de vivendas. Tolérase, no marco dunha actuación xeral sobre a edificación, a subdivisión de vivendas maiores de 150 m^2 sempre que iso sexa posible sen alterar os elementos básicos de organización da edificación, e as vivendas resultantes teñan unha superficie útil mínima de 70 m^2. O número de vivendas resultante, superior a dúas, non incrementará en máis dun 50% as existentes no edificio; salvo que a vivenda subdividida ocupara o dobre das existentes. As vivendas resultantes cumprirán todas as condicións establecidas na presente Normativa.

   En calquera caso non se permitirá a subdivisión de inmobles completos que presenten na actualidade o carácter de vivenda unifamiliar.

   Tolérase o uso do baixo cuberta como vivenda independente só nos caso nos que xa exista como tal, e como solución preferible a outras que supoñan maior degradación das características do edificio obxecto de protección.

   Para os efectos das condicións de habitabilidade estarase ao establecido no Anexo de Habitabilidade que acompaña ao presente Plan Especial.

3. Dotación de aparcamentos.

   Non será esixible a dotación de aparcamentos ao interior do ámbito declarado BIC. No resto do ámbito, non será esixible cando da súa cumprimentación deveñan prexuízos para os valores culturais e arquitectónicos que se pretende protexer.

Art. 127. Regulación do uso hoteleiro

1. Comprende o uso terciario de servizo ao público para aloxamento temporal de persoas.

2. Clasificación.

   Establécense as seguintes categorías:

   Categoría 1ª: cunha superficie maior de 600 m^2 ou cunha capacidade maior de 30 prazas.

   Categoría 2ª: cunha superficie non maior de 600 m^2 ou con capacidade non superior a 30 prazas.

3. Condicións xerais.

   O uso hoteleiro establécese como compatible en todo o ámbito do Plan Especial, ocupando edificio exclusivo, sen prexuízo da obriga de garantir o mantemento dos caracteres determinantes da edificación e os seus elementos catalogados, e permitíndose o uso complementario comercial en planta baixa.

4. Dotación de aparcamentos.

   Non será esixible a dotación de aparcamento ao interior do ámbito declarado BIC. No resto do ámbito non será esixible cando da súa cumprimentación deveñan prexuízos para os valores culturais e arquitectónicos que se pretende protexer.

Art. 128. Regulación do uso comercial

1. Comprende o servizo terciario destinado a subministrar mercancías ao público mediante venda polo miúdo, venda de comidas e bebidas para consumo no local ou prestación de servizos persoais.

2. Clasificación.

   A efectos da aplicación destas Normas, establécense as seguintes categorías:

   Categoría 1ª: edificios con máis do 60 por 100 da superficie total destinada a usos comerciais.

   Categoría 2ª: locais comerciais en primeiro soto, semisoto e planta baixa.

   Categoría 3ª: locais comerciais en pasaxes ou galerías.

   Para os efectos da tipificación das actividades que se desenvolvan establécense as seguintes clases:

   Clase I. Venda polo miúdo, comprende o servizo terciario destinado ao subministro de mercancías ao público.

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

Clase II. Hostelería, venda de comidas e bebidas para consumo no local.

Clase III. Servizos persoais como perruquerías, establecementos de beleza e similares.

3. Condicións xerais.

O uso comercial establécese como principal nas plantas baixas da edificación, e polo tanto compatible co uso residencial. Igualmente establécese como compatible en todo o ámbito do Plan Especial, ocupando edificio exclusivo, sen prexuízo da obriga de garantir o mantemento dos caracteres determinantes da edificación e os seus elementos catalogados, tolerando a vivenda vinculada a dito uso.

Na clase I e II tolérase o uso comercial en plantas altas vinculadas á planta baixa, sempre que a súa implantación ocupe un só establecemento ou espazo total dunha unidade de vivenda e non altere a organización espacial de modo que non se impida a súa recuperación para o uso de vivenda, e sempre que a proporción entre este uso e o de vivenda sexa como mínimo 1:1 en termos de superficie construída, descontada a planta baixa.

Na clase III tolérase o uso comercial en plantas altas da edificación, sempre que a proporción entre este uso e o de vivenda sexa como máximo 1:1 en termos de superficie construída (considerándose neste cómputo a planta baixa), a súa implantación ocupe un só establecemento o espazo total dunha unidade de vivenda e non altere a organización espacial de modo que se impida a súa recuperación para o uso de vivenda.

Nas edificacións xa existentes no momento da aprobación do Plan Especial, permitirase o mantemento do uso comercial exclusivo ou maioritario respecto da superficie total.

En edificios catalogados ou con parcelario protexido, os usos comerciais existentes poderán manter a conexión directa que tiveran con vivendas, caixa de escaleiras de vivendas ou portal.

4. Dotación de aparcamentos.

Non será esixible a dotación de aparcamento ao interior do ámbito declarado BIC. No resto no ámbito non será esixible cando da súa cumprimentación deveñan prexuízos para os valores culturais e arquitectónicos que se pretende protexer.

Art. 129. Regulación do uso oficinas

1. Comprende as actividades terciarias que se dirixen como función principal á prestación de servizos administrativos, de xestión, información, financeiros ou profesionais.

2. Clasificación.

Para os efectos da súa regulación diferenciaranse as seguintes clases:

Clase I. Despachos de profesionais liberais cun máximo de cinco empregos.

Clase II. Oficinas administrativas, técnicas, de xestión, información ou de servizos financeiros, profesionais, etc.

Clase III. Institucional privado. Sedes de institucións, empresas, sociedades ou asociacións de carácter privado que ademais de desenvolver as actividades propias do uso oficinas integran usos dotacionais de tipo asistencial, socio-cultural, docente ou recreativo nunha porcentaxe mínimo do 20% da superficie.

3. Condicións xerais.

O uso de oficinas establécese como tolerado nas plantas baixas da edificación. En Clase I e II tolérase o uso de oficinas en plantas altas da edificación, sempre que a súa implantación ocupe cun só establecemento o espazo total dunha unidade de vivenda, e non altere a organización espacial de modo tal que se impida a súa recuperación para o uso de vivenda. En clase III tolérase o uso de oficinas en edificio exclusivo.

Nas edificacións xa existentes no momento da aprobación do Plan Especial, permitirase o mantemento do uso oficinas exclusivo ou maioritario respecto da superficie total.

O uso oficina establécese como compatible en todo o ámbito do Plan Especial, ocupando edificio exclusivo, sen prexuízo da obriga de garantir o mantemento dos caracteres determinantes da edificación e os seus elementos catalogados, tolerándose a vivenda vinculada a dito uso.

4. Dotacións de aparcamentos.

Non será esixible a dotación de aparcamento ao interior do ámbito declarado BIC. No resto no ámbito non será esixible cando da súa cumprimentación deveñan prexuízos para os valores culturais e arquitectónicos que se pretende protexer.

Art. 130. Regulación do uso industrial

1. Enténdese nestas Normas por uso de industria o correspondente ao conxunto de operacións que se executen para a obtención de primeiras materias, a súa posterior transformación, o seu envasado, almacenaxe, distribución e reparación.

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

2. Condicións xerais.

Tan só se consideran permitidas dentro do ámbito do Plan Especial as actividades industriais e talleres de artesanía compatibles coa vivenda. É dicir, aquelas que non supoñen prexuízos de ningún tipo á vivenda e poden por tanto desenvolverse nos mesmos inmobles residenciais.

Enténdese por talleres de artesanía os locais onde se desenvolven operacións e oficios artesáns de carácter eminentemente manual.

O uso industrial establécese como tolerado só na variante dos talleres de artesanía nas plantas baixas da edificación de vivenda colectiva, e en calquera posición na de vivenda unifamiliar.

3. Dotación de aparcamentos.

Non será esixible a dotación de aparcamentos.

Art. 131. Regulación do uso garaxe-aparcadoiro e servizo do automóbil

1. É o correspondente á garda e estacionamento habitual de vehículos, así como o seu mantemento e entretemento.

2. Condicións xerais.

Para os efectos da súa regulación autorizándose en plantas soto, plantas baixas da edificación, sempre que en ambos os dous casos a fronte da parcela sexa superior a seis metros e non afecte a elementos suxeitos a protección, e en espazos libres de parcela.

No ámbito do Plan Especial prohíbense as Estacións de Servizo, talleres de mantemento, entretemento e limpeza de automóbiles.

Art. 132. Regulación dos restantes usos

1. Clasificación.

Os restantes usos, identificados polo seu carácter dotacional, clasifícanse do seguinte modo:

Escolar. Comprende o uso dotacional correspondente ás actividades formativas, de ensino e as complementarias con elas relacionadas.

Sanitario. Corresponde ás actividades de prestación de asistencia médica e servizos hospitalarios.

Asistencial. Corresponde a aquelas actividades de tipo social de servizo a grupos que demandan unha atención diferenciada (centros para anciáns, educación de minusválidos, asilos, garderías, etc.). Cando expresamente se autorice na regulación particular do equipamento, poderá incluír o aloxamento temporal en albergues que haberán de estar ás condicións establecidas para o uso hoteleiro.

Sociocultural. Comprende as actividades culturais, asociativas e de relación social que impliquen locais permanentes (casas de cultura, museos, bibliotecas, etc.).

Relixioso. Comprende as actividades relacionadas co culto e a residencia comunitaria de persoas relacionados coas actividades propias das organizacións relixiosas.

Deportivo. Refírese ás actividades relacionadas coa práctica da cultura física e o deporte.

Recreativo. Comprende as actividades relacionadas co ocio e recreo con primacía do seu carácter cultural tales coma teatro, cine, espectáculos, música, etc., que necesiten espazos especializados para o seu desenvolvemento.

Servizos urbanos. Comprende aquelas dotacións destinadas á provisión de servizos públicos de carácter específico desenvolvidos por organismos públicos ou por entidades privadas de carácter subsidiario tales coma mercados de abasto, centros de comercio básico, instalacións de comunicación, de subministros de servizos urbanísticos, etc.

Administrativo público e institucional. Comprende as dotacións destinadas ao exercicio da administración pública, ao desenvolvemento das funcións públicas institucionais e á prestación de servizos públicos.

2. Condicións xerais.

Con carácter xeral o uso dotacional autorizase en edificación exclusiva no conxunto do ámbito do Plan Especial e isto sen prexuízo da obriga de garantir o mantemento dos seus elementos catalogados.

As instalacións dedicadas a estes usos ateranse ao disposto polos organismos competentes en cada caso, coas especificacións e condicións que no seu caso fixan as presentes Normas.

As instalacións dedicadas a servizos urbanos definidas na tipificación de usos das presentes Normas, ateranse ademais ao establecido nas mesmas para a actividade industrial ou terciaria que, de ser o caso, desenvolvan.

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

Cando o uso dotacional comparta edificio co uso principal residencial establécese o seguinte orde de tolerancia:

a) Con carácter xeral tolérase en planta baixa da edificación.

b) En plantas altas da edificación toléranse usos dotacionais de carácter asistencial, sociocultural e escolar (vinculado á planta baixa), sempre que a proporción entre este uso e o residencial sexa como máximo 1:2 en termos de superficie construída, descontada a planta baixa, a súa implantación ocupe un só establecemento o espazo total dunha unidade de vivenda e non altere a organización espacial de xeito tal que se impida a súa recuperación para o uso vivenda.

Art. 133. Regulación dos usos existentes

Os usos existentes con anterioridade á entrada en vigor do presente Plan Especial que resulten non autorizables en aplicación das normas anteriores, poderán manterse, permitíndose as obras de mantemento de seguridade, accesibilidade, salubridade, hixiene e ornato; podendo autorizarse obras parciais de consolidación e de cambio de usos e actividades, sempre e cando non resulten incompatibles co feito residencial, cualificados como Actividades Molestas, Nocivas ou Perigosas. En relación a estes últimos non se permitirán as obras tendentes á súa consolidación ou modernización.

CAPÍTULO IV. CONDICIÓNS HIXIÉNICO-SANITARIAS, DE HABITABILIDADE E ACCESIBILIDADE

Art. 134. Aplicación

As presentes condicións hixiénico-sanitarias e de habitabilidade serán de obrigado cumprimento en todo tipo de obras de nova edificación. Igualmente serán de aplicación en todo tipo de obras nos edificios non suxeitos a catalogación individualizada. Por último, estarase ás mesmas nas actuacións de reestruturación xeral en edificación suxeita a catalogación individualizada.

No resto das obras nos edificios suxeitos a protección individualizada non serán de aplicación na medida en que diso se derivara unha alteración das condicións arquitectónicas e estruturais que se pretenden protexer. Iso sen prexuízo de que ditas obras deban tender á mellora das condicións hixiénico-sanitarias e de habitabilidade.

No non contemplado nesta Normativa estarase ao disposto na lexislación vixente salvo que as súas determinacións se opoñan ás de salvagarda e protección do conxunto histórico-artístico e que emanan do presente Plan Especial.

Art. 135. Condicións mínimas de habitabilidade

Toda vivenda cumprirá as condicións mínimas de habitabilidade establecidas no Decreto 29/2010 de 4 de marzo polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivenda de Galicia.

Para os efectos da súa aplicación terase en conta o establecido no Capítulo VI do mencionado Decreto, incorporando ao presente Plan Especial un Anexo de Habitabilidade para os efectos de determinar o limiar mínimo de habitabilidade (L.M.H.).

Art. 136. Protección contra incendios

1. As construcións deberán cumprir as medidas que en orde á protección contra incendios, establece o Documento Básico do Código Técnico de Edificación CTE.DB-HS. Igualmente deberán cumprir calquera outra regulamentación vixente na materia.

2. Serán de cumprimento obrigado as disposición municipais que o Concello tivera aprobadas para incrementar a seguridade preventiva dos edificios e para facilitar a evacuación de persoas e a extinción do incendio se chegara a producirse.

3. Cando a xuízo do Concello unha instalación non poida alcanzar, unhas condicións correctas de seguridade para si mesma e para o seu contorno, ofrecendo riscos non corrixibles para persoas e bens, poderá declararse fóra de ordenación, forzándose a erradicación do uso e o peche da instalación.

4. As construcións existentes deberán adecuarse á regulamentación de protección contra incendios, na medida máxima que permita a súa tipoloxía, materiais e funcionamento.

   En toda caso as obras de reforma non poderá menoscabar as condicións de seguridade preexistentes, se estas resultasen menos estrictas que as esixibles conforme á normativa vixente, e tenderán a aumentar a seguridade das construcións existentes.

Art. 137. Condicións mínimas de accesibilidade

1. Todo edificio cumprirá as disposicións sobre accesibilidade na edificación establecidas na Lei 10/2014, do 3 de decembro, de Accesibilidade, na Comunidade Autónoma de Galicia, e as súas disposicións adicionais, transitorias, derrogatoria e derradeiras. Para os efectos será de aplicación o art. 29 da citada Lei. Igualmente se estará ao establecido na normativa básica estatal recollida no R.D. 173/2010, de 19 de febreiro, que modifica o CTE en materia de accesibilidade; e calquera outra regulamentación vixente na materia, atendendo, en todo caso, ás condicións propias das edificacións obxecto de protección no plan especial do conxunto histórico declarado e o seu contorno de protección.

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

2. Tolérase a instalación de aparellos elevadores sempre e cando á súa implantación non afecte a elementos ou espazos catalogados.

TITULO VII. DAS LICENZAS MUNICIPAIS

CAPÍTULO I. LICENZAS

Art. 138. Actos de edificación e uso do solo

1. Están suxeitos a licenza urbanística todos aqueles actos recollidos na lexislación, que teñan por obxecto a intervención por ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo, regulados neste Plan e que non se exclúa expresamente da necesidade de licenza. A licenza permitirá o control administrativo do cumprimento da lexislación do solo.
2. Estarán suxeitos a previa licenza municipal, independentemente das autorizacións que fosen procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, as parcelacións urbanísticas, os movementos de terra, as obras de nova planta, a modificación da estrutura ou aspecto exterior das edificacións existentes, a primeira utilización dos edificios e a modificación do uso dos mesmos, a demolición de construcións, a colocación de carteis de propaganda visibles desde a vía pública, os peches e valados de fincas e demais actos determinados pola lexislación do solo.
3. A efectos do outorgamento de licenza, teñen consideración de Obra Maior e por tanto requiren a aportación dun proxecto técnico, as contempladas nestas normas segundo os seguintes tipos:
   - As de reestruturación, consolidación, rehabilitación e exteriores.
   - As de demolición.
   - As de nova edificación.
   - As actuacións estables.
   - As que afecten a edificios protexidos coa categoría de BIC ou incluídos no catálogo.
4. Teñen consideración de Obra Menor, sen prexuízo que dada a magnitude da intervención en relación ao contorno de que se trate ou a incidencia sobre edificios protexidos, aspectos de seguridade ou incidencia medioambiental e paisaxística requiriran a consideración de obra maior, as previstas como:
   - Mantemento.
   - Conservación.
   - Actuacións provisionais.

Art. 139. Licenzas en edificios ou conxuntos catalogados

1. En virtude do establecido na L.P.C.G., nos Monumentos declarados Bens de Interese Cultural non poderá realizarse obra interior ou exterior que afecte directamente a inmoble ou a calquera das súas partes integrantes ou pertenzas, sen autorización expresa dos organismos competentes para a execución da L.P.C.G. Será preceptiva a mesma autorización para colocar en fachada ou en cuberta calquera rótulo, sinal ou símbolo.
2. Desde a aprobación definitiva do Plan Especial, o Concello será competente para autorizar directamente as obras que afecten a inmobles que non sexan Monumentos declarados, debendo dar conta á Administración competente das autorizacións ou licenzas concedidas, no prazo máximo de dez días desde a seu outorgamento. As obras que se realicen ao abeiro de licenzas contrarias ao Plan aprobado serán ilegais, e a Administración competente poderá ordenar a súa reconstrución ou demolición con cargo ao organismo que outorgara a licenza en cuestión.
3. Coa solicitude de licenzas de obras suxeitas ás condicións do número 1 anterior deberá presentarse un exemplar adicional do proxecto correspondente ao efecto da súa remisión á Administración de Patrimonio, para o seu informe preceptiva. O tempo de tramitación en dita organismo descontarase do prazo para a resolución do expediente de licenza municipal. O proxecto deberá acompañarse con cantas fotografías, fotomontaxes, perspectivas e estudos de conxunto sexan necesarias para mostrar a adecuación da obra proxectada ao monumento e a seu contorno, e en calquera caso ao establecido no artigo 43 da L.P.C.G.
4. As obras que requiran autorización administrativa, realizadas sen que fose concedida dita autorización serán ilegais e o Concello ou, de ser o caso, a Administración competente en materia de protección do Patrimonio Histórico, poderán ordenar a súa reconstrución ou demolición con cargo ao responsable da infracción nos termos previstos pola lexislación urbanística.
5. O Concello poderá solicitar informe previo da Administración de Patrimonio sobre aquelas obras suxeitas a licenza que, ao seu criterio, ofrezan un dubidoso resultado estético ou poidan non harmonizar co ambiente urbano en que estiveran situadas. Neste caso a documentación de solicitude de licenza, xunto co informe técnico municipal correspondente, remitiranse á Administración de Patrimonio cos mesmos efectos do número 3 anterior, pero sen que neste caso sexa vinculante o informe deste organismo.

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

6. Toda solicitude de licenza de demolición parcial así como as de enfuscado, reparación ou reforma de fachada, ou carpintería exterior en edificios catalogados, deberá acompañarse de fotografías a cor da edificación existentes e planos a escala mínima 1:100.
7. Os técnicos municipais en calquera circunstancia e nos distintos graos de protección poderán solicitar ou requirir todo tipo de documentación complementaria e incluso, o acceso á propiedade, para determinar os elementos de valor susceptibles de ser conservados.

TÍTULO VIII. NORMAS PARTICULARES DE ZONA

CAPÍTULO I. ORDENANZAS REGULADORAS TIPO

Art. 140. Ordenanza do Recinto Intramuros (R.I.)

1. Delimitación e ámbito.

   Aplícase esta Ordenanza ao antigo burgo medieval intramuros, tal e como se delimita en planos de ordenación.

2. Criterios de parámetros de ordenación.

   Para este ámbito, o Plan Especial dá por rematado o seu proceso de construción, polo que a súa regulación se establece sobre a base xeral da conservación do volume actual.

   Establécese o mantemento do actual coeficiente de ocupación, e polo tanto da liña de edificación interior e das aliñacións exteriores da edificación principal, tal e como se indica en planos de cualificación e codificación.

   Non se permiten construcións por detrás da liña de edificación interior establecida en planos de ordenación, o sobrante de parcela haberá de acondicionarse como espazo libre privado. Naqueles espazos libres privados que non presenten tratamento de axardinamento ou arborado e non se sitúen en contacto con espazos libres públicos, poderán tolerarse estruturas lixeiras desmontables e diáfanas en todos os seus paramentos co mesmo uso que a planta baixa. As súas carpinterías ou elementos construtivos pintaranse de cor das carpinterías do resto da fachada traseira.

   Cando os espazos non edificados dean fronte a espazos libres públicos, haberán de cercarse con muros pétreos, en continuidade cos existentes.

   Exceptúanse destas condicións aqueles cercados catalogados que presenten unha disposición ou materiais diferentes.

   A altura máxima de edificación determínase en planos e alzados de ordenación, medíndose da forma prevista nos artigos 90 e 91 da presente Normativa.

   Non se autorizan sotos, semisotos e entreplantas, salvo os xa existentes en edificios catalogados.

   Por riba da altura máxima permitiranse aproveitamentos baixo cuberta sempre que queden inscritos no plano de cuberta definido por aplicación do artigo 94 da presente Normativa. O uso do aproveitamento baixo cuberta haberá de vincularse obrigatoriamente ao da planta inmediatamente inferior, salvo que dito uso sexa o de instalacións complementarias do conxunto do edificio (trasteiros, instalacións, tendedoiros, etc.).

   De acordo co art. 85 da presente Normativa, manterase a estrutura parcelaria actual, non permitíndose máis agregacións ou segregacións que as reguladas na presente Normativa.

3. Aliñacións e rasantes.

   Mantéñense as actuais aliñacións e rasantes que terán a consideración de oficiais. Incorporaranse ao espazo público peonil tanto as venelas e servidumes de paso, consideradas como tales en planos de ordenación como aquelas que cheguen a publificarse en desenvolvemento do Plan, ben mediante actuacións de expropiación ou asociadas a actuacións xerais sobre a edificación.

4. Usos.

   Establécese como uso permitido global, no ámbito da ordenanza, o residencial compatible en edificación exclusiva, co hoteleiro, escolar, administración pública, socio-cultural e asistencia social.

   O uso principal da edificación será o residencial. Establécense como usos compatibles os seguintes:

   . Comercial en categoría 2ª.

   . Oficinas.

   . Socio-cultural.

   . Escolar.

   . Sanitario.

   . Talleres industriais e artesanais.

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

5. Protección das características tipolóxicas, etnográficas e construtivas da edificación suxeita a protección.

Conforme ao establecido na L.P.C.G. establécese unha salvagarda xeral sobre o conxunto do ámbito de ordenanza, tendente ao mantemento dos modos de construír, organización e estrutura dos edificios que definen a súa tipoloxía característica.

De acordo co anterior primarase o mantemento das actuais armazóns horizontais de madeira, como sistema estrutural máis idóneo orixinario, nos edificios catalogados, así como as estruturas de tapias. Neste sentido priorizaranse sobre os mesmos as actuacións de conservación, mantemento e reparación fronte ás de substitución. As actuacións de substitución, incluso por materiais diferentes haberán de manter a lóxica estrutural orixinaria.

En todo caso haberán de manterse as estruturas pétreas verticais existentes, na súa función resistente.

Co fin de garantir a pervivencia da organización interna manteranse a posición orixinaria dos accesos e caixa de escaleira sempre e cando esta non teña sufrido alteracións desnaturalizadoras.

O Concello e demais administracións competentes facilitarán o cumprimento do precedente mediante o fomento de recuperación dos oficios construtivos tradicionais.

Art. 141. Ordenanza de Áreas Urbanas Históricas Inmediatas (A.U.).

1. Delimitación e ámbito.

Aplícase esta ordenanza á primeira periferia histórica do recinto intramuros, tal e como se indica en planos de ordenación.

2. Criterios e parámetros de ordenación.

Para este ámbito, que presenta unha singular e característica arquitectura, o Plan Especial dá por culminado o proceso de elaboración da forma do espazo público, aínda que a regulación desta cualificación debe de ser compatible cunha dinámica de rehabilitación e mellora, de acabado puntual da volumetría e de corrección de engadidos inconvenientes, sobre a base xeral da conservación da ocupación en planta.

De acordo co anterior establécese o mantemento da actual ocupación en planta da edificación principal, e polo tanto da liña de edificación interior e aliñacións exteriores, tal e como se indica en planos de codificación e cualificación, fixándose neste último o fondo máximo edificable das novas edificacións e os axustes puntuais dos existentes. Establécese unha valoración positiva do espazo libre privado como compoñente da súa morfoloxía singular, polo que se manterá o arboredo existente, acondicionando o sobrante de parcela.

Autorízanse edificacións auxiliares dunha soa planta e altura máxima de 3,5 metros, ocupando como máximo o 10% da vacante de parcela e nunca máis de 30 m^2. Estas edificacións non poderán adosarse á edificación principal debendo integrarse no sistema de peches da parcela ou na composición do libre privado. As súas cubertas serán de tella árabe curva ou de madeira na súa cor ou de fábrica enfuscado e pintado de cor das medianeiras, as súas carpinterías serán pintadas ou lacadas na mesma cor que as da fachada traseira.

A altura máxima da edificación determínase en alzados de ordenación, medíndose na forma prevista nos art. 90 e 91 da presente Normativa.

Non se autorizan sotos, semisotos, nin entreplantas salvo os xa existentes ou os que resulten do desnivel entre a rasante da rúa e a rasante actual dos espazos libres privados interiores de máis de 60 cm.

Por enriba da altura máxima de edificación permitiranse aproveitamentos baixo cuberta. Dito aproveitamento estará inscrito no plano de cuberta da edificación, salvo que esta se considere polo presente Plan Especial como desconforme coa ordenación, en cuxo caso haberá de quedar inscrito no plano de cuberta definido por aplicación do art. 94 da presente Normativa.

O uso do aproveitamento baixo cuberta haberá de vincularse obrigatoriamente ao da planta inmediatamente inferior, salvo que dito uso sexa o de instalacións complementarias do conxunto do edificio.

As plantas ático considéranse a todos os efectos como unha planta da edificación. Mantéñense os áticos existentes que se indican en alzados de ordenación, debéndose adaptar os existentes ao regulado na presente Normativa cando así se estableza en ditos alzados.

De acordo co art. 85 da presente Normativa haberá de manterse a estrutura parcelaria actual, non permitíndose máis agregacións nin segregacións que as reguladas na presente Normativa.

3. Aliñacións e rasantes.

Mantéñense con carácter xeral as actuais aliñacións e rasantes que terán a consideración de oficiais, sen outros axustes que os que puntualmente se indican en planos de ordenación.

4. Usos.

Establécese como uso permitido global, no ámbito da ordenanza, o residencial, compatible en edificación exclusiva, co hoteleiro, escolar, administración pública, socio-cultural e asistencia social.

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

O uso principal da edificación será o residencial. Establécense como usos compatibles os seguintes:

. Comercial en categoría 2ª.

. Oficinas.

. Socio-cultural.

. Escolar.

. Sanitario.

. Talleres industriais e artesanais.

O uso das edificacións auxiliares será complementario do uso principal da edificación ou vinculado ao mantemento do espazo libre.

5. Protección das características tipolóxicas etnográficas e construtivas da edificación suxeita a protección.

De acordo co establecido no L.P.C.G. establécese unha salvagarda xeral sobre o conxunto do ámbito de ordenanza, tendente ao mantemento dos modos de construír, organización e estrutura dos edificios que definen a súa tipoloxía característica.

De acordo co anterior primarase o mantemento dos actuais entramados horizontais de madeira, como sistema estrutural máis idóneo por orixinario, nos edificios catalogados así como as estruturas de tapia. Neste sentido priorizaranse sobre os mesmos as actuacións de conservación, mantemento e reparación fronte ás de substitución. As actuacións de substitución, incluso por materiais diferentes, en edificios catalogados, haberán de manter o sistema tipolóxico estrutural orixinario.

En todo caso haberán de manterse as estruturas pétreas verticais existentes, na súa función resistente, e as de cerramentos en edificios catalogados.

O Concello e demais Administracións competentes facilitarán o cumprimento do precedente mediante o fomento da recuperación e o desenvolvemento de materiais, técnicas e oficios construtivos tradicionais.

6. Áreas de contorno ambiental.

Pola súa presenza no medio urbano identifícanse áreas de contorno ambiental que estarán ao establecido no art. 102.3 da presente Normativa. En desenvolvemento do Plan procederase nelas á redacción e execución de proxectos de cor, cunha función integradora. Ditas áreas son:

. Fachada traseira das rúas Doctor Casares e Abelardo Baamonte correspondente ao cuarteirón 23920.

. Fachada traseira das rúas Abelardo Baamonte, Comercio e Praza de España correspondente aos cuarteirón 23900.

. Fachada traseira da rúa Doctor Casares correspondente aos cuarteirón 22920 e 23930.

Art. 142. Ordenanza de Lineais Históricos Periféricos (L.H.).

1. Delimitación e ámbito.

Aplícase esta ordenanza ás pezas históricas de Abeledos e Santa Clara, vinculadas a camiños exteriores de estruturas urbanas de carácter lineal, tal e como se delimita en planos de ordenación.

2. Criterios e parámetros de ordenación.

Neste ámbito o Plan Especial propón regular o proceso de desenvolvemento edificatorio para introducir actuacións de cualificación tendentes á posta en valor das arquitecturas de interese que perviven e, sobre todo, da súa morfoloxía urbana, caracterizada historicamente pola diferenciación entre o ámbito de posición da edificación sobre o viario lineal e a horta ocupando o resto da parcela.

O fondo máximo de edificación será o establecido en planos de ordenación, mantendo con carácter xeral o existente. Por detrás da liña de edificación interior autorízanse edificacións auxiliares, dunha sola planta e cunha ocupación máxima de 20 m^2. As súas cubertas serán de tella árabe curva ou de madeira na súa cor, os seus cerramentos serán pétreos, de madeira na súa cor ou de fábrica enfuscado e pintada da cor das medianeiras, as súas carpinterías serán pintadas ou lacadas na mesma cor que as da fachada traseira. O sobrante de parcela manterá o seu carácter de libre privado, mantendo o seu uso agrícola ou acondicionándoo mediante o seu axardinamento e arborización. Cando os espazos non edificados dean fronte a viario ou espazos libres públicos haberán de cercarse con muros pétreos en continuidade cos existentes ou cun alzado máximo de 1,5 m.

A altura máxima da edificación determínase en alzados de ordenación, medíndose na forma prevista nos art. 90 e 91 das presentes Normas.

Non se autorizan sotos e semisotos. Por riba da altura máxima de edificación permitiranse aproveitamentos baixo cuberta. Dito aproveitamento estará inscrito no plano de cuberta da edificación, salvo que esta se

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

considere desconforme polo presente Plan Especial en tal caso haberá de quedar inscrito no plano de cuberta definido por aplicación do art. 94 da presente Normativa.

O uso do aproveitamento baixo cuberta haberá de vincularse obrigatoriamente ao da planta inmediatamente inferior, salvo que dito uso sexa o de instalacións complementarias do conxunto do edificio.

De acordo co art. 85 da presente Normativa haberá de manterse a estrutura parcelaria actual, non permitíndose máis agregacións nin segregacións que as reguladas na presente Normativa.

3. Aliñacións e rasantes.

Mantéñense as actuais aliñacións e rasantes que terán a consideración de oficiais, sen outros axustes que os que puntualmente se indican en planos de ordenación.

Incorpóranse puntualmente novos accesos peonís e complementos de accesos rodados establecidos en planos de ordenación.

4. Usos.

Establécese como uso permitido global, no ámbito da presente ordenanza, o residencial. Son compatibles ocupando edificación exclusiva, o residencial comunitario, hoteleiro, administración pública, sociocultural, sanitario e asistencia social.

O uso principal da edificación será o residencial.

Establécense como usos compatibles os seguintes:

. Comercial en categoría 2ª.

. Oficinas.

. Talleres industriais e artesanais.

. Sociocultural.

. Administración pública.

5. Protección das características tipolóxicas, etnográficas e construtivas da edificación suxeita a protección.

Conforme ao establecido na L.P.C.G. establécese unha salvagarda xeral sobre o conxunto do ámbito de ordenanza, tendente ao mantemento dos modos de construír, organización e estrutura dos edificios que definen a súa tipoloxía característica.

De acordo co anterior primarase o mantemento das actuais armazóns horizontais de madeira, como sistema estrutural máis idóneo orixinario, nos edificios catalogados, así como as estruturas de tapias. Neste sentido priorizaranse sobre os mesmos as actuacións de conservación, mantemento e reparación fronte ás de substitución. As actuacións de substitución, incluso por materiais diferentes haberán de manter a lóxica estrutural orixinaria.

En todo caso haberán de manterse as estruturas pétreas verticais existentes, na súa funcións resistente.

Co fin de garantir a pervivencia da organización interna manteranse a posición orixinaria dos accesos e caixa de escaleira sempre e cando esta non teña sufrido alteracións desnaturalizadoras.

O Concello e demais administracións competentes facilitarán o cumprimento do precedente mediante o fomento de recuperación dos oficios construtivos tradicionais.

6. Áreas de contorno ambiental

Pola súa presenza no medio urbano identifícanse áreas de contorno ambiental que estarán ao establecido no art. 102.3 da presente Normativa. En desenvolvemento do Plan procederase neles á redacción e execución de proxectos de cor, cunha función integradora. Ditas áreas son:

. Fachadas traseiras da rúa Santa Clara correspondente aos cuarteirón 21912, 22937 e 22940.

Art. 143. Ordenanza de Vivenda Unifamiliar (V.U.).

1. Delimitación e ámbito.

Aplícase esta ordenanza ás pezas de contorno do conxunto histórico que integra as formacións de expansión cunha tipoloxía edificatoria dominante de vivenda unifamiliar, tal e como se delimita en planos de ordenación.

2. Criterios e parámetros de ordenación.

Establécese un sistema de ordenación por edificación unifamiliar illada, cos seguintes parámetros:

- Parcela mínima: 250 m^2
- Ocupación máxima de parcela: 30%, cunha dimensión máxima en planta de 100 m^2.

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

- Altura máxima: baixo e unha planta equivalente a 7,00 metros.
- Non se autorizan sotos nin semisotos.

O recuado mínimo ao fondo de parcela será de 3 metros, e 2 metros ós lindes laterais para os casos que non se adose a parcela colindante. Pódense recuar da aliñación oficial, un mínimo de 3 metros.

Por riba da altura máxima da edificación permitiranse aproveitamentos baixo cuberta. Dito aproveitamento estará inscrito no plano de cuberta da edificación, salvo que esta se considere desconforme polo presente Plan Especial en tal caso haberá de quedar inscrito no plano de cuberta definido por aplicación do art. 94 da presente Normativa.

Por detrás da liña de edificación interior autorízanse edificacións auxiliares, dunha soa planta e unha ocupación máxima de 20 m2. As súas cubertas serán de tella curva ou de madeira na súa cor, os seus cerramentos serán pétreos, de madeira na súa cor ou de fábrica enfuscada e pintada da cor das medianeiras, as súas carpinterías serán pintadas ou lacadas na mesma cor que as da fachada traseira. O sobrante da parcela manterá o seu carácter de libre privado, acondicionándoo mediante o seu axardinamento e arborización. Cando os espazos non edificados dean fronte a visuais ou espazos libres haberán de cercarse con muros pétreos cun alzado máximo de 1,5 m. Os proxectos de nova edificación comprenderán o tratamento de arboredo e xardinería da totalidade da parcela vacante.

3. Aliñacións e rasantes.

Mantéñense as actuais aliñacións e rasantes que terán a consideración de oficiais, sen outra modificación que as indicadas en planos de ordenación, singularmente en relación ao viario perimetral.

4. Usos.

Establécese como uso permitido global, no ámbito da presente ordenanza o residencial na súa categoría de unifamiliar. Son compatibles, ocupando edificación exclusiva o hoteleiro, sociocultural, asistencial e sanitario.

CAPÍTULO II. ORDENACIÓN DE SISTEMAS

Art. 144. Ordenanza de equipamento e dotacións

1. Delimitación e ámbito.

Comprende as superficies e edificacións destinadas a usos públicos ou colectivos ao servizo directo dos cidadáns. O solo será sempre de dominio público cando corresponda a cesión resultado do planeamento.

2. Criterios e parámetros de ordenación.

a) Para as dotacións situadas en edificios catalogados polo presente Plan Especial, as súas determinacións establécense no ficheiro individualizado de edificios suxeitos a protección, planos e, de ser o caso, alzados de ordenación.

b) Para as dotacións situadas en edificios non catalogados mantéñense os seus actuais parámetros de edificación salvo indicación contraria en planos e alzados de ordenación, podéndose ampliar conforme aos parámetros de ordenación da zona en que se enmarcan e ás normas xerais de edificación.

c) Para as dotacións de nova planta o Plan Especial establece as súas determinacións de ordenación mediante a definición das súas características volumétricas (ocupación en planta e altura) en planos e alzados de ordenación.

3. Usos.

Establécense como usos xerais os escolares, sanitario, asistencial, socio-cultural, relixioso, deportivo, recreativo, servizos urbanos, administrativo público e institucional.

Os grandes contedores dotacionais nos que se desenvolvan diversas actividades cualifícanse como Equipamentos Múltiples para os que se establece o complexo de usos xerais.

As dotacións asistenciais, sanitarias e socioculturais, público-administrativas e escolares, en razón das súas características, funcións sociais e complementarias poderán intercambiarse ou complementarse dentro de cada unha das reservas específicas establecidas no Plan e en particular nas reservas locais cualificadas como Reserva de Equipamento.

O carácter público, privado ou institucional das dotacións indicase na Memoria do presente Plan Especial. Os usos establecidos para cada dotación terán o carácter de usos prioritarios.

Art. 145. Ordenanza de Espazos Libres e Zonas Verdes Públicas

1. Delimitación e ámbito.

Comprende os espazos destinados a parques, xardíns, zonas verdes, prazas e espazos libres de esparcemento cualificados polo Plan Especial, así como aqueles que xurdan do desenvolvemento do mesmo. Serán de uso e dominio público.

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

2. Criterios xerais de ordenación.

   Os parques e as zonas verdes deberán urbanizarse en xeral con arboredo, xardinería, sendas, elementos ornamentais, etc., atendendo aos criterios compositivos e de tratamento establecidos en planos de ordenación. Permitiranse elementos accesorios tales coma mobiliario urbano, quioscos, templetes, marquesiñas, xogos de nenos, pistas deportivas descubertas, sen que no seu conxunto ocupen máis do 10% da súa superficie. As zonas libres, polo seu carácter de áreas peonís serán pavimentadas cos criterios que se establecen no plano de proposta de tratamento superficial do espazo público.

   Manteranse os elementos catalogados polo presente Plan Especial, autorizándose actuacións de restauración.

Art. 146. Regulación do viario público

1. Delimitación e ámbito.

   O Plan Especial establece en planos de ordenación a definición e delimitación do viario público que comprende o conxunto de rúas e espazos destinados a movemento e circulación ou estancia de peóns, automóbiles e medios de transporte rodado.

2. En desenvolvemento dos criterios do Plan, o Concello establecerá a regulación do tráfico e estacionamento no viario público mediante a correspondente ordenanza.

3. O Concello poderá redactar un Plan de Mobilidade aos efectos de garantir a funcionalidade do sistema viario en xeral e a paulatina peonalización do ámbito do Plan Especial en particular. Neste senso, poderá contemplarse a execución dunha nova ponte sobre o río Cabe aos efectos de garantir a peonalización da ponte medieval, que requirirá as autorizacións correspondentes das administracións competentes.

TÍTULO IX. CONDICIÓNS DA URBANIZACIÓN

Art. 147. Obxecto e contido

As presentes condicións para a urbanización, teñen por obxecto acadar un nivel de integración ambiental e de respecto acorde co carácter do conxunto. O Concello de Monforte de Lemos poderá redactar un documento de Normalización de Elementos Infraestruturas e do Espazo Público.

CAPÍTULO I. CONDICIÓNS DA REDE VIARIA

Art. 148. Pavimentación

1. En desenvolvemento das presentes Normas, o Concello deberá aprobar un Prego de Condicións Técnicas que haberán de cumprir as pavimentacións a proxectar, tendentes a normalizar os distintos elementos que a compoñen e homoxeneizar a elección e deseño dos mesmos, tendo en conta tanto a súa integración no contorno, coma a funcionalidade da rúa ou espazo libre peonil, para o ámbito do Plan Especial.

2. O tratamento de pavimentación expresado no plano de proposta de tratamento superficial do espazo público do Plan Especial tomarase como criterio de actuación, e calquera alteración na elección de materiais deberá ser debidamente xustificada en función da súa maior integración ambiental ou de razóns técnicas fundadas.

   Para tal efecto distínguense os seguintes tipos de pavimentación en atención á forma e materiais que compoñen o seu acabado superficial:

   Pavimentos de lousa de granito.

   Pavimentos de lastro.

   Pavimento de canto rodado.

   Pavimentos de lousa de formigón.

   Pavimentos de terra estabilizada e compactada.

   Pavimentos asfálticos.

3. Coa finalidade de manter a estrutura actual do pavimento e facilitar a súa reposición, as bases e sub-bases de asento dos pavimentos pétreos serán preferentemente de material granular; admitíndose excepcionalmente, previa xustificación técnica, para aquelas vías nas que se prevexa tráfico intenso de vehículos, a utilización de bases de formigón e grava-cemento.

4. Na preparación do terreo e na formación de bases e sub-bases que afecten a actuacións de reposición ou nova pavimentación, deberase prestar especial atención á drenaxe subterránea do seu subsolo, co obxecto de minorar, no posible, o nivel freático e a súa negativa incidencia nas edificacións adxacentes.

5. A realización das obras de adecuación do pavimento actual das rúas e prazas ás condicións anteriormente descritas obrigará, con carácter simultáneo ás mesmas, a realizar os pertinentes controles arqueolóxicos segundo o establecido na presente Normativa.

6. Cando a pavimentación sexa de lousas, calquera actuación precisará o previo estudo de despece das mesmas, con especial análise da localización dos distintos rexistros/tapas das servizos que resulten

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

implicados. O espesor das lousas procurarase que non sexa menor dos 20 cm, que será obrigatorio cando se asenten sobre bases de materia granular. Poderán utilizarse lousas de espesor 12 cm cando se autorice a utilización de bases ríxidas de formigón.

O morteiro de coma de asento das lousas será pobre en cemento ou material ligante, con dosificacións de arredor de 1:8 e espesores superiores a 10 cm.

7. Para as pavimentacións de lastro procurarase utilizar dimensións e espesores tradicionais de 20x15x10. En canto ao morteiro de asento deste pavimento estarase ao definido no punto anterior.
8. As diferenzas de nivel entre distintos pavimentos realizaranse con lousas ou bardos de granito. En todo caso estes non presentarán dimensións inferiores a 20 x 30 cm nin lonxitudes menores de 80 cm.
9. En relación cos rexistros, tapas e arquetas dos distintos servizos, realizaranse en pedra ou fundición, evitando, salvo xustificación, a utilización de tapas prefabricadas de formigón. A orientación dos mesmos realizarase tendo en conta as xuntas dos elementos do pavimento de calzada.
10. Nas actuacións de reurbanización procurarase a recuperación e reposición dos actuais pavimentos pétreos salvo que xustificacións técnicas referidas ás súas características mecánicas e resistentes o desaconsellen. Igualmente restituirase o pavimento de carácter histórico recuperado en actuacións arqueolóxicas.

Art. 149. Arboredo

1. A plantación de arboredo sobre superficie con pavimentación pétrea ou de formigón realizarase preferentemente en alcorques de formas cadradas ou rectangulares.
2. As dimensións dos alcorques serán tales que o espazo libre para a plantación da árbore non sexa inferior, salvo xustificación técnica ou imposibilidade física, a 1 metro no seu lado menor. Este espazo tratarase con céspede ou pavimento pétreo asentado sobre area ou grava, podendo protexerse con reixas metálicas, preferentemente de ferro ou fundición; evitando no posible a utilización de elementos prefabricados de formigón.
3. Se o pavimento onde se localiza é de lousas de granito, o alcorque realizarase atendendo ao despece das mesmas, e preferentemente estará conformada polo propio pavimento. Se se localiza sobre pavimento de lastro, ou lousa de formigón, a alcorque formalizarase con elementos pétreos, preferiblemente prismas de granito de dimensións mínimas de 15 cm de ancho, evitando, salvo xustificación, o emprego de elementos prefabricados de formigón.
4. En calquera caso a plantación de arboredo condicionarase a que non afecte ás estruturas de valor cultural.

Art. 150. Sinalización e mobiliario urbano

1. Os elementos de sinalización vertical e todos aqueloutros de mobiliario (indicadores, semáforos, paradas de transporte, farois) que se sitúen sobre postes verticais deberán cumprir a condición de estar situados a unha altura mínima de 2,20 m desde a base do poste. Con carácter xeral procurarase a utilización dun soporte común que permita acoller as diferentes sinais.
2. Os quioscos, casetas, cabinas telefónicas, postes e, en xeral, todo elemento de mobiliario urbano que se sitúe sobre beirarrúas ou vía peonil, non poderá interferir perspectivas visuais, nin impedir o libre paso de persoas.
3. As dimensións, formas e materiais dos elementos de sinalización e de mobiliario urbano, así como a localización de cada un deles no espazo público será obxecto de estudo pormenorizado.

   En concordancia co establecido no art. 51 destas Normas e en virtude da normalización dos elementos de mobiliario urbano, o Concello poderá esixir, na redacción dos Proxectos de Urbanización que desenvolven as determinacións do Plan Especial, a adecuación dos elementos de mobiliario a dita normalización.
4. A concesión de utilización do espazo público para a instalacións de elementos de mobiliario urbano (quioscos, terrazas, etc.) poderá ser autorizada polo Concello previa solicitude, que deberá ir acompañada do deseño, localización e ocupación do elemento ou elementos que se dispoñerán no espazo público. En concordancia co establecido no art. 53 destas Normas, o Concello esixirá a adecuación dos elementos de mobiliario aos autorizados no Proxecto de Normalización.
5. A autorización da concesión de utilización do espazo público leva aparellado a compromiso de limpeza e mantemento do pavimento sobre o que se asenta en perfectas condicións de uso por parte do concesionario, que estará obrigada a restablecer ao seu estado orixinal aquelas modificacións que fosen autorizadas polo Concello con obxecto da concesión (acometidas de servizos, ancoraxes do mobiliaria, etc.) unha vez que finalizase esta.

   No caso particular da utilización do espazo público coma terrazas de establecementos hosteleiros ou comerciais, e con obxecto de preservar a unidade de tratamento do espazo público, non se autoriza a utilización de mamparas laterais ou calquera tipo de elementos de peche, amolloamento ou delimitación do espazo a non ser que estean expresamente autorizadas polo Concello dentro das normalizadas para tal fin.

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

Art. 151. Condicións de accesibilidade

Toda actuación no espazo público estará ás condicións mínimas de accesibilidade establecidas na Lei 10/2014 do 3 de decembro, de Accesibilidade da Comunidade Autónoma de Galicia, nas súas disposicións adicionais, transitorias, derrogatoria e derradeiras; así como as establecidas na normativa básica estatal recollidas na Orde Viv. 561/2010, de 1 de febreiro, que desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade dos espazos públicos urbanizados (en desenvolvemento do R.D. 505/2007, de 20 de abril) e demais normativa de aplicación, sen prexuízo das condicións resultantes das actuacións arqueolóxicas e de conservación de estruturas históricas e atendendo, en todo caso, ás condicións propias do conxunto histórico declarado e o seu contorno de protección.

CAPÍTULO II. CONDICIÓNS DAS REDES DE INFRAESTRUTURAS

Art. 152. Abastecemento de auga

1. Para o dimensionamento da rede estarase ás condicións técnicas que prescriban os provedores do servizo.
2. En ningún caso o diámetro dos tubos que se proxecten será menor de 100 mm de modo que sobre eles poidan instalarse hidrantes de diámetro 80 mm.
3. As novas conducións proxectadas, así como a reposición de conducións existentes realizaranse con tubos de fundición dúctil, excepto xustificación técnica fundada.
4. Prestarase especial atención á renovación de redes infradimensionadas (ø <100 mm), deterioradas ou de materiais inadecuados, así como á renovación das acometidas antigas e/ou en mal estado.
5. Todas as acometidas dispoñerán de chave de paso rexistrable á vía pública.
6. En atención ás excepcionais condicións das edificacións ás que darán servizo, e con obxecto de non danar a cimentación das mesmas, procurarase minimizar no posible a existencia de fugas nas conducións, para o que se extremarán as condicións esixibles aos materiais a utilizar e á súa colocación.
7. As obras que se realicen para a implantación de novas conducións de abastecemento ou reposición das existentes requiren autorización previa do órgano competente en protección do patrimonio da Xunta de Galicia; deberán manterse as conducións e canles de augas que historicamente abasteceron ao Conxunto sen prexuízo de posibles afeccións de carácter técnico, debidamente xustificadas. O proxecto de obra terá que ser obxecto de control arqueolóxico.
8. A reposición de conducións de abastecemento abrigará ao levantamento e retirada da condución substituída.

Art. 153. Saneamento

1. As redes de saneamento a implantar serán de tipo separativo.
2. As unións entre tubos serán estancas, con xunta de goma; prohibíndose expresamente a utilización de unións ríxidas de corchete, salvo que se xustifique mediante un tratamento adecuado a perfecta impermeabilidade das mesmas e extremándose as medidas de vixilancia e comprobación da completa estanquidade dos entubados, realizándose as probas que para tal efectos se estimen convenientes.
3. Prestarase especial atención á renovación de redes infradimensionadas (diámetros menores de 30 cm), deteriorados ou de materiais inadecuados, así como á renovación das acometidas antigas e/ou en mal estado, debendo estas, así coma os sumidoiros existentes ou propostos, conectar á rede municipal mediante os correspondentes pozos de rexistro.
4. Ao facer unha nova canalización, ou na reposición dunha xa existente, procurarase a conexión coa mesma dos regatos e viaxes de auga que podan aflorar durante o transcurso das obras, a fin de minorar na medida do posible o nivel freático do subsolo. Deberán manterse as canles de saneamento que historicamente serviron ao Conxunto, sen prexuízo de posibles afeccións de carácter técnico debidamente xustificadas.
5. A reposición dunha canalización de saneamento obrigará ao levantamento e retirada da condución substituída.

Art. 154. Electricidade

1. De acordo co establecido no art. 43 da L.S.G. e no art. 53 da L.P.C.G. no ámbito do presente Plan Especial a colocación de novos tendidos aéreos haberá de ser soterrado agás que non existan solucións técnicas máis compatibles coas súas características.
2. Os tendidos existentes estarán ao disposto no art. ..... da presente Normativa, no que se refire tanto á súa progresiva subterraneización como á eliminación de impactos visuais.
3. Co obxecto de garantir a substitución dos tendidos aéreos, racionalizar a utilización do subsolo público e evitar a profusión de caixas e arquetas de acometida, o Concello, en coordinación coas compañías concesionarias e subministradoras de cada un dos servizos, redactará un Plan de Eliminación de Cableado Aéreo e/ou por Fachada (P.C.A.F), coordinando as conducións de electricidade, iluminación pública, telefonía

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

e aqueloutras que poidan incorporarse 6 mesmo (televisión por cable, etc.) e programando as novas actuacións a fin de coordinalas coas reposicións de pavimentos ou doutras infraestruturas.

Art. 155. Iluminación pública

1. A instalación de iluminación pública farase mediante luminarias acaroadas ao muro de fachada de acordo co modelo debidamente autorizada sobre a base do tradicional. Admítense solucións de luminarias colgadas no eixe da rúa mediante cable ancorada nas fachadas da edificación. Nos edificios catalogados de nivel 1, admítense solucións singulares de iluminación. A luz será branca aos efectos de non desvirtuar a percepción da riqueza de cores.

   A instalación de novas luminarias diferentes das acaroadas aos muros de fachada serán analizadas no Plan de Renovación do Alumeado Público ou reguladas nun Proxecto de Normalización de Elementos do Espazo Público dos regulados no artigo 55 das presentes Normas.

2. No que respecta aos tendidos aéreos e/ou por fachada estarase ao disposto no artigo anterior, coa salvidade de que o acceso a cada punto de luz debe realizarse polo exterior das fachadas, para o que se utilizarán medias cañas de fundición ou similares, ou as que, no seu momento, indique o proxecto de Normalización de Elementos Infraestruturais e do Espazo Público, desaparecendo progresivamente calquera elemento visible horizontal desta infraestrutura nas fachadas.

3. Igual que se indica para o artigo anterior, a progresiva desaparición producirase acompañando ás accións parciais de reurbanización e, sobre todo, coa redacción polo Concello e a posta en marcha dun Plan de Renovación do Alumeado Público (P.R.A.P.).

Art. 156. Telefonía e telecomunicacións

1. Polo que respecta ao desenvolvemento dos cableados aéreos destas infraestruturas, é de aplicación o indicado nos artigos referentes a electricidade e a iluminación pública, sendo obrigatorio que as novas redes telefónicas, de Telecomunicacións e de comunicación por cable que se implante cumpran ditas determinacións.

2. Igual que nos dous casos anteriores, a progresiva desaparición producirase acompañando as accións parciais de reurbanización e, sobre todo, cando comece a executarse un Plan de Eliminación de Cableado Aéreo e/ou por Fachada (PAF), adecuadamente coordinadas as accións eléctricas, de alumeado e telefónicas.

3. Así mesmo, deberá prestarse especial atención á implantación das cámaras telefónicas, algunhas de especial volumetría, pola súa dificultade de compatibilización coas restantes infraestruturas subterráneas, sobre todo en rúas angostas. Procurarase a súa normalización e control a través da Normalización de Elementos Infraestruturais (NEI).

Art. 157. Galerías de servizos

1. Poderanse implantar galerías de servizo, en especial naquelas vías de maior importancia ambiental e/ou urbana, calidade de pavimentación, abundancia e importancia de servizos subterráneos, etc. Toda isto deberá coordinarse cos referidos plans de Eliminación de Cableado Aéreo e/ou por Fachada (PAF) e de Renovación do Alumeado Público (PRAP), co obxecto de minimizar as seus custos conxuntos.

2. Especial atención haberá de prestarse ao efecto barreira que puideran producir estas galerías (dada a súa altura e a continuidade da súa traza) nas escorrentas subterráneas, pola súa posible afección ás edificacións adxacentes.

3. A execución das galerías de servizos deberá garantir a permanencia das condución históricas existentes e aqueloutras que puideran ser descubertas.

4. En calquera caso a realización das galerías de servizos obrigará, con carácter simultáneo á execución das obras, a realizar as pertinentes actuacións de control arqueolóxico.

CAPÍTULO III. CONDICIÓNS DO AXARDINAMENTO

Art. 158. Proxectos de xardinería

1. Os Proxectos de Xardinería terán o alcance e contido dos Proxectos de Urbanización ou de Obras Ordinarias definidos no art. 13 das presentes Normas.

2. Os Proxectos de Xardinería incorporarán aos seus documentos, de ser o caso, a xustificación do sistema de rega elixido, a rede de alumeado e os elementos de mobiliario, incluíndo a pertinente estudo de custos de mantemento e conservación.

3. No tocante aos ámbitos catalogados os proxectos de xardinería que se realicen pormenorizarán a relación de elementos e especies existentes así como as medidas tendentes á súa salvagarda ou reposición.

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA

As determinacións contidas no presente documento establécense sen prexuízo das competencias que pola lexislación vixente veñan atribuídas ás distintas Administracións sectoriais, tanto de orde autonómico coma estatal ou local, e en particular, as referida á protección, tutela e acrecentamento do Patrimonio Histórico Lei do Patrimonio Cultural de Galicia; as referidas á regulación de usos e actividades nas zonas de risco de inundación contempladas no Plan Hidrolóxico Miño-Sil; as referidas á "Ley 24/2013, de 26 de diciembre, del Sector Eléctrico" e á "Ley 34/1998, de 7 de octubre, del Sector de Hidrocarburos" e as súas normativas de desenvolvemento; así como o cumprimento das determinacións e autorizacións contempladas no Decreto 37/2014, de 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia.

Respecto ás limitacións establecidas na lexislación de Augas, estarase ao seguinte:

- Nos solos situados en zona de fluxo preferente que se encontraban en situación básica de urbanizado a data de 30 de decembro de 2016, soamente se poderán realizar as obras e construcións que cumpran co preceptuado no art. 9 ter do RDPH. No resto dos solos, os usos en dita zona de fluxo preferente están limitados polo disposto no artigo 9 bis do mesmo texto legal.
- En todos os solos clasificados sobre a lámina de inundación correspondente á avenida extraordinaria de período de retorno de 500 anos e fóra da zona de fluxo preferente, observaranse as limitacións aos usos contempladas no art. 14 bis do RDPH, sendo necesaria para calquera obra o traballo en dita zona, a oportuna autorización.

ANEXO.

ORDENANZAS "CA: CASCO ANTIGUO" E "RC: RESIDENCIAL CERRADA" DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DE MONFORTE DE LEMOS, DE APLICACIÓN NAS ZONAS DE RESPECTO DO BIC.

Reprodúcense a seguir as Ordenanzas "CA: Casco Antiguo" e "RC: Residencial Cerrada" das Normas Subsidiarias de Planeamento de Monforte de Lemos vixentes, no que resulta de aplicación nas Zonas de Respecto do Conxunto histórico-artístico. En cada unha delas refírense as determinacións de alturas e fondos máximos establecidas polo Plano de Ordenación P/5. ALTURAS E FONDOS MÁXIMOS EN SU. das citadas Normas Subsidiarias de Planeamento.

*"**4.1. ORDENANZA CA: CASCO ANTIGUO***

DEFINICIÓN

Espacio, generalmente de ordenación cerrada con patios interiores. Está constituida por edificios antiguos y representativos del carácter de la urbe siendo necesario en el mismo una conservación total o parcial de dicho carácter tradicional.

ÁMBITO TERRITORIAL

El señalado en el plano de organización espacial.

NORMAS DE USO

Usos admitidos

Se admiten con carácter general todos los usos asociados a la vivienda agrupada a nivel de barrio.

Residencial: vivienda agrupada.

Industria y almacén: talleres domésticos, pequeña industria de tipo artesanal y almacenes compatibles o convivientes con la vivienda.

Comercial: comercio de cualquier clase a nivel de barrio.

Recreativo de espectáculo y relación: todos, excepto los que alteren la contextura estética de casco antiguo.

Religioso: cualquier uso de tipo religioso.

Cultural-Escolar: Cualquier edificación cuyo fin sea docente o cultural.

Deportivo: de toda clase siempre y cuando sea compatible o convivente con la vivienda.

Dotacional: cualquier clase, asimilable a la ordenación cerrada.

Usos prohibidos

Los restantes.

NORMAS DE VOLUMEN

Condiciones de posición

Alineaciones y rasantes: las de planeamiento.

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

Condiciones de parcelación

Solar mínimo: 60 m²; Frente mínimo: 6 m, salvo parcelas entre edificación de dimensión menor.

Condiciones de edificación

En el Casco Antiguo, la altura y plantas máximas permitidas, así como el fondo máximo de edificación, son las siguientes:

Ancho de calle (m)	*Altura de cornisa (m)*	*Nº de plantas*	*Fondo de edificación (m)*
Menos de 6	*8*	*2*	*14*
De 6 a 8	*11*	*3*	*16*
De 8 a 12	*14*	*4*	*18*
Más de 12	*17*	*5*	*20*

El espacio interior del polígono delimitado trazando paralelas a las alineaciones exteriores a la distancia señalada como fondo de edificación será considerada como patio de manzana y edificable en 1 planta hasta una altura de cornisa de 5 m.

…

Las zonas de esta Ordenanza incluidas en el Conjunto Histórico-Artístico tendrán una altura máxima de planta baja de 3,6 m".

O Plano de Ordenación "P/5 ALTURA Y FONDO MÁXIMO EN S.U." das Normas Subsidiarias de Planeamento establece as seguintes alturas e fondos máximos da edificación na Zona de Respecto:

- Rúa Santa Clara: Dúas plantas II e fondo 14 m en todo o ámbito, salvo nas unidades 2395801 a 2395807 -ambas inclusive- nas que establece tres plantas III e fondo 16 m.

"4.2. ORDENANZA RC: RESIDENCIAL CERRADA

DEFINICIÓN

Espacio en ordenación cerrada con patios interiores, de uso de vivienda en plantas altas y de varios usos en la baja y sótanos.

Incluye la zona centro del núcleo urbano, en donde predominan las actividades administrativas y de negocios.

ÁMBITO TERRITORIAL

El señalado en el plano de organización espacial.

NORMAS DE USO

Usos admitidos

Residencial: viviendas agrupadas en edificios contiguos.

Industria y Almacén: cualquier tipo de industria o almacén que sea compatible o convivente con el de vivienda.

Comercial: todo tipo de actividad comercial.

Dotacional: cualquier clase integrable en la ordenación cerrada.

Usos prohibidos

Los restantes

NORMAS DE VOLUMEN

Condiciones de posición

Alineaciones y rasantes: las de planeamiento.

Condiciones de parcelación

Solar mínimo: 60 m².

Frente mínimo: 6 m.

Salvo parcelas entre edificación de dimensión menor.

Condiciones de edificación

En Ordenación Cerrada, la altura y plantas máximas permitidas, así como el fondo máximo de edificación, son las siguientes:

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

Ancho de calle (m)	*Altura de cornisa (m)*	*Nº de plantas*	*Fondo de edificación (m)*
Menos de 8	*11*	*3*	*16*
De 8 a 11	*14*	*4*	*18*
De 11 a 15	*17*	*5*	*20*
De 15 a 20	*20*	*6*	*22*
Más de 20	*23*	*7*	*24*

El espacio interior del polígono delimitado trazando paralelas a las alineaciones exteriores a la distancia señalada como fondo de edificación será considerado como patio de manzana y edificable en 1 planta y 5 m de altura.

Las zonas de esta Ordenanza incluidas en el Conjunto Histórico-Artístico tendrán una altura máxima de planta baja de 3,6 m.

….

Ordenación singular

La ordenación cerrada podrá sustituirse por otra abierta o mixta, a juicio corporativo y previo Estudio de Detalle, cuando se trate de un conjunto urbano singular o manzana dedicada a usos residenciales o dotacionales, siempre y cuando no se supere el aprovechamiento resultante de la presente ordenanza.

Diferenciaciones

Dentro de la Ordenanza Residencial Cerrada se distinguen, además de las determinaciones anteriores, dos variedades que se designan Extensiva y Vivienda Unifamiliar.

La variedad Residencial Cerrada Extensiva RC/E, se diferencia por la siguiente tabla de fondos y alturas máximas:

Ancho de calle (m)	*Altura de cornisa (m)*	*Nº de plantas*	*Fondo de edificación (m)*
Menos de 11	*8*	*2*	*14*
De 11 a 20	*11*	*3*	*16*
Más de 20	*14*	*4*	*18*

La variedad Residencial Cerrada en Vivienda Unifamiliar, RC/VU, se diferencia por la altura máxima de 2 plantas u 8 m de altura y fondo máximo de 14 m".

O Plano de Ordenación "P/5 ALTURA Y FONDO MÁXIMO EN S.U." das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal establece as seguintes alturas e fondos máximos na edificación nas Zonas de Respecto:

- Rúa e praza de Carude e rúa da Arca Nova: Tres plantas III e fondo 16 m.
- Rúa do Conde: Tres plantas III e fondo 16 m.
- Rúa da Estrela: Catro plantas IV e fondo 18 m.
- Praza do Piñeiro: Cinco plantas V e fondo 20 m.

Monforte de Lemos, 29 de marzo de 2021.- O ALCALDE, José Tomé Roca.

R. 0856

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DE EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CRÉDITOS

Aprobado inicialmente en sesión extraordinaria do Pleno deste Concello, o día 29 de marzo de 2021 o expediente núm. 18/2021 de modificación de créditos na modalidade de crédito extraordinario e suplemento de crédito por importe de 2.604.553,81 €, financiado con cargo ó remanente líquido de tesourería para gastos xerais, segundo o previsto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, de non producirse alegacións entenderase aprobado con carácter definitivo.

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

Monforte de Lemos, 30 de marzo de 2021.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 0874

RIBAS DE SIL

Anuncio

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria do Pleno deste Concello de data 22.03.2021 o Orzamento municipal para o exercicio 2021, bases de execución, cadro de persoal e demais documentación que obra no expediente, con arreglo ó disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, e no artigo 20 do Real Decreto 500/1990, exponse ao público na Secretaría deste Concello polo prazo de 15 días hábiles co fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

Ribas de Sil, 29 de marzo de 2021.- O Alcalde, Miguel Ángel Sotuela Vega.

R. 0835

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

Aprobada por Resolución da Alcaldía núm. 2021/086, de data 31 de marzo, exponse ao público a lista provisional de admitidos e excluídos do proceso selectivo para a provisión dunha praza de Administrativo/a, funcionario/a de carreira, escala Administración Xeral, subescala Administrativa do Concello de Ribeira de Piquín:

"*DON ROBERTO FERNÁNDEZ RICO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN (LUGO).*

Vista a Oferta de Emprego Público para o ano 2021 aprobada por este concello por Resolución da Alcaldía núm. 2021/015, de data 25 de xaneiro, e publicada no BOP núm. 037 e no DOGA núm. 30 do 15/02/2021, para cubrir a praza de Administrativo/a, funcionario/a de carreira, escala Administración Xeral, subescala Administrativa.

Visto o expediente para a cobertura dunha praza de Administrativo/a, funcionario/a de carreira, escala Administración Xeral, subescala Administrativa do Concello de Ribeira de Piquín, regulado nas Bases aprobadas por Resolución da Alcaldía núm. 2021/034, de data 15 de febreiro, e publicadas no taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 039, do 18 de febreiro de 2021.

Vista a publicación da convocatoria do dito proceso selectivo no Boletín Oficial do Estado núm. 48, de data 25 de febreiro de 2021, así como a publicación dun estracto da dita convocatoria no Diario Oficial de Galicia núm. 37, de data 24 de febreiro de 2021.

Vista a existencia dun erro material nas Bases que rexen o proceso selectivo, en concreto na Base oitava.

Vista a imposibilidade de convocar a Xunta de Goberno Local debido á urxencia na tramitación do expediente, e considerando o establecido no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público:

"1. Os órganos superiores poderán avogar para si o coñecemento dun ou varios asuntos cuxa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial fágano conveniente. Nos supostos de delegación de competencias en órganos non dependentes xerarquicamente, o coñecemento dun asunto poderá ser avogado unicamente polo órgano delegante.

2. En todo caso, a avogación realizarase mediante acordo motivado que deberá ser notificado aos interesados no procedemento, se os houbese, con anterioridade ou simultaneamente á resolución final que se dicte. Contra o acordo de avogación non caberá recurso, aínda que poderá impugnarse no que, no seu caso, se interpoña contra a resolución do procedemento".

Analizadas as solicitudes presentadas, e tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, ***RESOLVO:***

PRIMEIRO.*- Avogar as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local polo decreto desta Alcaldía do 20/06/2019, para o só efecto desta resolución, dando conta ao devandito órgano colexiado para coñecemento, por mor da urxencia na tramitación.*

SEGUNDO.*- Rectificar o erro material advertido nas Bases de selección, en concreto na base oitava, quedando redactada como segue:*

ONDE DÍ: "Finalizada a fase de oposición, o tribunal procederá a valorar os méritos dos aspirantes que sexan considerados como aptos na citada fase de oposición."

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

DEBE DICIR: "Con carácter previo á fase de oposición, o tribunal procederá a valorar os méritos dos aspirantes incluídos na lista definitiva de admitidos, tendo dereito a participar na fase de oposición."

***TERCEIRO.-** Aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos do devandito proceso selectivo, cos/ás seguintes aspirantes:*

LISTA DE ADMITIDOS

Nº	*APELIDOS, NOME*	*DNI*	*ACREDITACIÓN DO GALEGO*
1	*Abelleira Lence, Susana*	***10755***	*SÍ*
2	*Andión Pena, Nancy*	***54822***	*SÍ*
3	*Antuña Carballés, Mª Rosa*	***48506***	*NON*
4	*Baamonde Argul, Carmen*	***33617***	*SÍ*
5	*Blanco Soilán, Elias*	***34445***	*SÍ*
6	*Bouza Ledo, Mª Montserrat*	***30346***	*SÍ*
7	*Cabo Torneiro, Laura*	***55238***	*SÍ*
8	*Carballo Núñez, José*	***49398***	*SÍ*
9	*Castañal González, Silvia*	***54942***	*SÍ*
10	*Ermo Sanches, Daniel*	***96701***	*SÍ*
11	*Fanego Candia, Patricia*	***63839***	*SÍ*
12	*Fernández Copa, José Alberto*	***98791***	*SÍ*
13	*Fernández Nogueira, Jorge*	***34703***	*SÍ*
14	*Fernández Núñez, Blanca Mª*	***33159***	*SÍ*
15	*Fidalgo Méndez, Sandra*	***50717***	*SÍ*
16	*García Muruais, Marcos*	***58252***	*SÍ*
17	*González Salum, Leila Solange*	***53990***	*NON*
18	*Méndez Prados, Vanesa*	***35189***	*NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)*
19	*Ocampo Piñeiro, Elena*	***33483***	*SÍ*
20	*Oliva Somoza, Lucía*	***27359***	*NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)*
21	*Pinal Seoane, Silvia Mª*	***15667***	*SÍ*
22	*Piñeiro Crespo, Lucía*	***58464***	*SÍ*
23	*Pita Couselo, Mª Almudena*	***66582***	*SÍ*
24	*Reigosa Lombao, Agostiño*	***55500***	*SÍ*
25	*Rello López, Óscar*	***26433***	*SÍ*
26	*Riveiro Lage, Mª del Pilar*	***54234***	*SÍ*
27	*Rodríguez Cabañas, Miguel*	***33652***	*SÍ*
28	*Tella Mazoy, Mª del Pilar*	***33468***	*SÍ*
29	*Torre Mahía, Lidia*	***88032***	*SÍ*
30	*Zas Fernández, David*	***27941***	*SÍ*

LISTA DE EXCLUÍDOS

Nº	*APELIDOS, NOME*	*DNI*	*MOTIVO*	*ACREDITACIÓN DO GALEGO*
1	*Abelleira Sánchez, Patricia*	***34688***	*DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS*	*NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)*
2	*Ares Campello, Sandra Mª*	***58008***	*DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS*	*NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)*
3	*Arias Magide, Lucía*	***55865***	*DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS*	*NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)*
4	*Armesto López, Raquel*	***58140***	*DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS*	*NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)*
5	*Blanco Bernárdez, Carlos*	***95257***	*-NON APORTA ANEXO II ASINADO - DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS*	*NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)*
6	*Casas Reigosa, Ismael*	***34103***	*DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS*	*NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)*
7	*Del Valle Souto, Andrés*	***86157***	*DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS*	*NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)*

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

8	*Fernández Fernández, Ana Mª*	***56160***	*DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS*	*NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)*
9	*García Couso, Diego*	***55979***	*DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS*	*NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)*
10	*Gestal Rodríguez, Noelia*	***80283***	*DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS*	*NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)*
11	*Gómez Bolón, Daniel*	***32647***	*DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS*	*NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)*
12	*González González, Verónica*	***82331***	*-DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS -FALTA REVERSO TITULACIÓN*	*NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)*
13	*Longueira López, Jorge*	***67836***	*DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS*	*NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)*
14	*López Álvarez, Mª Cruz*	***26762***	*NON APORTA ANEXO II ASINADO*	*SÍ*
15	*López Bermúdez, Adrián*	***55806***	*DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS*	*NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)*
16	*López Rodríguez, Ana*	***46341***	*DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS*	*NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)*
17	*Lorenzo Blanco, Beatríz*	***84853***	*DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS*	*NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)*
18	*Luna Gómez, Susana*	***54677***	*DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS*	*NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)*
19	*Martínez Veiga, Silvia*	***55222***	*NON APORTA DNI AUTENTICADO*	*SÍ*
20	*Otero Mahía, Óscar*	***82989***	*-DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS -FALTA REVERSO TÍTULO DE BACHARELATO*	*NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)*
21	*Pardo Sánchez, Raquel*	***55386***	*DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS*	*NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)*
22	*Portomeñe Fernández, Rocío*	***54173***	*-NON APORTA ANEXO II ASINADO -DNI NON AUTENTICADO -FALTA REVERSO TITULACIÓN*	*SÍ*
23	*Ramos Siaba, Magdalena*	***71493***	*DNI NON AUTENTICADO*	*NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)*
24	*Ríos Pena, Xesús Manuel*	***36739***	*-DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS -NON APORTA REVERSO TITULACION*	*NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)*
25	*Román Radío, Gabriel*	***46212***	*DNI NON AUTENTICADO*	*NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)*
26	*Sanz da Encarnación, Carmen Aurelia*	***27486***	*-NON APORTA ANEXO II ASINADO -DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS*	*NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)*
27	*Tojo Villanueva, Andrea*	***95311***	*DNI NON AUTENTICADO*	*NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)*
28	*Vilas González, Nerea Ana*	***00015***	*DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS*	*NON (Documento de acreditación do idioma galego non*

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

				autenticado)

CUARTO.- *Publicar a presente resolución íntegra no taboleiro de anuncios do Concello, na sede electrónica do concello (https://ribeiradepiquin.sedelectronica.gal) e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, concedendo un prazo máximo de dez (10) días hábiles para a subsanación de documentación a todos aqueles candidatos excluídos.*

QUINTO.- *Dar conta da presente resolución ao Pleno na próxima sesión ordinaria que se celebre."*

Ribeira de Piquín, 31 de marzo de 2021.- Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 0888

TABOADA

Anuncio

CONVOCATORIA DE EMPREGO.

O Concello de Taboada por Resolución de Alcaldía de data 29.03.2021 aprobou a convocatoria e por Resolución de Alcaldía de data 29.03.2021 aprobou as bases para seleccionar **1 PEÓN DE OBRAS.**

- Modalidade de contratación: contrato temporal por obra ou servizo determinado.
- Duración: 5 meses
- Xornada: parcial ao 75 %da xornada.
- Salario: a retribución mensual bruta será de 821,25 € incluído o rateo das pagas extra.
- Funcións: propias de peón de obras segundo se recolle nas bases.
- Prazo para presentación de solicitudes: **5 días hábiles** a partir da publicación do presente anuncio BOP DE LUGO e no Taboleiro de anuncios do Concello de Taboada.

No caso de solicitudes por correo, rógase aviso por fax ao 982 46 50 89.

As bases atópanse dispoñibles en:

- paxina web: : www.concellotaboada.es
- oficinas xerais do Concello de Taboada.
- no taboleiro de anuncios do Concello de Taboada

Taboada, 29 de marzo de 2021.- O Alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 0857

XOVE

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía aprobáronse a Bases regulamentadoras do procedemento de selección para a provisión de unha (1) praza deº Axente de Empleo y Desarrollo Local (AEDL) como persoal laboral fixo - proceso extraordinario de consolidación de emprego temporal da Disposición Transitoria 4ª do R.D. 5/2015, de 30 de outubro - que a seguir se transcriben na súa integridade:.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto desta convocatoria é proceder a convocar o proceso selectivo para a provisión con carácter fixo mediante o proceso extraordinario de consolidación de emprego temporal da Disposición Transitoria 4ª do R.D. 5/2015, de 30 de outubro (en adiante, D.T. 4ª E.B.E.P.; é dicir, prazas ocupadas temporalmente de xeito ininterrumpido con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2005)de unha praza de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, polo sistema de Concurso- Oposición Libre; incluída na Oferta de Emprego Público do Concello de Xove, correspondente ao exercicio de 2019, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e publicada no B.O.P. de Lugo núm. 147 de 28 de xuño de 2019.

2.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA.

GRUPO: A1

NÚM. DE VACANTES: 1

DENOMINACIÓN: AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

POSTO DE TRABALLO E DENOMINACIÓN: NÚM. 12 DA R.P.T. "AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL"

COMETIDO FUNCIONAL: O cometido funcional será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo ou, no seu caso, disposición que a substitúa. Asemade, a persoa ocupante realizará as funcións que lle sexan atribuídas por calquera outra norma ou polo correspondente superior xerárquico.

XORNADA DE TRABALLO: A tempo completo

RETRIBUCIÓNS: As retribucións a percibir serán as corresponden á praza consonte ao establecido nos art. 23 e seguintes do vixente Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Xove .

3.- Normativa de aplicación.

- Artigo 11 do E.B.E.P.: "É persoal laboral o que en virtude de contrato de traballo formalizado por escrito, en calquera das modalidades de contratación de persoal previstas na lexislación laboral presta servizos retribuidos polas Administracións Públicas. En función da duración do contrato, este poderá ser fixo, por tempo indefinido ou temporal

- Artigo 55.1 do E.B.E.P.: "T*odos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico*".

- Artigo 55.2 do E.B.E.P.: *"As Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:*

a) Publicade das convocatorias e das súas bases.

b) Transparencia.

c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.

d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.

e) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.

f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.".

- Artigo 61.1 do E.B.E.P.: "*Os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrencia, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto*".

- Disposición Transitoria 4ª do E.B.E.P.: *"**Consolidación de Emprego Temporal.**- 1. As Administracións Públicas poderán efectuar convocatorias de consolidación de emprego a postos ou prazas de carácter estrutural correspondentes aos seus distintos corpos, escalas ou categorías, que estean dotados orzamentariamente e se atopen desempeñados interina ou temporalmente con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2005. 2. Os procesos selectivos garantirán o cumprimento dos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade. 3. O contido das probas gardarán relación cos procedementos, tarefas e funcións habituais dos postos obxecto de cada convocatoria. Na fase de concurso poderá valorarse, entre outros méritos, o tempo de servizos prestados nas Administracións Públicas e a experiencia nos postos de traballo obxecto da convocatoria. Os procesos selectivos desenvolveranse conforme ao disposto nos apartados 1 e 3 do artigo 61 do presente Estatuto".*

- Artigo 91.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, que sinala: "*A selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso, oposición ou concurso- oposición libre, nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade*".

-Artigo 177 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local: " A selección do persoal laboral réxese polo establecido polo artigo 103 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

- Artigos 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 9 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.

- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

4.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o de **CONCURSO-OPOSICIÓN,** de acordo co establecido no R.D. 896/91, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local, e ao determinado no artigo 74.1 do RD 364/95 de 10 de marzo, xa que

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

este sistema permite valorar, ademais dos coñecementos, a experiencia e formación complementaria, relacionados co contido funcional da praza.

Ao estar incluída esta praza dentro dun Plan de Consolidación de Emprego temporal, na fase de Concurso valorarase a experiencia profesional no desempeño das funcións do posto só aos aspirantes que acrediten ter a condición de persoal funcionario interino ou de persoal contratado laboral como Axente de Desenvolvemento Local; Axente de Emprego ou Axente de Emprego e Desenvolvemento Local con anterioridade a 1 de xaneiro de 2005 consonte ao previsto na D.T. 4ª Do E.B.E.P.

5.- REQUISITOS

Para tomar parte nestas probas selectivas será necesario reunir na data de remate do prazo sinalado para a presentación de instancias, os seguintes requisitos:

5.1.- Requisitos Xerais:

a) Ter nacionalidade española ou ter nacionalidade doutro Estado co alcance que se sinala no artigo 57 do E.B.E.P.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza.

c) Ter cumpridos dezaoito anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separadas mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no seu caso o persoal laboral, no que estiveran separadas ou inhabilitadas. No caso de seren nacionais doutro Estado, non atoparse inhabilitadas ou en situación equivalente nin ter sido sometidas a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

5.2.-Requisitos específicos:

De acordo co apartado c) do artigo 135 do RD Lexislativo 781/86, de 18 de abril; e co apartado e) do artigo 56 do E.B.E.P., será necesario estar en posesión ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes dalgún dos títulos académicos, para o acceso libre á praza convocada, que se sinalan:

-Graduado ou licenciado universitario na rama do coñecemento das ciencias sociais e xurídicas (Dereito, Ciencias Empresariais, etc.)

-Titulacións de licenciatura ou grao universitario que fosen admitidas nas ordes de convocatoria da Xunta de Galicia para o desempeño das funcións de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local.

-O coñecemento da lingua galega: os interesados deberán estar en posesión ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes, do CELGA 4 ou o equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa D.A. 2ª da Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (D.O.G.A. 146 de 30/07/2007), modificada pola Orde de 10 de febreiro de 2014 (D.O.G.A. 34 de 19/02/2014)

6. PUBLICACIÓN.

O extracto da convocatoria e das bases publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP), na Sede Electrónica da páxina web (www.xove.es) e no Boletín Oficial do Estado (B.O.E.), cuxa data de publicación abre o prazo de presentación de solicitudes.

7. SOLICITUDES.

Presentación. As persoas interesadas poderán participar no presente proceso selectivo mediante unha solicitude no modelo oficial que figura como anexo ás presentes Bases, estando tamén dispoñible na Sede Electrónica do Concello de Xove. A solicitude de participación cumprimentarase debidamente pola persoa aspirante, acreditando documentalmente os méritos que alegue conforme se establece na Base 8. Os erros de feito que se puideran advertir, poderán rectificarse, en calquera momento, de oficio ou a petición do interesado.

Prazo de presentación. Este será de **VINTE DÍAS NATURAIS** contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria e das bases no B.O.E.

Lugar de presentación:

A) De xeito presencial no Rexistro Xeral do Concello en horario de 9.00 a 14.00 horas en días laborables (Luns a Venres)

B) A través de medios telemáticos na Sede Electrónica do Concello de Xove

C) Por calquera das formas que determina o artigo 16.4 da L 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

8. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE.

a) a) Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos da nacionalidade da persoa aspirante: DNI, pasaporte, tarxeta de residencia, así como calquera outro documento acreditativo da nacionalidade co alcance do establecido no artigo 57 do E.B.E.P.

b) b) Acreditación do grao de discapacidade igual ou superior ao 33%. Esta acreditación presentarase no suposto de que a persoa aspirante solicite a adaptación de probas na solicitude de participación. Ante a petición efectuada o Tribunal resolverá a conveniencia ou non de admitir a adaptación, tendo en conta o sinalado na Orde 1822/2006, de 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade e a proba a realizar

c) Fotocopia compulsada da titulación académica esixida nos requisitos específicos ou, no seu defecto, certificación académica dos estudios realizados á que necesariamente se acompañará a acreditación do pagamento dos dereitos de expedición da correspondente titulación.

d) Certificado acreditativo de estar en posesión do Celga 4 ou o equivalente debidamente homologado, nos termos reflectidos na Base 5.2

Consecuencias de non acreditar os méritos.

A) Non acreditar os méritos tal e como se sinala a continuación, acreditalos de forma insuficiente, a xuízo do Tribunal, ou presentalos fóra do prazo de presentación de solicitudes, non será emendable, polo que non serán tidos en conta polo Tribunal.

Forma de acreditación de méritos:

Experiencia profesional no posto correspondente á praza convocada

Acreditarase mediante certificación expedida polo Técnico de Recursos Humanos do Concello de Xove no que se reflexe o tempo traballado como A.E.D.L. do Concello de Xove e, específicamente o feito de que dita relación "de carácter laboral ou funcionarial" iniciouse antes do 1 de xaneiro de 2005.

Experiencia profesional como Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, Axente de Desenvolvemento Local ou Axente de Emprego

B) Acreditarase mediante certificación expedida polo Técnico competente da Administración Pública na que se teñan prestado os servizos que exprese o posto ou o emprego desempeñado así como o tempo de desempeño en cada posto ou emprego, con indicación do réxime de vinculación xurídica en cada un dos supostos antes mencionados.

9. LISTAXE DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS.

Listaxe provisional. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución na que se aprobe a listaxe provisional das persoas admitidas e, se é o caso, excluídas. A dita resolución publicarase na Sede Electrónica do Concello.

Prazo de alegacións. O prazo para que as persoas excluídas poidan alegar o que consideren será de 4 días hábiles a contar dende a publicación da resolución que aprobe a lista provisional na Sede Electrónica. O dito prazo poderá ampliarse a 6 días no suposto que se observe a imposibilidade do aspirante de presentar os documentos necesarios para a súa inclusión na listaxe definitiva.

Listaxe definitiva. De considerar as alegacións presentadas, aprobarase a lista definitiva, que se publicará nos mesmos lugares que a provisional.

De non existir alegacións á listaxe provisional, ou se os seus fundamentos non foran suficientes para a súa consideración, entenderase definitiva sen necesidade de nova publicación.

Recursos contra a listaxe definitiva. Contra a resolución que aprobe a listaxe definitiva, as persoas interesadas poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da mesma na Sede Electrónica ou recurso contencioso-administrativo, diante do xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a contar dende a citada publicación, sen prexuízo de realizar calquera outro que estime pertinente.

C) O feito de figurar na relación de admitidos, non prexulga que se recoñeza ás persoas participantes a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando do contido dos documentos presentados se desprenda que non posúen algún dos requisitos decaerán de todos os seus dereitos no procedemento selectivo.

D) 10. TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

Composición. O Tribunal de selección acomodarase ao establecido nos artigos 60 e 61 do E.B.E.P. e estará integrado por, tendo todos eles voz e voto, incluído o Secretario do Tribunal:

Presidente/a: Dna. Elena Santos Rey, Interventora Municipal

Vogais: Dna.Yolanda Otero Eijo, Técnico Local de Emprego do Concello de Burela

Anuncio publicado en: Num BOP 74 año 2021 (03/04/2021 08:00:00)

Dna. Mónica Barcia Paredes, Axente de Desenvolvemento Local do Concello de Ribadeo

D. José Rodil Veiga, Técnico de Administración Xeral do Concello de Ribadeo

Secretario/a: Luis María Fernández del Olmo, Secretario Municipal

En casos debidamente xustificados os citados membros poderán ser substituídos por suplentes os cales, ao igual que os titulares, exercerán as súas funcións como membros do Tribunal a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

